CONCELLO DE TEO

ACTA 1/26

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 5 DE XANEIRO DE 2026 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas e cinco minutos do día 5 de xaneiro de 2026 reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que de seguido se relacionan, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.ª Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

Presidenta :

D.ª Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:

D. Rogelio Lema Mougán

D.ª María Margarita Rosende Domínguez

D.ª María Vázquez Rey

D. Ángel Barreiro Rodríguez

Non asiste, previa escusa: D. José Manuel Guerra Calvelo

Secretaria acctal: D.ª Mª. Elena Sueiro Fernández

ORDE DO DÍA:

1.- **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 15/12/2025**
2.- **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3.- **TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO. LICENZA 14/2025 - 2023/U022/000023**
4.- **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
5.- **ROGOS E PREGUNTAS.**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, a sra. alcaldesa declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 15/12/2025

A sra. alcaldesa pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 15 de decembro de 2025.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-CORRECCIÓN ERRO.

2.1. Visto que na licenza urbanística núm. 28/2025 -2024/U022/000025, concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16 de xuño de 2025, a IRIA GOLÁN ESTALOTE e CRISTOBAL MARTÍNEZ EIRIS, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en As Cruces, 9, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503010540000SP, existe un erro en canto á dirección da obra.

Considerando o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Rectificar o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xuño de 2025, de xeito que ***onde pon***: "As Cruces, 9, parroquia de Cacheiras", ***debe poñer***: "Constenla, 16, parroquia de Cacheiras".

Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

B) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRÓRROGA

2.2. Escrito presentado por José Carlos Taibo Rivera, en representación de Iria Golán Estalote, en data 15 de decembro de 2025, con rexistro de entrada no Concello núm. 202599900004445, no que solicita prórroga para inicio de obra, da licenza urbanística con expediente núm. 28/2025 -2024/U022/000025, que fora concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 16 de xuño de 2025, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Constenla, 16, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503010540000SP.

Visto o informe favorable emitido pola arquitecta técnica municipal en data 18 de decembro de 2025 e demais documentos que obran no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Conceder a **IRIA GOLÁN ESTALOTE, expte. 2025/U003/000008**, a prórroga solicitada para inicio de obra, por un novo prazo non superior a seis meses, en base ao artigo 31 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Teo e o artigo 145 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

C) DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DE LICENZA URBANÍSTICA
2.3. LICENZA 41/1991 - -JOSÉ MANUEL CREGO CARRILLO
Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 17 de decembro de 2025, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente 41/1991 de concesión de licenza urbanística para construción dunha vivenda unifamiliar, en Bustelo, 34, parroquia de Luou, referencia catastral nº 15083A501004240000KO e resultando do mesmo que a licenza foi concedida a José Manuel Crego Carrillo, pola Comisión de Goberno en sesión de data 7 de xaneiro de 1991, notificándose á persoa interesada o acordo de concesión o 17 de xaneiro de 1991.

Considerando que de acordo co artigo 31 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Teo, o artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o artigo 359 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a caducidade será declarada pola administración logo do procedemento coa audiencia ao interesado.

Visto que segundo o informe da arquitecta técnica municipal, de data de 20 de outubro de 2025, as obras atópanse en construción sen rematar.

Considerando que na expresada licenza de edificación fixáronse, de acordo coa normativa aplicable, os prazos de iniciación e finalización das obras, nos termos seguintes: un ano para comezar, e tres anos para rematar; sendo seis meses o prazo máximo de interrupción.

Considerando que se produciu un incumprimento no prazo de finalización das obras, sen que ao promotor lle fora concedida prórroga do mesmo, e sen que conste a existencia de causa non imputable ao interesado que xustifique o citado incumprimento.

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía de data 23 de outubro de 2025 (Res 1282/2025), iniciouse expediente declarativo da extinción do dereito a edificar, con caducidade da licenza para

obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Bustelo, 34, parroquia de Luou, referencia catastral nº 15083A501004240000KO, do expediente 41/1991, por incumprimento dos prazos establecidos na mesma e concedendo un prazo de vista do expediente e audiencia de dez días de acordo co disposto o art. 82 da Lei 39/2015.

Considerando que durante o trámite de audiencia, non se presenta escrito de alegacións algún, se ben en data 19 de novembro de 2025 (rex. entrada nº 202500000005276), José Manuel Crego Carrillo, presenta escrito de alegacións, fora de prazo.

Visto que segundo informe da arquitecta técnica municipal, de data de 21 de novembro de 2025, as alegacións presentadas o 19 de novembro de 2025 (rex. entrada nº 202500000005276), deben considerarse extemporáneas, non procedendo a súa análise material.

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía de data 4 de decembro de 2025 (Res 1559/2025), resolveuse desestimar, por extemporáneas, as alegacións presentadas por José Manuel Crego Carrillo o 11 de novembro de 2025 (rex. entrada nº 202599900003994), ao ser formuladas fóra do prazo legalmente concedido.

Considerando que, de acordo coa normativa vixente, os titulares dos terreos teñen que cumprir, entre outros, os deberes de edificar os solares nos prazos fixados na preceptiva licenza de edificación.

Considerando que unha vez caducada a licenza, as obras non se poderán iniciar nin proseguir se non se solicita e obtén nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

*Vistos os preceptos indicados e demais normativa aplicable**,** proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro.-** Declarar a caducidade da licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Bustelo, 34, parroquia de Luou, referencia catastral nº 15083A501004240000KO, do expediente 41/1991, do que é promotor José Manuel Crego Carrillo, concedida pola Comisión de Goberno, en sesión de data de 7 de xaneiro de 1991, por incumprimento do prazo de finalización.*

***Segundo**.- Notificar a presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Declarar a caducidade da licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Bustelo, 34, parroquia de Luou, referencia catastral nº 15083A501004240000KO, do expediente 41/1991, do que é promotor José Manuel Crego Carrillo, concedida pola Comisión de Goberno, en sesión de data de 7 de xaneiro de 1991, por incumprimento do prazo de finalización.

<u>Segundo</u>.- Notificar a presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

2.4. LICENZA 164/2005 -SERGIO BELLO BAO

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 18 de decembro de 2025, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente 164/2005 de concesión de licenza urbanística para construción dunha vivenda unifamiliar, en Rúa de Francos, 17, parroquia de Calo, referencia catastral nº 15083C508025640000YS e resultando do mesmo que a licenza foi concedida a Dolores del Carmen Pazos Villar, pola Xunta de Goberno Local en sesión do 7 de xuño de 2005, notificándose á persoa interesada o acordo de concesión o 24 de agosto de 2005.

Visto que segundo certificación catastral, a titularidade da edificación correspóndelle a Sergio Bello Bao.

Considerando que de acordo co artigo 31 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Teo, o artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o artigo 359 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a caducidade será declarada pola administración logo do procedemento coa audiencia ao interesado.

Visto que segundo o informe da arquitecta técnica municipal, de data de 9 de outubro de 2025, as obras atópanse en construción sen rematar.

Considerando que na expresada licenza de edificación fixáronse, de acordo coa normativa aplicable, os prazos de iniciación e finalización das obras, nos termos seguintes: un ano para comezar, e tres anos para rematar; sendo seis meses o prazo máximo de interrupción.

Considerando que se produciu un incumprimento no prazo de finalización das obras, pese á prórroga concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 21 de xullo de 2008, e sen que conste a existencia de causa non imputable á persoa interesada que xustifique o citado incumprimento.

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía de data 9 de outubro de 2025 (Res 1216/2025), iniciouse expediente declarativo da extinción do dereito a edificar, con caducidade da licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Rúa de Francos, 17, parroquia de Calo, referencia catastral nº 15083C508025640000YS, do expediente 164/2005, por incumprimento dos prazos establecidos na mesma e concedendo un prazo de vista do expediente e audiencia de dez días de acordo co disposto o art. 82 da Lei 39/2015.

Considerando que durante o trámite de audiencia, non se presenta escrito de alegacións algún, se ben en data 31 de outubro de 2025, rex. entrada nº 202599900003831, Fernando Vicente Mosteiro, en representación de Sergio Bello Bao, presenta escrito de alegacións, segundo o informe emitido

polo administrativo xefe do negociado de servizos xerais do Concello, de data 5 de novembro de 2025.

Visto o informe emitido pola arquitecta técnica municipal, en data de 5 de novembro de 2025, en base ao escrito de alegacións presentado 31 de outubro de 2025, rex. entrada nº 202599900003831, que consta no expediente.

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía de data 14 de novembro de 2025 (Res 1447/2025), resolveuse desestimar unha parte das alegacións e estimar outra, segundo informe da arquitecta técnica municipal, en data de 5 de novembro de 2025, concedéndolle un prazo máximo dun ano (12 meses) para finalización efectiva das obras.

Visto que en data 2 de decembro de 2025, rex. entrada nº 202599900004259, o interesado presenta escrito no que manifesta a renuncia expresa a continuar coas obras obxecto da licenza 164/2005.

Considerando que, de acordo coa normativa vixente, os titulares dos terreos teñen que cumprir, entre outros, os deberes de edificar os solares nos prazos fixados na preceptiva licenza de edificación.

Considerando que unha vez caducada a licenza, as obras non se poderán iniciar nin proseguir se non se solicita e obtén nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

*Vistos os preceptos indicados e demais normativa aplicable**,** proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro.-** Declarar a caducidade da licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Rúa de Francos, 17, parroquia de Calo, referencia catastral nº 15083C508025640000YS, do expediente 164/2005, do que é promotor Sergio Bello Bao, concedida pola Xunta de Goberno Local o 7 de xuño de 2005, por incumprimento do prazo de finalización.*

***Segundo**.- Notificar a presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Declarar a caducidade da licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Rúa de Francos, 17, parroquia de Calo, referencia catastral nº 15083C508025640000YS, do expediente 164/2005, do que é promotor Sergio Bello Bao, concedida pola Xunta de Goberno Local o 7 de xuño de 2005, por incumprimento do prazo de finalización.

Segundo.- Notificar a presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO. LICENZA 14/2025 – 2023/U022/000023

Escrito presentado por Alejandro Maneiro Nogueira, en data 22 de decembro de 2025, con rexistro de entrada no Concello núm. 202599900004502, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 17 de novembro de 2025.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de abril de 2025, a Alejandro Maneiro Nogueira**,** para obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada, en Lamas, 1-E, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B5030231900000SR, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondente coa parcela segregada núm. 1.227-5, que figuraba na escritura de partición de herdanza de D. Ramón Valiño e Dª. Aurora Bascoy, de data vinte de xuño de 2012, da notaria Carmen Alicia Calaza López, na que se recolle a cesión, páxinas AW1150168 a AW1150167.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 40,00 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

-Parcela MIL DOUSCENTOS VINTESETE CINCO-A do plano de concentración parcelaria de Cacheiras-Recesende, dunha superficie de corenta metros cadrados. Data: 20 de novembro de 2025. Finca: 31601. Código Rexistral Único: 15013000987327.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura de partición de herdanza de D. Ramón Valiño e Dª. Aurora Bascoy, de data vinte de xuño de 2012, da notaria Carmen Alicia Calaza López, na que se recolle a cesión, páxinas AW1150168 a AW1150167, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de abril de 2025, expte. 14/2025 -2023/U022/000025.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de abril de 2025, a Alejandro Maneiro Nogueira**,** para obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada, en Lamas, 1-E, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B5030231900000SR, segundo proxecto redactado polo arquitecto Carlos Landeira Caamaño, expte. 14/2025 -2023/U022/000025.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

4.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A secretaria acctal

Mª Elena Sueiro Fernández

Firmado por MARÍA ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ - ***9467** el día 15/01/2026 con un

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz

LUCIA CALVO DE LA UZ - 44427203N

Firmado digitalmente por LUCIA CALVO DE LA UZ - 44427203N
Fecha: 2026.01.15 12:28:08 +01'00'

CONCELLO DE TEO

ACTA 2/26

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 19 DE XANEIRO DE 2026 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas do día 19 de xaneiro de 2026 reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que de seguido se relacionan, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.ª Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

Presidenta :

D.ª Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:

D. Rogelio Lema Mougán

D.ª María Margarita Rosende Domínguez

D.ª María Vázquez Rey

D. Ángel Barreiro Rodríguez

Non asiste, previa escusa: D. José Manuel Guerra Calvelo

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 05/01/2026**
2. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3. **ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO. LICENZA 19/2021 - 2019/U022/000012**

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/02/2026 10:29:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/02/2026 11:15:00)
Versión imprimible
CVD: FurVn/vREdG2JP1JLfwP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO LICENZA 29/2025 - 2025/U022/000004

5.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, a sra. alcaldesa declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 05/01/2026

A sra. alcaldesa pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 5 de xaneiro de 2026.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A PAULA OTERO VÁZQUEZ, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Regoufe, 10-B, parroquia de Luou, R.C.: 15083A501101260000KR, segundo proxecto redactado polo arquitecto Carlos Landeira Caamaño.
Expediente núm: **1/2026 -2024/U022/000019**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/02/2026 10:29:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/02/2026 11:15:00)
Versión imprimible
CVD: FurVn/vREdG2JP1JLfwP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Carlos Landeira Caamaño, visado no colexio oficial de arquitectos en data 17.03.2025.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado pola persoa interesada, dunha superficie de 49,00 m^2
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do reformulo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/02/2026 10:29:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/02/2026 11:15:00)
Versión imprimible
CVD: FurVn/vREdG2JP1JLfwP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello, presentando a obrigatoria comunicación previa de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: ORDENANZA N-2, Núcleo rural expansión
-Usos: Vivenda unifamiliar
-Arquitecto/a director/a das obras: Carlos Landeira Caamaño
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Brígida García Couto
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Brígida García Couto
-Condicións da parcela:
Superficie mínima parcela neta: 1.057,71 m^2
Fronte mínima: 19,32 m.
-Volumetría:
Edificabilidade: 0,18 m^2/ m^2
Altura máxima: B, 3,08 m.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/02/2026 10:29:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/02/2026 11:15:00)
Versión imprimible
CVD: FurVn/vREdG2JP1JLfwP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

-Posición da edificación:
Ocupación máxima: 18,47 %
Recuamento á aliñación: 3,75 m.
Recuamento a lindeiros: 3,00 m.
-Outras condicións:
Tipo de cuberta: De tella
Pendente máxima de cuberta: 10º
Altura do cumio: 1,83 m.
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 1 praza/viv.
-Presuposto: 254.377,38 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 5.087,55 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 124,11 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 5.331,66 euros.

MODIFICACIÓN DE LICENZA DE EDIFICACIÓN EXPEDIENTE 19/2025 -2024/U022/000011

2.2. A CARLOS GÓMEZ BOTANA, para modificado, en canto á situación da edificación, segundo plano de emprazamento presentado, de proxecto de construción dun alpendre para apeiros de labranza, en A Silva, 15, parroquia de Lampai, R.C.: 15083B504002150000SG, segundo proxecto redactado pola arquitecta técnica Brígida García Couto, expediente 19/2025 -2024/U022/000011.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- - A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado pola arquitecta técnica Brígida García Couto, visado no colexio correspondente en data 02.04.2024.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do reformulo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/02/2026 10:29:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/02/2026 11:15:00)
Versión imprimible
CVD: FurVn/vREdG2JP1JLfwP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran na escritura de data un de outubro de dos mil vinte catro, dunha superficie de 217,00 m^2.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello, presentando a obrigatoria comunicación previa de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/02/2026 10:29:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/02/2026 11:15:00)
Versión imprimible
CVD: FurVn/vREdG2JP1JLfwP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: ORDENANZA N-2, Núcleo rural expansión
-Usos: Alpendre
-Arquitecto técnico director da obra: Brígida García Couto
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Brígida García Couto
-Condicións da parcela:
Superficie mínima parcela neta: 1.635,00 m^2
Fronte mínima: 32,80 m.
-Volumetría:
Edificabilidade: 0,05 m^2/ m^2
Altura máxima: B, 3,90 m.
-Posición da edificación:
Ocupación máxima: 5,13 %
Recuamento á aliñación: Aliñación oficial
Recuamento a lindeiros: >3,00 m.
-Outras condicións:
Tipo de cuberta: Tella
Pendente máxima de cuberta: 8,55º
Altura do cumio: 1,20 m.
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: Non é necesario
-Presuposto: 49.980,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 999,60 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 1.179,60 euros.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/02/2026 10:29:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/02/2026 11:15:00)
Versión imprimible
CVD: FurVn/vREdG2JP1JLfwP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

2.3. <u>DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE SEGREGACIÓN DUNHA PARCELA: MARÍA DEL CARMEN MATA CONDE</u>
Escrito presentado por Juan Carlos Vilariño Santos, en representación de María del Carmen Mata Conde, en data 24 de decembro de 2025, con rexistro de entrada no Concello núm. 202599900004523, no que solicita declaración de innecesariedade de licenza municipal de segregación dunha parcela con R.C.: 15083N512006690001PZ.
Expediente núm: **2/2026 -2025/U018/000012**

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 7 de xaneiro de 2026, incorporado ao expediente.

Visto o disposto nos artigos 150.6 b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 368.6 b) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

<u>Primeiro</u>.- Declarar a innecesariedade de licenza municipal de segregación da parcela con referencia catastral núm. 15083N512006690001PZ, situada en A Igrexa, 8, parroquia de Reis, solicitada por MARÍA DEL CARMEN MATA CONDE (**I-1/2026**), en base ao informe do arquitecto municipal do 7 de xaneiro de 2026, incorporado ao expediente.

<u>Segundo</u>.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-RENUNCIA A LICENZA URBANÍSTICA
2.4. Visto o escrito presentado por Paula Lubián Fernández, en data 30 de decembro de 2025, con rexistro de entrada no Concello núm. 202590000004566, en virtude do cal renuncia de maneira expresa e definitiva á licenza urbanística núm. 20/2025 -2024/U022/000017.

Vista a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de maio de 2025, a PAULA LUBIÁN FERNÁNDEZ**,** para construción dunha vivenda unifamiliar, en Casaldomiro, 37, parroquia de Recesende, R.C.: 15083B503055390000SG, segundo proxecto redactado polo arquitecto Jorge Duarte Vázquez.

Visto que segundo informe da arquitecta técnica municipal de data 12 de xaneiro de 2026, a obra está sen iniciar.

Considerando o disposto no artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/02/2026 10:29:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/02/2026 11:15:00)
Versión imprimible
CVD: FurVn/vREdG2JP1JLfwP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia de PAULA LUBIÁN FERNÁNDEZ, á licenza urbanística núm. 20/2025 -2024/U022/000017, concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de maio de 2025, para construción dunha vivenda unifamiliar, en Casaldomiro, 37, parroquia de Recesende, R.C.: 15083B503055390000SG, segundo proxecto redactado polo arquitecto Jorge Duarte Vázquez, procedéndose ao arquivo do expediente citado sen máis trámite.

Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO.

LICENZA 19/2021 -2019/U022/000012 (Cesión 1/2026)

Escrito presentado por Juan Carlos Vilariño Santos, en representación de Jesusa Mazas Mosquera, en data 29 de decembro de 2025, con rexistro de entrada no Concello núm. 202599900004549, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 19/2021 -2019/U022/000012, xuntando escritura pública de data oito de xullo de 2025, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de maio de 2021, a Alberto Martín Vieites Jorge**,** para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Feros, 13, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503004580000SA, segundo proxecto redactado polo arquitecto César García Piñeiro, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 55,00 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data oito de xullo de 2025, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, dunha superficie de 55,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 19/2021 -2019/U022/000012.

Segundo.- Deberá procederse pola persoa interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no Concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de maio de 2021 (Lic. 19/2021 -2019/U022/000012).

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/02/2026 10:29:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/02/2026 11:15:00)
Versión imprimible
CVD: FurVn/vREdG2JP1JLfwP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

LICENZA 45/2024 -2022/U022/000009 (Cesión 2/2026)

Escrito presentado por Martín Sayáns Otero, en data 9 de xaneiro de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202600000000061, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 45/2024 -2022/U022/000009, xuntando escritura pública de data vinte seis de xullo de 2025, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 4 de novembro de 2024, a Martín Sayáns Otero e Susana Barcia César**,** para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Rúa Ledín, 70, parroquia de Calo, R.C.: 15083A514015680000LB, segundo proxecto redactado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 83,00 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data vinte seis de xullo de 2025, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, dunha superficie de 83,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 45/2024 -2022/U022/000009.

Segundo.- Deberá procederse pola persoa interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no Concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 4 de novembro 2024 (Lic. 45/2024 -2022/U022/000009).

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO LICENZA 29/2025 -2025/U022/000004

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/02/2026 10:29:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/02/2026 11:15:00)
Versión imprimible
CVD: FurVn/vREdG2JP1JLfwP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Escrito presentado por Brais Rodríguez Bouzas, en data 15 de xaneiro de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202699900000155, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de novembro de 2025.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16 de xuño de 2025, a Brais Rodríguez Bouzas e a Macarena Veloso Fernández**,** para obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar, en Cesar, 61, parroquia de Calo, R.C.: 15083A514021950000KO - 001403400NH34A0001TX, segundo proxecto redactado pola arquitecta Cristina Mourelle Vázquez, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 5,42 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

-Porción de terreo en Cesar, 61, parroquia de Calo, dunha superficie de cinco con corenta e dous metros cadrados. Data: 8 de xaneiro de 2026. Finca: 38290. Código Rexistral Único: 15013001151802.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data trece de outubro de 2025, do notario Francisco López Moledo, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16 de xuño de 2025, expte. 29/2025 -2025/U022/000004.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16 de xuño de 2025, a Brais Rodríguez Bouzas e a Macarena Veloso Fernández**,** para obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar, en Cesar, 61, parroquia de Calo, R.C.: 15083A514021950000KO - 001403400NH34A0001TX, segundo proxecto redactado pola arquitecta Cristina Mourelle Vázquez, expte. 29/2025 -2025/U022/000004.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/02/2026 10:29:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/02/2026 11:15:00)
Versión imprimible
CVD: FurVn/vREdG2JP1JLfwP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

5.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A secretaria xeral	A alcaldesa
Virginia Fraga Díaz	Lucía Calvo de la Uz

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/02/2026 10:29:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/02/2026 11:15:00)
Versión imprimible
CVD: FurVn/vREdG2JP1JLfwP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO

ACTA 3/26

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 2 DE FEBREIRO DE 2026 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas do día 2 de febreiro de 2026, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que de seguido se relacionan, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.ª Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

Presidenta :

D.ª Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:

D. Rogelio Lema Mougán

D.ª María Margarita Rosende Domínguez

D.ª María Vázquez Rey

D. Ángel Barreiro Rodríguez

Non asiste, previa escusa: D. José Manuel Guerra Calvelo

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- **LICENZAS URBANÍSTICAS**
2.- **TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO.**
3.- **AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**
4.- **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
5.- **ROGOS E PREGUNTAS.**

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 09/02/2026 10:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 09/02/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: mvnoHAeJGFFlEmrGyzC3 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, a sra. alcaldesa declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

1.1. A DARIO SUÁREZ JORGE, licenza para agregación-segregación (tres resultantes) das parcelas incluídas nas referencias catastrais núms. Rs.Cs.: 15083B508316530000SZ e 15083B508216530000SO, situadas en Riotinto, 4, parroquia de Calo, segundo proxecto redactado polo técnico Yago Leis Chao.
Expediente núm: **3/2026 -2025/U018/000011**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo coa documentación presentada o 2 de decembro de 2025 (rex. entrada núm. 202599900004277) redactada polo técnico Yago Leis Chao.
-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

	PXOM	Parcela 1	Parcela 2	Parcela 3
Ordenanza de aplicación	U3	U3	U3	U3
Superficie mínima	600 m^2	615 m^2	614 m^2	700 m^2
Fronte mínima	14 m	14,13 m	14,13 m	14,13 m

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 180,00 €.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 09/02/2026 10:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 09/02/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: mvnoHAeJGFFlEmrGyzC3 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

1.2. A MIGUEL ÁNGEL CAMINO BOUZÓN, licenza para segregación (catro resultantes) da parcela con referencia catastral núm. 15083A506005710000KI, situada en Agromaior, 39, parroquia de Teo, segundo proxecto redactado polo técnico Marcos García Vázquez.
Expediente núm: **4/2026 -2025/U018/000009**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo coa documentación presentada o 17 de outubro de 2025 (rex. entrada núm. 202599900003628) redactada polo técnico Marcos García Vázquez.
-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

	PXOM	Parcela 1	Parcela 2	Parcela 3	Cesión	Parcela 4
Ordenanza de aplicación	N2	N2	N2	N2	N2	R2
Superficie mínima	600 m^2	626 m^2	648 m^2	637 m^2	320 m^2	2.127 m^2
Fronte mínima	14,00 m	21,00 m	21,00 m	20,35 m		

-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 320,00 metros cadrados, asinado polo promotor.

- **A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.**

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 240,00 €

1.3. <u>DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE SEGREGACIÓN DUNHA PARCELA: RAMIRO FIAÑO TABOADA</u>
Visto o expediente de doazón de parte dunha finca situada en Folgueiras, parroquia de Calo, Parcela 1908 do polígono 514, R.C.: 15083A514019080001LE, propiedade de D. Ramiro Fiaño Taboada (expediente 2025/C009/000001).

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 09/02/2026 10:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 09/02/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: mvnoHAeJGFFlEmrGyzC3 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Considerando a necesidade de que, con carácter previo á aceptación da doazón pretendida, quede debidamente delimitada e individualizada a parte da finca que será obxecto da mesma e que se concreta nunha franxa de terreo paralela ao vial municipal que da fronte á parcela, ata unha profundidade de 10 metros dende o eixe da pista, e cunha superficie de 130 m^2.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal, do 27 de xaneiro de 2026, incorporado ao expediente, sobre a declaración de innecesariedade de licenza municipal de segregación coa finalidade de separar da parcela de orixe a parte destinada a sistema xeral viario polo PXOM de Teo, concretamente 130 metros cadrados, nunha liña paralela ao viario ao que dá fronte de 10 metros desde o centro da pista, de acordo co artigo 150. 6 b) da LSG.

Visto o disposto nos artigos 150.6 b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 368.6 b) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Declarar a innecesariedade de licenza municipal de segregación de parte da parcela 1908 do polígono 514, R.C.: 15083A514019080001LE, que se concreta nunha franxa de terreo paralela ao vial municipal que que da fronte á parcela, ata unha profundidade de 10 metros dende o eixe da pista, e cunha superficie de 130 m^2 **(I-2/2026),** en base ao informe do arquitecto municipal do 27 de xaneiro de 2026, incorporado ao expediente.

Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO.

LICENZA 48/2024 -2024/U018/000010 (Cesión 12/2025)

Escrito presentado por José Fandiño Pazos, en data 16 de xaneiro de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202600000000154, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 20 de outubro de 2025.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16 de decembro de 2024, a María Isabel Viqueira García e a Juan José Fandiño Pazos**,** para agregación-segregación (dúas resultantes) das fincas situadas en Solláns, 81, parroquia de Calo, Rs.Cs.: 15083A51402474 - 15083A51402473, segundo proxecto redactado polos técnicos Manuel Cid Rodríguez e Javier Rivadulla Montaña, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 181,00 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 09/02/2026 10:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 09/02/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: mvnoHAeJGFFlEmrGyzC3 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

-Parcela procedente da finca número dous mil catrocentos setenta e tres e dous mil catrocentos setenta e catro do plano xeral da concentración parcelaria de San Xoán de Calo, dunha superficie de cento oitenta e un metros cadrados. Data: 22 de decembro de 2025. Finca: 38272. Código Rexistral Único: 15013001150379.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data vinte un de abril de 2025, do notario Francisco López Moledo, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16 de decembro de 2024, expte. 48/2024 -2024/U018/000010.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16 de decembro de 2024, a Juan José Fandiño Pazos**,** para agregación-segregación (dúas resultantes) das fincas situadas en Solláns, 81, parroquia de Calo, Rs.Cs.: 15083A51402474 - 15083A51402473, segundo proxecto redactado polos técnicos Manuel Cid Rodríguez e Javier Rivadulla Montaña, expte. 48/2024 -2024/U018/000010.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

LICENZA 27/2025 -2025/U022/000015 (Cesión 7/2025)

Escrito presentado por Yolanda Tejo Blanco, en data 22 de xaneiro de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202600000000258, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de xullo de 2025.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 2 de xuño de 2025, a Yolanda Tejo Blanco**,** para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Lucí, 34, parroquia de Lucí, R.C.: 15083A145013050001YY, segundo proxecto redactado pola arquitecta Elena Santiago Nores, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 62,53 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 09/02/2026 10:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 09/02/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: mvnoHAeJGFFlEmrGyzC3 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

-Porción de terreo, en Lucí, parroquia de Lucí, dunha superficie de sesenta e dous con cincuenta e tres metros cadrados. Data: 6 de outubro de 2025. Finca: 38274. Código Rexistral Único: 15013001150478.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data vinte tres de xuño de 2025, do notario Calos Sebastián Lapido Alonso, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 2 de xuño de 2025, expte. 27/2025 -2025/U022/000015.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 2 de xuño de 2025, a Yolanda Tejo Blanco**,** para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Lucí, 34, parroquia de Lucí, R.C.: 15083A145013050001YY, segundo proxecto redactado pola arquitecta Elena Santiago Nores, expte. 27/2025 -2025/U022/000015.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.- AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO

PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A JOSÉ MANUEL GUERRA CALVELO (rex. entrada nº 202600000000260 do 22/01/2026).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 23 de xaneiro de 2026, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por José Manuel Guerra Calvelo, de 22 de xaneiro de 2026 (rex. entrada nº 202600000000260), para que se lle outorgue autorización de ocupación do dominio público unha canalización soterrada de auga potable de carácter privativo para rego, a instalar pola cuneta en 150 m., en Lamas, Bamonde, Ref. 15083C50500195000YQ.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 09/02/2026 10:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 09/02/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: mvnoHAeJGFFlEmrGyzC3 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), diferenciándose, no artigo 75, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente, 300,00 euros (mediante transferencia da entidade Abanca en data 22/01/2026), aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a José Manuel Guerra Calvelo, licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000004, para unha canalización soterrada de auga potable de carácter privativo para rego, a instalar pola cuneta en 150 m., en Lamas, Bamonde, Ref. 15083C50500195000YQ, de acordo co solicitado o 22 de xaneiro de 2026 (rex. entrada nº 202600000000260).*

Segundo.- *Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a José Manuel Guerra Calvelo, licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000004, para unha canalización soterrada de auga potable de carácter privativo para rego, a instalar pola cuneta en 150 m., en Lamas, Bamonde, Ref. 15083C50500195000YQ, de acordo co solicitado o 22 de xaneiro de 2026 (rex. entrada nº 202600000000260).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

4.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 09/02/2026 10:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 09/02/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: mvnoHAeJGFFlEmrGyzC3 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A secretaria xeral	A alcaldesa
Virginia Fraga Díaz	Lucía Calvo de la Uz

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 09/02/2026 10:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 09/02/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: mvnoHAeJGFFlEmrGyzC3 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO

ACTA 4/25

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 16 DE FEBREIRO DE 2026 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas e sete minutos do día 16 de febreiro de 2026, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que de seguido se relacionan, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.ª Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

Presidenta :

D.ª Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:

D. Rogelio Lema Mougán

D.ª María Margarita Rosende Domínguez

D.ª María Vázquez Rey

D. Ángel Barreiro Rodríguez

Non asiste, previa escusa: D. José Manuel Guerra Calvelo

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 19/01/2026 E DA SESIÓN ORDINARIA DO 02/02/2026**
2.- **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3.- **ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO**
4.- **AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**
5.- **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
6.- **ROGOS E PREGUNTAS.**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, a sra. alcaldesa declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 24/02/2026 12:31:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 24/02/2026 13:36:00)
Versión imprimible
CVD: 4E6eD/CNiAuy5TmDnd0X Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 19/01/2026 E DA SESIÓN ORDINARIA DO 02/02/2026

Acta da sesión ordinaria do 19 de xaneiro de 2026

A sra. alcaldesa pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 19 de xaneiro de 2026.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria do 2 de febreiro de 2026

A sra. alcaldesa pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 2 de febreiro de 2026

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A MARÍA INMACULADA GÓMEZ BUELA, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Pite, 12, parroquia de Lucí, R.C.: 15083J502122100001AO, segundo proxecto redactado pola arquitecta Nuria Prieto González.

Expediente núm: **7/2026 -2024/U022/000032**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e as súas modificacións, en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado pola arquitecta Nuria Prieto González, sen visado colexial.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 24/02/2026 12:31:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 24/02/2026 13:36:00)
Versión imprimible
CVD: 4E6eD/CNiAuy5TmDnd0X Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado pola persoa interesada, dunha superficie de 66,16 m^2.

-Antes do inicio das obras deberá presentar comunicación previa, conforme ao modelo normalizado aprobado polo Concello de Teo (Resolución da Alcaldía de data 16 de xuño de 2023, expte. 2023/G003/000792), xuntando proxecto de execución.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do reformulo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 24/02/2026 12:31:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 24/02/2026 13:36:00)
Versión imprimible
CVD: 4E6eD/CNiAuy5TmDnd0X Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello, presentando a obrigatoria comunicación previa de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 24/02/2026 12:31:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 24/02/2026 13:36:00)
Versión imprimible
CVD: 4E6eD/CNiAuy5TmDnd0X Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

-Clasificación do solo: ORDENANZA N-2, Núcleo rural expansión
-Usos: Vivenda unifamiliar
-Arquitecto/a director/a das obras: Nuría Prieto González
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Juan Pablo Feal Miragaya
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Juan Pablo Feal Miragaya
-Condicións da parcela:
Superficie mínima parcela neta: 1.836,00 m^2
Fronte mínima: 35.21 m.
-Volumetría:
Edificabilidade: 0,16 m^2/ m^2
Altura máxima: B+1, 7,00 m.
-Posición da edificación:
Ocupación máxima: 17,59 %
Recuamento á aliñación: 6,55 m.
Recuamento a lindeiros: 3,05 m.
-Outras condicións:
Tipo de cuberta: De tella
Pendente máxima de cuberta: 16,00º
Altura do cumio: 2,37 m.
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 2 praza/viv.
-Presuposto: 378.586,01 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 7.571,72 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 206,09 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 7.897,81 euros.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRÓRROGA

2.2. Escrito presentado por Manuel Cascallar Autrán, en data 27 de xaneiro de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202600000000317, no que solicita prórroga para inicio de obra, da licenza urbanística con expediente núm. 13/2025 -2024/U022/000035, que fora concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 7 de abril de 2025, para obras de construción dunha

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 24/02/2026 12:31:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 24/02/2026 13:36:00)
Versión imprimible
CVD: 4E6eD/CNiAuy5TmDnd0X Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

vivenda unifamiliar, en Vilares de rúa de Francos, 81, parroquia de Calo, R.C.: 15083C508025680001UE.

Visto o informe favorable emitido polo arquitecto técnico municipal en data 3 de febreiro de 2026 e demais documentos que obran no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Conceder a **MANUEL CASCALLAR AUTRÁN, expte. 2026/U003/000001**, a prórroga solicitada para inicio de obra, por un novo prazo non superior a seis meses, en base ao artigo 31 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Teo e o artigo 145 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

2.3. Escrito presentado por Margarita Iglesias Valiño, en data 3 de febreiro de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202699900000383, no que solicita prórroga para remate de obra, da licenza urbanística con expediente núm. 9/2023 -2021/U022/000045, que fora concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 6 de marzo de 2023, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Buela, 3-B, parroquia de Raris, R.C.: 15083B510204760000SL.

Visto o informe favorable emitido pola arquitecta técnica municipal en data 5 de febreiro de 2026 e demais documentos que obran no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Conceder a **MARGARITA IGLESIAS VALIÑO, expte. 2026/U003/000002**, a prórroga solicitada para remate de obra, por un novo prazo non superior a tres anos, en base ao artigo 31 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Teo e o artigo 145 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 24/02/2026 12:31:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 24/02/2026 13:36:00)
Versión imprimible
CVD: 4E6eD/CNiAuy5TmDnd0X Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

B) LICENZAS URBANÍSTICAS-CAMBIO DE TITULARIDADE, TOMA DE COÑECEMENTO

2.4. Dada conta do escrito presentado por Manuel Porto López, en data 26 de xaneiro de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202600000000303, xuntando escritura de compravenda, de data 18 de setembro de 2024, no que comunica, como novo titular, o cambio de titularidade da licenza urbanística 4/2023 -2022/U022/000047, que lle fora concedida a Ángel Cotelo Ramos e María Estrella Carbia Villaverde, pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 6 de febreiro de 2023, para construción dunha vivenda unifamiliar, en Chaves, 44, parroquia de Lucí, pasando ao seu nome.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza urbanística 4/2023 -2022/U022/000047, pasando a nome de **MANUEL PORTO LÓPEZ**, debendo suxeitarse ás mesmas condicións baixo as que foi concedida a primitiva licenza.

O cambio de titularidade da licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Segundo.- Notificar este acordo ás persoas interesadas para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO

3.1. LICENZA 36/2018 -2018/U018/000009 (Cesión 3/2026)

Escrito presentado por María Luisa Parajó Buján, en data 27 de xaneiro de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202600000000316, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 36/2018 -2018/U018/000009, xuntando escritura pública de data vinte seis de novembro de 2018, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de decembro de 2018, a María Luisa Parajó Buján, para agrupación - segregación (tres parcelas) das fincas núms. 2.038 e 423 da concentración parcelaría de San Xoán de Calo, R.C.: 15083C508020380000YM e 15083A514004230000KS, segundo proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico Enrique Perol Rama, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 24/02/2026 12:31:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 24/02/2026 13:36:00)
Versión imprimible
CVD: 4E6eD/CNiAuy5TmDnd0X Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A cesión correspondente concrétase nunha superficie total de 1.411,00 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data vinte seis de novembro de 2018, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, dunha superficie de 1.411,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 36/2018 -2018/U018/000009.

Segundo.- Deberá procederse pola persoa interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no Concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de decembro de 2018 (Lic. 36/2018 -2018/U018/000009).

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.2. LICENZA 34/2023 -2023/U018/000006 (Cesión 4/2026)

Escrito presentado por Juan Carlos Vilariño Santos, en representación de Jorge Casal Mera, en data 5 de febreiro de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202699900000426, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 34/2023 -2023/U018/000006, xuntando escritura pública de data doce de maio de 2025, do notario José Ignacio Feijoo Juarros, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de novembro de 2023, a Jorge Casal Mera, para segregación (dúas resultantes) dunha finca situada en Vilanova, 23, parroquia de Oza, R.C.: 002000300NH33H0001YX, segundo proxecto redactado polo técnico Juan Carlos Vilariño Santos, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 24/02/2026 12:31:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 24/02/2026 13:36:00)
Versión imprimible
CVD: 4E6eD/CNiAuy5TmDnd0X Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A cesión correspondente concrétase nunha superficie total de 239,00 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data doce de maio de 2025, do notario José Ignacio Feijoo Juarros, dunha superficie de 239,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 34/2023 -2023/U018/000006.

Segundo.- Deberá procederse pola persoa interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no Concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de novembro de 2023 (Lic. 34/2023 -2023/U018/000006).

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

4.- AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO

PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202599900004056 do 14/11/2025).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 2 de febreiro de 2026, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Annie Daniela Cruz Malpica, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 14 de novembro de 2025 (rex. entrada nº 202599900004056), para instalar un treito soterrado de abastecemento de enerxía eléctrica en media tensión, así como instalar un C.T. e instalar un novo apoio, no lugar de Vilariño e O Outeiro (SGD618520079002).

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 24/02/2026 12:31:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 24/02/2026 13:36:00)
Versión imprimible
CVD: 4E6eD/CNiAuy5TmDnd0X Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (18.000,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202699900000300 de 28/01/2026).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Annie Daniela Cruz Malpica, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2025/V011/000039, para instalar un treito soterrado de abastecemento de enerxía eléctrica en media tensión, así como instalar un C.T. e instalar un novo apoio, no lugar de Vilariño e O Outeiro (SGD618520079002), de acordo co solicitado en data 14 de novembro de 2025 (rex. entrada nº 202599900004056).*

Segundo.- *Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 24/02/2026 12:31:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 24/02/2026 13:36:00)
Versión imprimible
CVD: 4E6eD/CNiAuy5TmDnd0X Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Annie Daniela Cruz Malpica, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2025/V011/000039, para instalar un treito soterrado de abastecemento de enerxía eléctrica en media tensión, así como instalar un C.T. e instalar un novo apoio, no lugar de Vilariño e O Outeiro (SGD618520079002), de acordo co solicitado en data 14 de novembro de 2025 (rex. entrada nº 202599900004056).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

5.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e doce minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A secretaria xeral	A alcaldesa
Virginia Fraga Díaz	Lucía Calvo de la Uz

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 24/02/2026 12:31:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 24/02/2026 13:36:00)
Versión imprimible
CVD: 4E6eD/CNiAuy5TmDnd0X Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO

ACTA 5/25
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
- 2 DE MARZO DE 2026 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas e dous minutos do día 2 de marzo de 2026, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que de seguido se relacionan, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.ª Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

Presidenta :
D.ª Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:
D. Rogelio Lema Mougán
D.ª María Margarita Rosende Domínguez
D.ª María Vázquez Rey
D. Ángel Barreiro Rodríguez

Non asiste, previa escusa: D. José Manuel Guerra Calvelo
Arquitecto: D. Ignacio Soto González
Secretaria acctal: D.ª M.ª Elena Sueiro Fernández

ORDE DO DÍA:

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 16/02/2026**
2. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3. **TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO. LICENZA 19/2021 - 2019/U022/000012**
4. **PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO PARA A ACTIVIDADE "SAÍDA CULTURAL A LALÍN"**
5. **PROPOSTAS DE ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓNS DE GARANTÍAS**
6. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
7. **ROGOS E PREGUNTAS.**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, a sra. alcaldesa declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 16/02/2026

A sra. alcaldesa pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 16 de febreiro de 2026.
Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A CONCEPCIÓN GARCÍA VÁZQUEZ, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Sebe, 102, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503015570000SA, segundo proxecto redactado polo arquitecto Luis Ruibal Rodríguez.

Expediente núm: **8/2026 -2025/U022/000008**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución, en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Luis Ruibal Rodríguez, visado polo colexio profesional en data 26 de febreiro de 2025.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado pola persoa interesada, dunha superficie de 21,29 m^2.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do reformulo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena, proxecto básico e de execución de mellora das condicións de accesibilidade, visado no colexio oficial de arquitectos en data 05.12.2024.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

-Presuposto: 32.446,75 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 648,94 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 828,94 euros.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-MODIFICACIÓN

2.2. A IVÁN GONZÁLEZ NOYA e CARMEN JORGE MORA, licenza para modificado (inclúe na vivenda unha cuarta habitación), da licenza municipal para proxecto básico e de execución de obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en O Sisto, 7, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503110230000SI, segundo proxecto redactado polo arquitecto Diego Lareo Castro.
Expediente núm: **21/2024 -2023/U022/000034**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Diego Lareo Castro, modificado de proxecto básico e de execución, visado no colexio oficial de arquitectos en data 12.01.2026.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello, presentando a obrigatoria comunicación previa de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: ORDENANZA N-2, Núcleo rural expansión
-Usos: Vivenda unifamiliar
-Arquitecto/a director/a das obras: Diego Lareo Castro
-Arquitecto/a técnico/a director/a: José María Brañas Rodríguez
-Coordinador/a de seguridade e saúde: José María Brañas Rodríguez
-Condicións da parcela:
Superficie mínima parcela neta: 869,00 m^2
Fronte mínima: 16,58 m.
-Volumetría:
Edificabilidade: 0,19 m^2/m^2
Altura máxima: B, 3,00 m.
-Posición da edificación:
Ocupación máxima: 19,50 %
Recuamento á aliñación: 8,92 m.
Recuamento a lindeiros: 3,00 m.
-Outras condicións:
Tipo de cuberta: De tella
Pendente máxima de cuberta: 30º
Altura do cumio: 3,57 m.
Aproveitamento baixo cuberta: Non

Prazas de aparcamento: 1 praza/viv.

-Presuposto: 196.924,13 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 3.938,48 €.

-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 214,29 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 4.272,77 euros.

B) LICENZAS URBANÍSTICAS-DENEGACIÓN DE LICENZA.

2.3. Escrito presentado por Arturo Calvo Tarrio, en representación de José Buján Núñez, en data 16 de setembro de 2025, con rexistro de entrada no Concello núm. 202590000003194, xuntando proxecto redactado polo técnico Arturo Calvo Tarrio, no que solicita licenza de agregación-segregación (dúas resultantes), da parcela situada en Cesar, 6, parroquia de Calo, referencia catastra núm. 15083B508010420000SR.

Expediente núm: **12/2026 -2025/U018/000008**

Visto o informe, desfavorable, do arquitecto municipal de data 9 de marzo de 2026, incorporado ao expediente, segundo o cal *a ordenanza de aplicación U3 non permite o adosamento de construcións ou edificacións aos lindes da parcela*.

Visto o informe xurídico de Secretaría de data 13 de marzo de 2026, desfavorable, en base ao informe do arquitecto municipal de 9 de marzo de 2026.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Denegar a licenza solicitada por JOSÉ BUJÁN NÚÑEZ**,** en base ao informe do arquitecto municipal do 9 de marzo de 2026 e o informe xurídico de Secretaría do 13 de marzo de 2026, incorporados ao expediente.

Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

C) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRÓRROGA

2.4. Escrito presentado por José Antonio Fuentes Arcay, en data 25 de decembro de 2025, con rexistro de entrada no Concello núm. 202599900004525, no que solicita prórroga para remate de obra, da licenza urbanística con expediente núm. 7/2023 -2022/U022/000042, que fora concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 27 de febreiro de 2023, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Mazas, 18-C, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508030640001DZ.

Visto o informe favorable emitido polo arquitecto técnico municipal en data 24 de febreiro de 2026 e demais documentos que obran no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Conceder a **JOSÉ ANTONIO FUENTES ARCAY, expte. 2025/U003/000009**, a prórroga solicitada para remate de obra, por un novo prazo non superior a tres anos, en base ao artigo 31 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Teo e o artigo 145 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO. LICENZA 38/2025 – 2025/U018/000004

Escrito presentado por Juan Carlos Vilariño Santos, en representación de Eva Otero Portomeñe, en data 27 de febreiro de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202699900000651, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 38/2025 -2025/U018/000004, xuntando escritura pública de data vinte seis de xaneiro de 2026, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 18 de agosto de 2025, a Eva Otero Portomeñe**,** para segregación e posterior agregación (dúas resultantes) das fincas 760 e 761 da concentración parcelaria de Cacheiras-Recesende, Rs.Cs.: 15083B503007600000SF - 15083B503007610000SM, situadas en Casaldomiro, parroquia de Recesende, segundo proxecto redactado polo técnico Juan Carlos Vilariño Santos, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 79,00 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data vinte seis de xaneiro de 2026, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, dunha superficie de 79,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 38/2025 -2025/U018/000004.

Segundo.- Deberá procederse pola persoa interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no Concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 18 de agosto de 2025 (Lic. 38/2025 -2025/U018/000004).

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO

4.1. <u>LICENZA 45/2024 -2022/U022/000009 (Cesión 2/2026)</u>

Escrito presentado por Martín Sayáns Otero, en data 4 de marzo de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202600000000767, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 19 de xaneiro de 2026.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 4 de novembro de 2024, a Martín Sayáns Otero e Susana Barcia César**,** para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Rúa Ledín, 70, parroquia de Calo, R.C.: 15083A514015680000LB, segundo proxecto redactado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 83,00 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

-Porción de terreo, situado na parroquia de San Xoán de Calo, dunha superficie de oitenta e tres metros cadrados. Inscrición: 2, Data: 19 de febreiro de 2026. Finca: 38292. Código Rexistral Único: 15013001151963.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

<u>Primeiro</u>.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data vinte seis de xullo de 2025,

do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 4 de novembro de 2024, expte. 45/2024 -2022/U022/000009.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 4 de novembro de 2024, a Martín Sayáns Otero e Susana Barcia César**,** para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Rúa Ledín, 70, parroquia de Calo, R.C.: 15083A514015680000LB, segundo proxecto redactado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, expte. 45/2024 -2022/U022/000009.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

4.2. LICENZA 36/2018 -2018/U018/000009 (Cesión 3/2026)

Escrito presentado por María Luisa Parajó Buján, en data 12 de marzo de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202600000000926, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16 de febreiro de 2026.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de decembro de 2018, a María Luisa Parajó Buján, para agrupación - segregación (tres parcelas) das fincas núms. 2.038 e 423 da concentración parcelaría de San Xoán de Calo, R.C.: 15083C508020380000YM e 15083A514004230000KS, segundo proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico Enrique Perol Rama, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie total de 1.411,00 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

-Porción de terreo, situado na parroquia de San Xoán de Calo, dunha superficie de mil douscentos vinte metros cadrados. Nota marxinal: 2, Data: 9 de marzo de 2026. Finca: 36750. Código Rexistral Único: 15013001119031.

-Porción de terreo, situado na parroquia de San Xoán de Calo, dunha superficie de cento noventa e un metros cadrados. Nota marxinal: 2, Data: 9 de marzo de 2026. Finca: 36748. Código Rexistral Único: 15013001119024.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data vinte seis de novembro de 2018, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de decembro de 2018, expte. 36/2018 -2018/U018/000009.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de decembro de 2018, a María Luisa Parajó Buján, para agrupación - segregación (tres parcelas) das fincas núms. 2.038 e 423 da concentración parcelaría de San Xoán de Calo, R.C.: 15083C508020380000YM e 15083A514004230000KS, segundo proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico Enrique Perol Rama, expte. 36/2018 -2018/U018/000009.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

5.- AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO

PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A NEDGIA GALICIA, S.A. (rex. entrada nº 202699900000311 do 29/01/2026).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 26 de febreiro de 2026, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Manuel Cirugeda García, en representación de NEDGIA GALICIA, S.A., de 29 de xaneiro de 2026 (rex. entrada nº 202699900000311), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para executar a renovación de acometidas para o subministro e mantemento de gas dunha vivenda unifamiliar, situada na Rúa Carballo, 43, S/R.: ACT251200362704.

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización de gas son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes de gas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (350,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202699900000629 de 25/02/2026).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Manuel Cirugeda García, en representación de NEDGIA GALICIA, S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000006, para executar a renovación de acometidas para o subministro e mantemento de gas dunha vivenda unifamiliar, situada na Rúa Carballo, 43, S/R.: ACT251200362704, de acordo co solicitado en data 29 de xaneiro de 2026 (rex. entrada nº 202699900000311).*

Segundo.- *Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Manuel Cirugeda García, en representación de NEDGIA GALICIA, S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000006, para executar a

renovación de acometidas para o subministro e mantemento de gas dunha vivenda unifamiliar, situada na Rúa Carballo, 43, S/R.: ACT251200362704, de acordo co solicitado en data 29 de xaneiro de 2026 (rex. entrada nº 202699900000311).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

6.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A secretaria acctal

M.ª Elena Sueiro Fernández

Firmado por MARÍA ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ - ***9467** el día 17/03/2026 con un

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz

LUCIA CALVO DE LA UZ - 44427203N

Firmado digitalmente por LUCIA CALVO DE LA UZ - 44427203N
Fecha: 2026.03.17 14:00:33 +01'00'

CONCELLO DE TEO

ACTA 7/26

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 6 DE ABRIL DE 2026-

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas e catro minutos do día 6 de abril de 2026, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que de seguido se relacionan, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.ª Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

Presidenta :

D.ª Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:

D. Rogelio Lema Mougán

D.ª María Margarita Rosende Domínguez

D.ª María Vázquez Rey

D. Ángel Barreiro Rodríguez

Non asiste, previa escusa: D. José Manuel Guerra Calvelo

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 16/03/2026**
2.- **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3.- **ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIOS.**
4.- **AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**
5.- **DACIÓN DE CONTA DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE DO CIM CONSISTENTE EN EXCURSIÓN MULLERES A BAIONA**

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 15/04/2026 13:38:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 15/04/2026 14:10:00)
Versión imprimible
CVD: ERtKttoPKSRhJu1ue79/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

6.- DACIÓN DE CONTA DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE DE LECER "FESTA DA NAI 2026"

7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, a sra. alcaldesa declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 16/03/2026

A sra. alcaldesa pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 16 de marzo de 2026.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A MARIO VÁZQUEZ SÁNCHEZ e a ALBA MÉNDEZ FERNÁNDEZ, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada, en Lamas, 26, parroquia de Bamonde, R.C.: 15083C505402050000YG, segundo modificado de proxecto básico redactado polo arquitecto Jorge Gómez Moar.
Expediente núm: **13/2026 -2025/U022/000031**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao modificado de proxecto básico, en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Jorge Gómez Moar, visado polo colexio profesional en data 9 de febreiro de 2026.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 15/04/2026 13:38:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 15/04/2026 14:10:00)
Versión imprimible
CVD: ERtKttoPKSRhJu1ue79/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-**Antes do inicio das obras deberá presentar comunicación previa, conforme ao modelo normalizado aprobado polo Concello de Teo (Resolución da Alcaldía de data 16 de xuño de 2023, expte. 2023/G003/000792), xuntando proxecto de execución.**

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do reformulo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello, presentando a obrigatoria comunicación previa de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 15/04/2026 13:38:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 15/04/2026 14:10:00)
Versión imprimible
CVD: ERtKttoPKSRhJu1ue79/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: ORDENANZA N-1, Núcleo rural tradicional
-Usos: Vivenda unifamiliar
-Arquitecto/a director/a das obras: Jorge Gómez Moar
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Rubén García Martínez
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Rubén García Martínez
-Condicións da parcela:
Superficie mínima parcela neta: 518,00 m^2
Fronte mínima: 12,16 m.
-Volumetría:
Edificabilidade: 0,22 m^2/m^2
Altura máxima: B, 3,10 m.
-Posición da edificación:
Ocupación máxima: 24,65 %
Recuamento á aliñación: 5,66 á aliñación oficial
Recuamento a lindeiros: 3,10 m.
-Outras condicións:
Tipo de cuberta: Tella

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 15/04/2026 13:38:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 15/04/2026 14:10:00)
Versión imprimible
CVD: ERtKttoPKSRhJu1ue79/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Pendente máxima de cuberta: 25º
Altura do cumio: 1,98 m.
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 1 praza/viv.
-Presuposto: 178.445,63 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 3.568,91 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 3.748,91 euros.

2.2. A JOSÉ MIGUEL PITA PÉREZ e a SILVIA OLALLA BATÁN VEIGA, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, peche de parcela e piscina, en Guldrís, 42-C, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503016740000SX, segundo proxecto redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría.
Expediente núm: **14/2026 -2025/U022/000033**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución, en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado polo colexio profesional en data 21 de novembro de 2025.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado pola persoa interesada, dunha superficie de 89,00 m².
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do reformulo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 15/04/2026 13:38:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 15/04/2026 14:10:00)
Versión imprimible
CVD: ERtKttoPKSRhJu1ue79/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello, presentando a obrigatoria comunicación previa de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 15/04/2026 13:38:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 15/04/2026 14:10:00)
Versión imprimible
CVD: ERtKttoPKSRhJu1ue79/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: ORDENANZA N-2, Núcleo rural expansión
-Usos: Vivenda unifamiliar
-Arquitecto/a director/a das obras: Francisco Javier Fernández Echeverría
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Alejandro Ulla Rivas
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Alejandro Ulla Rivas
-Condicións da parcela:
Superficie mínima parcela neta: 1.199,00 m^2
Fronte mínima: 14,00 m.
-Volumetría:
Edificabilidade: 0,266 m^2/ m^2
Altura máxima: B+BC, 2,87 m.
-Posición da edificación:
Ocupación máxima: 19,70 %
Recuamento á aliñación: 8,21 m.
Recuamento a lindeiros: 2,62 m.
-Outras condicións:
Tipo de cuberta: Tella
Pendente máxima de cuberta: 27,00º
Altura do cumio: 2,75 m.
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 2 praza/viv.
-Presuposto: 417.392,50 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 8.347,85 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 238,50 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 8.706,35 euros.

2.3. A CONCEPCIÓN GONZÁLEZ GONZÁLEZ e a JUAN MIGUEL DIÉGUEZ BARRAGÁN, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar e peche de parcela, en Seoane, 14, parroquia de Recesende, R.C.: 15083B503006590000ST, segundo proxecto redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría.
Expediente núm: **15/2026 -2026/U022/000003**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución, en base ao cal se lle outorga a licenza e as súas modificacións, redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado polo colexio profesional en datas 5 de xaneiro de 2026 e 16 de marzo de 2026.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 15/04/2026 13:38:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 15/04/2026 14:10:00)
Versión imprimible
CVD: ERtKttoPKSRhJu1ue79/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado pola persoa interesada, dunha superficie de 7,00 m^2.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do reformulo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello, presentando a obrigatoria comunicación previa de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 15/04/2026 13:38:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 15/04/2026 14:10:00)
Versión imprimible
CVD: ERtKttoPKSRhJu1ue79/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: ORDENANZA N-2, Núcleo rural expansión
-Usos: Vivenda unifamiliar
-Arquitecto/a director/a das obras: Francisco Javier Fernández Echeverría
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Alejandro Ulla Rivas
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Alejandro Ulla Rivas
-Condicións da parcela:
Superficie mínima parcela neta: 1.593,00 m^2
Fronte mínima: 18,41 m.
-Volumetría:
Edificabilidade: 0,18 m^2/ m^2
Altura máxima: B+1, 5,17 m.
-Posición da edificación:
Ocupación máxima: 9,35 %
Recuamento á aliñación: 7,28 m.
Recuamento a lindeiros: 3,30 m.
-Outras condicións:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 15/04/2026 13:38:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 15/04/2026 14:10:00)
Versión imprimible
CVD: ERtKttoPKSRhJu1ue79/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Tipo de cuberta: Tella
Pendente máxima de cuberta: 30,00º
Altura do cumio: 3,04 m.
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 1 praza/viv.
-Presuposto: 412.989,50 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 8.259,79 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 351,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 8.730,79 euros.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-MODIFICACIÓN

2.4. A ISIDORO PÉREZ VIEITES, en representación de **PEREZ VIEITES CNES Y PROMOCIONES S.L.**, para as obras contidas no proxecto modificado de execución de construción dunha vivenda unifamiliar, en Penelas, 60-A, parroquia de Cacheiras, segundo proxecto redactado polo arquitecto Jesús Eduardo Villar Quintáns, expediente **55/2022 -2021/U022/000030**.
As modificacións son as seguintes:
-Nova cimentación.
-Implementación dun espazo de soto.
-Eliminación de construcións anexas.
-Redeseño da cuberta. Introdución de soportal
-Implementación de escaleira interior.
-Acceso exterior á vivenda e ao soto.
-Incremento de ocos de xanela e redeseño, corpo de vivenda e soto.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Jesús Eduardo Villar Quintáns, básico e de execución de obras de construción dunha vivenda unifamiliar, visado no colexio oficial de arquitectos en datas 21.02.2022, 18.04.2022 e 23.03.2026.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 15/04/2026 13:38:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 15/04/2026 14:10:00)
Versión imprimible
CVD: ERtKttoPKSRhJu1ue79/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada a propietaria porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 15/04/2026 13:38:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 15/04/2026 14:10:00)
Versión imprimible
CVD: ERtKttoPKSRhJu1ue79/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: Ordenanza N-2, Núcleo rural expansión
-Usos: Vivenda unifamiliar
-Arquitecto/a director/a das obras: Jesús Eduardo Villar Quintáns
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Luis Villar Folla-Cisneros
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Luis Villar Folla-Cisneros
-Condicións da parcela:
Superficie mínima parcela neta: 632,30 m^2
Fronte mínima: 15,27 m.
-Volumetría:
Edificabilidade: 0,29 m^2/m^2.
Altura máxima: B, 4,75 m.
-Posición da edificación:
Ocupación máxima: 23,04 %
Recuamento á aliñación: 3,95 m
Recuamento a lindeiros: 3,16 m
-Outras condicións:
Tipo de cuberta: Tella
Pendente máxima de cuberta: 20º
Altura do cumio: 1,85 m
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 2 praza/viv.
-Presuposto: 300.717,88 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 6.014,36 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
Total: 6.074,36 euros.

2.5. A ISIDORO PÉREZ VIEITES, en representación de **PEREZ VIEITES CNES Y PROMOCIONES S.L.**, para as obras contidas no proxecto modificado de execución de

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 15/04/2026 13:38:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 15/04/2026 14:10:00)
Versión imprimible
CVD: ERtKttoPKSRhJu1ue79/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

construción dunha vivenda unifamiliar, en Penelas, 60-B, parroquia de Cacheiras, segundo proxecto redactado polo arquitecto Jesús Eduardo Villar Quintáns, expediente **56/2022 -2022/U022/000043**.
As modificacións son as seguintes:
-Nova cimentación.
-Implementación dun espazo de soto.
-Eliminación de construcións anexas.
-Redeseño da cuberta. Introdución de soportal
-Implementación de escaleira interior.
-Acceso exterior á vivenda e ao soto.
-Incremento de ocos de xanela e redeseño, corpo de vivenda e soto.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Jesús Eduardo Villar Quintáns, básico e de execución de obras de construción dunha vivenda unifamiliar, visado no colexio oficial de arquitectos en datas 21.02.2022, 18.04.2022, 11.02.2026 e 20.03.2026.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 15/04/2026 13:38:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 15/04/2026 14:10:00)
Versión imprimible
CVD: ERtKttoPKSRhJu1ue79/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada a propietaria porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: Ordenanza N-2, Núcleo rural expansión
-Usos: Vivenda unifamiliar
-Arquitecto/a director/a das obras: Jesús Eduardo Villar Quintáns

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 15/04/2026 13:38:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 15/04/2026 14:10:00)
Versión imprimible
CVD: ERtKttoPKSRhJu1ue79/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

-Arquitecto/a técnico/a director/a: Luis Villar Folla-Cisneros
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Luis Villar Folla-Cisneros
-Condicións da parcela:
Superficie mínima parcela neta: 621,80 m^2
Fronte mínima: 15,56 m.
-Volumetría:
Edificabilidade: 0,28 m^2/m^2.
Altura máxima: B, 4,75 m.
-Posición da edificación:
Ocupación máxima: 23,80 %
Recuamento á aliñación: 5,15 m
Recuamento a lindeiros: 3,17 m
-Outras condicións:
Tipo de cuberta: Tella
Pendente máxima de cuberta: 20º
Altura do cumio: 2,45 m
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 2 praza/viv.
-Presuposto: 293.146,50 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 5.862,93 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
Total: 5.922,93 euros.

B) LICENZAS URBANÍSTICAS-CORRECCIÓN ERRO

2.6. Visto que na licenza urbanística núm. 31/2023 -2023/U022/000001, concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de novembro de 2023, a GUSTAVO RICO MARTÍNEZ, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en A Pedreira, 10, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508015860000SD, existe un erro en canto ao número de vivenda.

Considerando o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Rectificar o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 7 de novembro de 2023, de xeito que ***onde pon***: "A Pedreira, 10", ***debe poñer***: "A Pedreira, 8".

Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIOS.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 15/04/2026 13:38:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 15/04/2026 14:10:00)
Versión imprimible
CVD: ERtKttoPKSRhJu1ue79/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

3.1. <u>LICENZA 165/2008 (Cesión 6/2026)</u>

Escrito presentado por Juan Carlos Vilariño Santos, en representación de Guillermo Fernández García, en data 18 de marzo de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202699900000936, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 165/2008, xuntando escritura pública de data catro de marzo de 2026, da notaria Carmen Alicia Calaza López, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida, pola Comisión de Goberno, en sesión de data 19 de maio de 2008, a Guillermo Fernández García**,** para construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar de Raxó, parroquia de Cacheiras, segundo proxecto redactado polo arquitecto Jesús Estévez Loureiro, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 55,15 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

<u>Primeiro</u>.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data catro de marzo de 2026, da notaria Carmen Alicia Calaza López, dunha superficie de 55,15 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 165/2008.

<u>Segundo</u>.- Deberá procederse pola persoa interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no Concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Comisión de Goberno, en sesión de data 19 de maio de 2008 (Lic. 165/2008).

<u>Terceiro</u>.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.2. <u>LICENZA 37/2021 -2020/U018/000021 (Cesión 7/2026)</u>

Escrito presentado por Juan Luis Cano Dequidt, en representación de MA IMPORTACIONES S.L., en data 26 de marzo de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202699900001031, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 37/2021 -2020/U018/000021, xuntando escritura pública de data catro de febreiro de 2022 coa dilixencia de emenda de data vinte de xuño de 2022, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de xullo de 2021, a José Luis Martínez-Olivares Gómez, en representación de MA IMPORTACIONES S.L.**,** para segregación (seis parcelas) dunha finca situada en Reboredo, 2, Bamonde, R.C.:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 15/04/2026 13:38:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 15/04/2026 14:10:00)
Versión imprimible
CVD: ERtKttoPKSRhJu1ue79/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

15083B5050004300000SO, segundo proxecto redactado polo técnico Miguel Varela de Ugarte, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 336,00 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data catro de febreiro de 2022 coa dilixencia de emenda de data vinte de xuño de 2022, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, dunha superficie de 336,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 37/2021 -2020/U018/000021.

Segundo.- Deberá procederse pola persoa interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no Concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de xullo de 2021 (Lic. 37/2021 -2020/U018/000021).

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.3. LICENZA 7/2021 -2020/U022/000032 (Cesión 8/2026)

Escrito presentado por Iria Otero Romero, en data 30 de marzo de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202699900001079, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 7/2021 -2020/U022/000032, xuntando escritura pública de data cinco de decembro de 2025, do notario Manuel Remuñán López, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de febreiro de 2021 e modificado de data 6 de outubro de 2025, a Iria Otero Romero**,** para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Cornide, 83, parroquia de Calo, segundo proxecto redactado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 186,00 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 15/04/2026 13:38:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 15/04/2026 14:10:00)
Versión imprimible
CVD: ERtKttoPKSRhJu1ue79/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data cinco de decembro de 2025, do notario Manuel Remuñán López, dunha superficie de 186,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 7/2021 -2020/U022/000032.

Segundo.- Deberá procederse pola persoa interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no Concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de febreiro de 2021 (Lic. 7/2021 -2020/U022/000032).

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

4.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO

4.1. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A JUAN CARLOS DOCE OTERO (rex. entrada nº 202699900000332 do 30/01/2026).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 20 de marzo de 2026, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Juan Carlos Doce Otero, de 30 de xaneiro de 2026 (rex. entrada nº 202699900000332), para que se lle outorgue autorización de ocupación do dominio público para instalar unha canalización eléctrica no interior dun local, co obxecto de dar subministro de enerxía a cargadores de vehículos na planta soto dun edificio de vivendas situado na Rúa Loureiro, 10, e Castiñeiro, 14, Os Tilos, Ref. 7637504NH3473N0001P.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), diferenciándose, no artigo 75, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 15/04/2026 13:38:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 15/04/2026 14:10:00)
Versión imprimible
CVD: ERtKttoPKSRhJu1ue79/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente, 500,00 euros (mediante transferencia da entidade Abanca en data 17/03/2026), aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Juan Carlos Doce Otero, licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000005, para instalar unha canalización eléctrica no interior dun local, co obxecto de dar subministro de enerxía a cargadores de vehículos na planta soto dun edificio de vivendas situado na Rúa Loureiro, 10, e Castiñeiro, 14, Os Tilos, Ref. 7637504NH3473N0001P, de acordo co solicitado o 30 de xaneiro de 2026 (rex. entrada nº 202699900000332).*

Segundo.- *Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Juan Carlos Doce Otero, licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000005, para instalar unha canalización eléctrica no interior dun local, co obxecto de dar subministro de enerxía a cargadores de vehículos na planta soto dun edificio de vivendas situado na Rúa Loureiro, 10, e Castiñeiro, 14, Os Tilos, Ref. 7637504NH3473N0001P, de acordo co solicitado o 30 de xaneiro de 2026 (rex. entrada nº 202699900000332).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

4.2. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A EUGENIO LIÑARES MANTEIGA (rex. entrada nº 202600000000885 do 10/03/2026).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 23 de marzo de 2026, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Eugenio Liñares Manteiga, de 10 de marzo de 2026 (rex. entrada nº 202600000000885), para que se lle outorgue autorización de ocupación do dominio público para canalización dun treito de 6 m. de cuneta para crear un acceso a parcela rematando con soleira de formigón de 15 cm armada, en O Aido, parroquia de Luou, Ref. 15083A501020080000KT.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 15/04/2026 13:38:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 15/04/2026 14:10:00)
Versión imprimible
CVD: ERtKttoPKSRhJu1ue79/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), diferenciándose, no artigo 75, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente, 300,00 euros (mediante transferencia da entidade BBVA en data 10/03/2026), aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Eugenio Liñares Manteiga, licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000012, para que se lle outorgue autorización de ocupación do dominio público para canalización dun treito de 6 m. de cuneta para crear un acceso a parcela cunha soleira de formigón de 15 cm armada, en O Aido, parroquia de Luou, Ref. 15083A501020080000KT, de acordo co solicitado o 10 de marzo de 2026 (rex. entrada nº 202600000000885).*

Segundo.- *Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Eugenio Liñares Manteiga, licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000012, para que se lle outorgue autorización de ocupación do dominio público para canalización dun treito de 6 m. de cuneta para crear un acceso a parcela cunha soleira de formigón de 15 cm armada, en O Aido, parroquia de Luou, Ref. 15083A501020080000KT, de acordo co solicitado o 10 de marzo de 2026 (rex. entrada nº 202600000000885).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

4.3. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A ESTEBAN DEL RIO NADAL (rex. entrada nº 202600000000925 do 12/03/2026).

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 15/04/2026 13:38:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 15/04/2026 14:10:00)
Versión imprimible
CVD: ERtKttoPKSRhJu1ue79/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 26 de marzo de 2026, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Esteban del Río Nadal, de 12 de marzo de 2026 (rex. entrada nº 202600000000925), para que se lle outorgue autorización de ocupación do dominio público para reparación de tubaria antiga de auga, en Rúa de Francos, 48, parroquia de Calo, Referencias catastrais 15083A5140039100011K e 000200200NH33G0001YD.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), diferenciándose, no artigo 75, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente, 800,00 euros (mediante transferencia da entidade Abanca en data 12/03/2026), aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Esteban del Río Nadal, licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000015, para que se lle outorgue autorización de ocupación do dominio público para reparación de tubaria antiga de auga, en Rúa de Francos, 48, parroquia de Calo, Referencias catastrais 15083A5140039100011K e 000200200NH33G0001YD, de acordo co solicitado o 12 de marzo de 2026 (rex. entrada nº 202600000000925).*

Segundo.- *Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Esteban del Río Nadal, licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000015, para que se lle outorgue autorización de ocupación do dominio público para reparación de tubaria antiga de auga, en Rúa de Francos, 48, parroquia de Calo,

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 15/04/2026 13:38:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 15/04/2026 14:10:00)
Versión imprimible
CVD: ERtKttoPKSRhJu1ue79/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Referencias catastrais 15083A5140039100011K e 000200200NH33G0001YD, de acordo co solicitado o 12 de marzo de 2026 (rex. entrada nº 202600000000925).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

5.- DACIÓN DE CONTA DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE DO CIM CONSISTENTE EN EXCURSIÓN MULLERES A BAIONA.

Antes de entrar no punto 5 da orde do día, dáse conta de que existe un erro na redacción do mesmo, xa que non se trata dunha dación de conta, senón da aprobación do prezo público correspondente. En virtude do exposto o punto 5 da orde do día debería ser "5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE DO CIM CONSISTENTE EN EXCURSIÓN MULLERES A BAIONA".

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta de Alcaldía do 13/03/2026, ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión informativa de Facenda e asuntos económicos, que asume as funcións da comisión especial de contas, do 18/03/2026, que se recolle a continuación:

"ASUNTO: PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE DO CIM CONSISTENTE EN EXCURSION MULLERES A BAIONA

ANTECEDENTES

Dende o Centro de Información ás Mulleres (CIM) do Concello Teo prevese organizar unha excursión, actividade de lecer e cultural consistente nunha visita á vila de Baiona con visitas a lugares de interese preto da vila. Esta actividade forma parte das actividades conmemorativas co galo do 8 de marzo, día internacional da muller.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A excursión das mulleres é unha actividade que o CIM ven organizando dende fai máis de 10 anos co obxectivo de proporcionar oportunidades de coñecemento doutros lugares ao conxunto das mulleres do concello de Teo e ao mesmo tempo ofertar unha actividade de ocio onde as mulleres poidan gozar dun ocio persoal e sen responsabilidades familiares.

Por todo o exposto anteriormente, e afectos de financiar a presente actividade proponse á Xunta de Goberno Local a aprobación do prezo público que se aplicará na devandita actividade, todo elo conforme aos artigos 41 a 47 e 127 de Real Decreto Lexislativos 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Facendas Locais, e de acordo ao disposto na Ordenanza reguladora do prezo público por realización de actividades culturais e deportivas do Concello de Teo.(Texto refundido publicado no BOP nº 127 de 3 de xullo de 2024)

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 15/04/2026 13:38:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 15/04/2026 14:10:00)
Versión imprimible
CVD: ERtKttoPKSRhJu1ue79/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

ESTUDO ECONÓMICO

O Real Decreto 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, con respecto o prezo público establece que os concellos poderán establecer e esixir prezos públicos pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia municipal. O importe dos prezos públicos será como mínimo o custo do servizo pola prestación do servizo ou da actividade practicada. Sinala así mesmo que, excepcionalmente e por motivos sociais, benéficos, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante informe técnico dos servizos correspondentes, a Xunta de Goberno Local poderá fixar un prezo que non cubra o custo do mesmo, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a cobertura da diferencia existente. Neste mesmo sentido postulase a Ordenanza reguladora do prezo público por realización de actividades culturais e deportivas do Concello de Teo.

Consta memoria económica, de data 13/03/2026, asinada pola Concelleira de Educación, Muller, Igualdade e da Directora-Psicóloga do centro de información á muller (CIM) onde se propón a determinación do prezo público. Neste informe analizase o custo e rendemento do servizo e xustificase a fixación de prezos inferiores ao custe por tratarse dunha actividade que vai dirixida ás mulleres, dentro da procura do obxectivo de facilitar un lecer saudable e socializador que proporciona igualdade de oportunidades de coñecemento doutros lugares ao conxunto deste grupo poboacional, independentemente dos seus recursos económicos, incidindo simultaneamente no obxectivo global de corresponsabilizarse nas tarefas domésticas e do coidado de crianzas e persoas dependentes

Na memoria proponse o establecemento do seguinte prezo público:

- Prezo público para a actividade “Excursión das mulleres”: 30 €/persoa.

Queda constancia no expediente de que existe no orzamento dotación de crédito para a cobertura da diferenza entre o custo do servizo e os ingresos que se prevén obter polo prezo público (nº de operación RC 220260003359).

PROPOSTA

Polo exposto anteriormente e a vista do disposto na Ordenanza reguladora do prezo público por realización de actividades culturais e deportivas do Concello de Teo, vista a memoria económica e os informes de Tesourería de data 13 de marzo de 2026 e Intervención de data 13 de marzo de 2026 , tendo en conta ademais que a actividade por motivos sociais e culturais é de interese público PROPONSE á Xunta de Goberno Local, a aprobación do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o establecemento do seguinte prezo público da actividade consistente en excursión de mulleres á vila de Baiona :

- Prezo público para a actividade “Excursión das mulleres á vila de Baiona”: 30 €/persoa

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 15/04/2026 13:38:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 15/04/2026 14:10:00)
Versión imprimible
CVD: ERtKttoPKSRhJu1ue79/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

SEGUNDO.- O nacemento da obriga do prezo público xurde desde que se inicia a prestación da actividade. Sen embargo, o concello, de conformidade ca habilitación prevista no artigo 46 do RDLex. 2/2004, de 5 de marzo, esixirá o depósito previo do seu importe total.

TERCEIRO.- Procederase á publicación dun anuncio que dea conta da aprobación deste prezo público tanto no BOP como no taboleiro de edictos do concello. O anuncio permanecerá exposto ata que actividade teña rematado.

En Teo, na data da sinatura dixital

A alcaldesa
Lucía Calvo de la Uz"

Á vista da proposta transcrita e de acordo co artigo 4 da Ordenanza do prezo público por realización de actividades culturais e deportivas (BOP nº 127, do 03/07/2024), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o establecemento do seguinte prezo público da actividade consistente en excursión de mulleres á vila de Baiona :

- **Prezo público para a actividade "Excursión das mulleres á vila de Baiona": 30 €/persoa**

SEGUNDO.- O nacemento da obriga do prezo público xurde desde que se inicia a prestación da actividade. Sen embargo, o concello, de conformidade ca habilitación prevista no artigo 46 do RDLex. 2/2004, de 5 de marzo, esixirá o depósito previo do seu importe total.

TERCEIRO.- Procederase á publicación dun anuncio que dea conta da aprobación deste prezo público tanto no BOP como no taboleiro de edictos do concello. O anuncio permanecerá exposto ata que actividade teña rematado.

6.- DACIÓN DE CONTA DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE DE LECER "FESTA DA NAI 2026".

Ao igual que aconteceu no punto anterior, antes de entrar no punto 6 da orde do día, dáse conta de que existe un erro na redacción do mesmo, xa que non se trata dunha dación de conta, senón da aprobación do prezo público correspondente. En virtude do exposto o punto 6 da orde do día debería ser "6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE DE LECER "FESTA DA NAI 2026".

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta de Alcaldía do 12/03/2026, ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión informativa de Facenda e asuntos

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 15/04/2026 13:38:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 15/04/2026 14:10:00)
Versión imprimible
CVD: ERtKttoPKSRhJu1ue79/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

económicos, que asume as funcións da comisión especial de contas, do 18/3/2026, que se recolle a continuación:

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello, presentando a obrigatoria comunicación previa de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: ORDENANZA N-1, Núcleo rural tradicional
-Usos: Vivenda unifamiliar
-Arquitecto/a director/a das obras: Francisco Javier Fernández Echeverría
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Alejandro Ulla Rivas
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Alejandro Ulla Rivas
-Condicións da parcela:
Superficie mínima parcela neta: 681,00 m^2
Fronte mínima: 16,45 m.
-Volumetría:
Edificabilidade: 0,32 m^2/ m^2
Altura máxima: B+BC, 6,09 m.
-Posición da edificación:
Ocupación máxima: 22,00 %
Recuamento á aliñación: 8,30 m.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Recuamento a lindeiros: 3,00 m.
-Outras condicións:
Tipo de cuberta: Tella
Pendente máxima de cuberta: 30º
Altura do cumio: 2,93 m.
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 1 praza/viv.
-Presuposto: 84.847,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 1.696,94 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
Total: 1.756,94 euros.

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO, LICENZA 21/2021 – 2020/U022/000042

Escrito presentado por Nerea Fuentes González, en data 7 de maio de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202600000001751, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 4 de marzo de 2024.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de maio de 2021, a Nerea Fuentes González**,** para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Bouñou, 5, parroquia de Raris, R.C.: 15083B510051590000SQ, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 177,00 metros cadrados

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:
-Porción de terreo, situado en Bouñou, 5, parroquia de Raris, dunha superficie de cento cincuenta a cinco metros cadrados. Inscrición: 1, Data: 21 de maio de 2024. Finca: 38126. Código Rexistral Único: 15013001141803.

-Porción de terreo, situado en Bouñou, 5, parroquia de Raris, dunha superficie de vinte dous metros cadrados. Inscrición: 1, Data: 21 de maio de 2024. Finca: 38127. Código Rexistral Único: 15013001141810.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data sete de febreiro de 2024, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de maio de 2021, expte. 21/2021 -2020/U022/000042.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de maio de 2021, a Nerea Fuentes González**,** para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Bouñou, 5, parroquia de Raris, R.C.: 15083B510051590000SQ, segundo proxecto redactado polo arquitecto Miguel del Río García, expte. 21/2021 -2020/U022/000042.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

4.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO

4.1. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A. (rex. entrada nº 202699900000101 do 12/01/2026).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 13 de maio de 2026, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Annie Daniela Cruz Malpica, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 12 de xaneiro de 2026 (rex. entrada nº 202699900000101), para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda unifamiliar situada en Penelas, 60-A, Cacheiras, (SGD618525110055).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (500,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202699900001655 de 12/05/2026).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Annie Daniela Cruz Malpica, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000002, para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda unifamiliar situada en Penelas, 60-A, Cacheiras, (SGD618525110055), de acordo co solicitado en data 12 de xaneiro de 2026 (rex. entrada nº 202699900000101).*

Segundo.- *Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Annie Daniela Cruz Malpica, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000002, para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda unifamiliar situada en Penelas, 60-A, Cacheiras, (SGD618525110055), de acordo co solicitado en data 12 de xaneiro de 2026 (rex. entrada nº 202699900000101).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

4.2. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A. (rex. entrada nº 202699900000187 do 19/01/2026).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 7 de maio de 2026, que se recolle a continuación:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Annie Daniela Cruz Malpica, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 19 de xaneiro de 2026 (rex. entrada nº 202699900000187), para executar unha obra de reforzo de liña de baixa tensión, para atender a demanda dun incremento de potencia eléctrico, en Cabovila, 29, Calo (SGD618525110171).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (7.000,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202699900001417 de 29/04/2026).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Annie Daniela Cruz Malpica, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000003, para executar unha obra de reforzo de liña de baixa tensión, para atender a demanda dun incremento de potencia eléctrico, en Cabovila, 29, Calo (SGD618525110171), de acordo co solicitado en data 19 de xaneiro de 2026 (rex. entrada nº 202699900000187).*

Segundo.- *Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

<u>Primeiro</u>.- ***Outorgar a Annie Daniela Cruz Malpica, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000003, para executar unha obra de reforzo de liña de baixa tensión, para atender a demanda dun incremento de potencia eléctrico, en Cabovila, 29, Calo (SGD618525110171), de acordo co solicitado en data 19 de xaneiro de 2026 (rex. entrada nº 202699900000187).***

<u>Segundo</u>.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

4.3. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A. (rex. entrada nº 202699900000371 do 03/02/2026).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 12 de maio de 2026, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por David Alonso Gregoris, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 3 de febreiro de 2026 (rex. entrada nº 202699900000371), para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda unifamiliar situada en Castres, 4, Oza (SGD18525120070).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (500,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202699900001426 de 29/04/2026).

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a David Alonso Gregoris, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000007, para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda unifamiliar situada en Castres, 4, Oza (SGD18525120070), de acordo co solicitado en data 3 de febreiro de 2026 (rex. entrada nº 202699900000371).*

Segundo.- *Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a David Alonso Gregoris, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000007, para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda unifamiliar situada en Castres, 4, Oza (SGD18525120070), de acordo co solicitado en data 3 de febreiro de 2026 (rex. entrada nº 202699900000371).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

4.4. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A NEDGIA GALICIA, S.A. (rex. entrada nº 202699900000642 do 26/02/2026).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 11 de maio de 2026, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Manuel Cirugeda García, en representación de NEDGIA GALICIA, S.A., de 26 de febreiro de 2026 (rex. entrada nº 202699900000642), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para executar unha obra de ampliación da rede de abastecemento de gas na vía pública a altura da rúa Ledín nº 68, Balcaide, Calo, S/R.: ACT260200046030.

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización de gas son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Considerando que as instalación de redes de gas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (1.500,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202699900001520 de 05/05/2026).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Manuel Cirugeda García, en representación de NEDGIA GALICIA, S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000010, para executar unha obra de ampliación da rede de abastecemento de gas na vía pública a altura da rúa Ledín nº 68, Balcaide, Calo, S/R.: ACT260200046030, de acordo co solicitado en data 26 de febreiro de 2026 (rex. entrada nº 202699900000642).*

Segundo.- *Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Manuel Cirugeda García, en representación de NEDGIA GALICIA, S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000010, para executar unha obra de ampliación da rede de abastecemento de gas na vía pública a altura da rúa Ledín nº 68, Balcaide, Calo, S/R.: ACT260200046030, de acordo co solicitado en data 26 de febreiro de 2026 (rex. entrada nº 202699900000642).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

4.5. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A. (rex. entrada nº 202699900000674 do 02/03/2026).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 12 de maio de 2026, que se recolle a continuación:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por David Alonso Gregoris, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 2 de marzo de 2026 (rex. entrada nº 202699900000674), para executar unha obra de reforzo de liña de baixa tensión, co obxecto de atender a demanda de incremento de potencia dunha edificación situada en Vilar de Calo, 47, Calo, (SGD618526020090).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (10.500,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202699900001427 de 29/04/2026).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a David Alonso Gregoris, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000011, para executar unha obra de reforzo de liña de baixa tensión, co obxecto de atender a demanda de incremento de potencia dunha edificación situada en Vilar de Calo, 47, Calo, (SGD618526020090), de acordo co solicitado en data 2 de marzo de 2026 (rex. entrada nº 202699900000674).*

Segundo.- *Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

<u>Primeiro</u>.- Outorgar a David Alonso Gregoris, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000011, para executar unha obra de reforzo de liña de baixa tensión, co obxecto de atender a demanda de incremento de potencia dunha edificación situada en Vilar de Calo, 47, Calo, (SGD618526020090), de acordo co solicitado en data 2 de marzo de 2026 (rex. entrada nº 202699900000674).

<u>Segundo</u>.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

4.6. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A JOSÉ SEIJAS FERREIRO (rex. entrada nº 202600000001765 do 08/05/2026).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 11 de maio de 2026, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por José Seijas Ferreiro, de 8 de maio de 2026 (rex. entrada nº 202600000001765), para que se lle outorgue autorización de ocupación do dominio público para reparación puntual dunha fuga de auga nunha traída veciñal, en Raris, 44, parroquia de Raris.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), diferenciándose, no artigo 75, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente, 500,00 euros (mediante transferencia da entidade BBVA, en data 08/05/2026), aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

***<u>Primeiro</u>.-** Outorgar a José Seijas Ferreiro, licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000023 para reparación puntual dunha fuga de auga nunha traída veciñal, en Raris, 44,*

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

parroquia de Raris, de acordo co solicitado o 8 de maio de 2026 (rex. entrada nº 202600000001765).

Segundo.- *Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a José Seijas Ferreiro, licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000023 para reparación puntual dunha fuga de auga nunha traída veciñal, en Raris, 44, parroquia de Raris, de acordo co solicitado o 8 de maio de 2026 (rex. entrada nº 202600000001765).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE BASES REGULADORAS PARA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS SEN ÁNIMO DE LUCRO E DEPORTIVAS FEDERADOS/AS, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS E PARA A PREPARACIÓN DAS DIFERENTES COMPETICIÓNS PARA O ANO 2026

Faise constar que, advertido un erro na redacción deste punto da orde do día, a referencia a "clubs deportivos sen ánimo de lucro e *deportivas* federados/as" debe entenderse referida a "clubs deportivos sen ánimo de lucro e *deportistas* federados/as*".*

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 8 de maio de 2026 que se recolle a continuación:

"**PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Considerando a importante función de formento que ven realizando o Concello de Teo dende fai anos mediante a colaboración económica coas entidades sen ánimo de lucro de diversa índole.

Vistas as Bases da Convocatoria de Subvencións a clubes sen animo de lucro e deportistas federados para 2026.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 06/05/2026.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades para clubes sen animo de lucro e deportistas federados para 2026, que se reflicten de seguido:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

(...)

Segundo- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

Teo, asinado na data da sinatura dixital
A alcaldesa
Lucía Calvo de la Uz"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)), acorda:

Primeiro.- Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades para clubes sen animo de lucro e deportistas federados para 2026, que se reflicten de seguido:

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS SEN ÁNIMO DE LUCRO E DEPORTISTAS FEDERADOS/AS POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS E PARA A PREPARACIÓN DAS DIFERENTES COMPETICIÓNS PARA O ANO 2026

1ª.— OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión de subvencións destinadas á organización, promoción, preparación e/ou participación deportiva de clubs e deportistas federados/as no ano 2026, con cargo á partida 340/480.00 do orzamento 2026 por un importe total de **50.000 euros**, dos que **13.000 euros** se destinarán ás solicitudes formuladas por deportistas federados/as.

Son obxectivos perseguidos polas axudas reguladas nestas bases a potenciación do deporte, a promoción da práctica deportiva, a creación de canteiras de deportistas no Concello de Teo, tanto a curto como a longo prazo, impulsando ademais deste xeito formas de ocio alternativo.

2ª.—BENEFICIARIOS/AS

a) Os clubs e entidades deportivas sen ánimo de lucro con domicilio social no Concello de Teo, inscritos en todos os casos, no Rexistro de Entidades Deportivas do Concello de Teo e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, que participen en competicións de carácter oficial e/ou organicen e/ou promovan actividades deportivas.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

b) Os/as deportistas que cumpran os seguintes requisitos.
- Ter licenza federativa en vigor no momento da solicitude nalgunha das federacións deportivas recoñecidas pola Administración Deportiva Autonómica de Galicia e/ou polo Consello Superior de Deportes.
- Estar empadroados/as no Concello de Teo con anterioridade á aprobación destas bases polo menos durante 3 anos.
- Participar en competicións de carácter oficial e que sexan mínimo de ámbito autonómico ou superior.
- Non poderán obter a condición de persoa beneficiaria os/as deportistas que:
    - Participen en competicións de carácter oficial por equipos en formato de ligas regulares.
    - Participen en competicións de carácter oficial de ámbito autonómico que non outorguen prazas para as competicións de ámbito estatal da mesma modalidade/especialidade.

c) Non poderán ter a condición de beneficiarias aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias numeradas no artigo 13.2 da Lei 38/2003.

3ª.—ACTIVIDADES E GASTOS SUBVENCIONABLES

As subvencións que se outorguen ao abeiro das presentes bases, terán como finalidade:

a) Colaboración en gastos correntes derivados da realización de actividades de participación e/ou promoción deportiva por parte dos suxeitos mencionados no artigo 2º das presentes Bases e, dos gastos de conservación, mantemento ou reparacións menores, necesarios para o desenvolvemento destas no ano 2026.

b) Gastos ocasionados pola organización de eventos deportivos durante o ano 2026 dentro do territorio municipal.

c) Aqueles clubs que reciban unha subvención nominativa non poderán concorrer a esta convocatoria **co mesmo obxecto de solicitude.**

d) Non serán gastos subvencionables:

— Os xuros debedores de contas bancarias.

— Os xuros, recargos e sancións administrativas.

— Os gastos de procedementos xudiciais.

4ª.—SOLICITUDES

4.1.- Presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse nas instancias formalizadas recollidas nos Anexos I e II e dirixiranse ao concelleiro de Deportes.

Recordáselles que conforme ao disposto no artigo 14 de la Lei 39/2015 de outubro, de procedemento das administracións públicas, as persoas xurídicas (clubs e entidades) están obrigadas

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo.

En consecuencia, deberán presentar de forma electrónica a súa documentación na sede electrónica de este Concello a través do seguinte enlace:

https://sede.teo.gal/sxc/gl/procedimientosytramites/tramites/Solicitudsubvenciones_N

Resulta imprescindible que para identificarse na sede electrónica se utilice o certificado dixital da empresa.

As persoas físicas (deportistas) poden presentar pola mesma vía ou no rexistro xeral do Concello (presencial).

Soamente pode presentarse unha única solicitude por club para unha ou varias modalidades.

No caso dos/as deportistas soamente pode presentarse unha única solicitude para unha única modalidade ou especialidade.

As solicitudes deberán de presentarse no prazo de 15 días hábiles dende a publicación do anuncio das presentes bases no BOP.

4.2.- Documentación (están os impresos oficiais na páxina www.teo.gal (Convocatorias) ou no Departamento de Deportes do Concello).

Xunto coa instancia de solicitude de subvención recollidas nos Anexo I e II presentarase a seguinte documentación:

1) CLUBS DEPORTIVOS: *(datos referentes á tempada 2025/2026 ou o ano 2026 segundo corresponda á modalidade deportiva)*

a) Copia do CIF (no caso de non tela entregada xa noutras convocatorias anteriores).

b) Certificación bancaria do número de conta onde se efectuarán os pagamentos. (Se houbo variacións con respecto ao ano anterior)

c) Certificado da Federación correspondente onde figuren o número de licenzas, o número de equipos e as categorías onde participa o club solicitante.

d) Anexo III, onde deben figuran os seguintes datos:

- Deportistas femininas: listaxe con nome e apelidos das deportistas **empadroadas no Concello de Teo** (o que se comprobará de oficio polo Departamento de Deportes) (se é o caso).
- Deportistas masculinos: listaxe con nome e apelidos dos deportistas **empadroados no Concello de Teo** (o que se comprobará de oficio polo Departamento de Deportes) (se é o caso).
- Técnicos/as: listaxe con nome e apelidos do persoal técnico do club, a súa titulación e a categoría na que adestran (con copia do título de maior nivel de cada técnico/a ou unha certificación federativa onde figure o nivel) (Pódese omitir esta documentación se non houbo variacións na entregada na convocatoria anterior).
- Memoria descritiva do ano **2025**, especificando as actividades/eventos deportivos nos que **participou** o club e as actividades/eventos deportivos que **organizou** (se é o caso).

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

- Memoria descritiva da actividade que se vai a desenvolver no ano **2026** para a cal se pide a subvención, especificando as actividades/eventos deportivos nos que vai a **participar** o club e as actividades/eventos deportivos que vai a **organizar** (se é o caso).
- Orzamento detallado de gastos e ingresos previsto para o ano 2026.
- Certificación ou declaración responsable de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente. (A nivel estatal e autonómico).

De conformidade co disposto no artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo , os certificados de atoparse ao corrente con Facenda e a Seguridade Social poderán substituírse por unha declaración responsable cando o importe da subvención non supere os 3.000 €. O solicitante neste punto deberá comprometerse a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

Por outra parte, o solicitante poderá conceder autorización ao concello para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación de atoparse ao corrente con Facenda e coa Seguridade Social a través de certificados telemáticos, en cuxo caso o solicitante non deberá aportar a correspondente certificación.

- Declaración responsable conforme o solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.
- Datos deportivos.
- Compromisos e declaracións responsables.

2) DEPORTISTAS FEDERADOS/AS:

a) Copia cotexada da licenza federativa en vigor.
b) Copia cotexada do DNI en vigor.
c) Currículo deportivo.
d) Certificación federativa onde figuren as competicións oficiais nas que participou e o resultado obtido no ano 2025.
e) Certificación federativa onde figuren as competicións oficiais nas que participou no ano 2024.
f) Certificación bancaria do número de conta onde se efectuarán os pagamentos (Se houbo modificación do ano anterior).
g) Anexo IV onde figuran os seguintes datos:
- Memoria descritiva da actividade que se vai a desenvolver no ano 2026 para a cal se pide a subvención.
- Memoria descritiva da actividade que se realizou no ano 2025. Competición, ámbito e posto conseguido.
- Memoria descritiva da actividade que se realizou no ano 2024. Competición e ámbito.
- Orzamento detallado de gastos e ingresos previsto para o ano 2026.
- Datos deportivos.
- Compromisos e declaracións responsables:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

- Certificación ou declaración responsable de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente. (A nivel galego e estatal)

De conformidade co disposto no artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo , os certificados de atoparse ao corrente con Facenda e a Seguridade Social poderán substituírse por unha declaración responsable cando o importe da subvención non supere os 3.000 €. O solicitante neste punto deberá comprometerse a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

Por outra parte, o solicitante poderá conceder autorización ao concello para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación de atoparse ao corrente con Facenda e coa Seguridade Social a través de certificados telemáticos, en cuxo caso o solicitante non deberá aportar a correspondente certificación.

- Declaración responsable conforme a que o/a solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

No punto f) e nas certificacións e declaracións, no caso dos menores de idade serán os datos dos titores legais.

4.3.- Corrección de solicitude

Unha vez revisadas todas as solicitudes, a aquelas que conteñan erros ou deficiencias comunicaráselles e concederáselles un prazo de 10 días hábiles a partir da súa comunicación para a súa corrección. De non emendar os defectos no dito prazo arquivarase sen máis trámites.

5ª.—CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS

As subvencións reguladas nas presentes Bases concederanse en réxime de concorrencia competitiva, polo que as solicitudes que cumpran os requisitos serán avaliadas consonte os criterios que de seguido se sinalan:

1). CRITERIOS PARA CLUBS:

(Nos apartados a), b), c), d), e), e f) datos referentes á tempada 2025/2026 ou o ano 2026 segundo corresponda á modalidade deportiva)

a) Número de fichas ou licenzas. Ata 10 puntos máximo.

Máis de 250 fichas	10 puntos
Ata 250	9 puntos
Ata 200	8 puntos
Ata 150	7 puntos
Ata 100	6 puntos
Ata 75	5 puntos

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Ata 50	4 puntos
Ata 25	3 puntos
Ata 15	2 puntos

b) Número de equipos federados. Ata 10 puntos máximo.

10 ou máis equipos	10 puntos
9 equipos	9 puntos
8 equipos	8 puntos
7 equipos	7 puntos
6 equipos	6 puntos
5 equipos	5 puntos
4 equipos	4 puntos
3 equipos	3 puntos
2 equipos	2 puntos
1 equipo	1 punto

c) Porcentaxe de fichas ou licenzas correspondentes a participantes locais. Ata 10 puntos máximo.

Ata o 100%	10 puntos
Ata o 85%	8 puntos
Ata o 75%	6 puntos
Ata o 50%	4 puntos
Ata o 25%	2 puntos

d) Porcentaxe de fichas ou licenzas femininas. Ata 5 puntos máximo.

Ata o 100%	5 puntos
Ata o 75%	4 puntos
Ata o 50%	3 puntos
Ata o 25%	1 punto

e) Categorías de base: biberóns-prebenxamín-benxamín-alevín-infantil-cadete-xuvenil (ou equivalentes). Ata 7 puntos máximo.

7 categorías ou máis	7 puntos
6 categorías	6 puntos

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

5 categorías	5 puntos
4 categorías	4 puntos
3 categorías	3 puntos
2 categorías	2 puntos
1 categoría	1 punto

f) Nivel de formación dos/as técnicos. Ata 15 puntos máximo.

3 ou máis técnicos/as: adestrador/a profesional nivel 3 na especialidade	8 puntos
3 ou máis técnicos/as: adestrador/a avanzado/a/nivel 2 na especialidade	7 puntos
3 ou máis técnicos/as: licenciado/a en Ciencias do Deporte e E.F.	7 puntos
3 ou máis técnicos/as: adestrador/a básico/a/nivel 1 na especialidade	6 puntos
3 ou mais técnicos/as: cursos formativos na especialidade	5 puntos
1 ou 2 técnicos/as: adestrador/a profesional/nivel 3 na especialidade	4 puntos
1 ou 2 técnicos/as: adestrador/a avanzado/a/nivel 2 na especialidade	3 puntos
1 ou 2 técnicos/as: de licenciado/a en Ciencias do Deporte e E.F.	3 puntos
1 ou 2 técnicos: adestrador/a básico/a/nivel 1 na especialidade	2 puntos
1 ou 2 técnicos/as: cursos formativos na especialidade	1 punto

(Nos apartados g), h), i), k) e l), datos referentes ao ano 2025)

g) Presenza social (2025). Participación en competicións deportivas oficiais. Ata 5 puntos máximo.

Actividade de ámbito internacional (mínimo tres países)	5 puntos
Actividade de ámbito estatal	4 puntos
Actividade de ámbito autonómico	3 puntos
Actividade de ámbito provincial/local	1 punto

Considérase Competición Internacional: Campionato do Mundo, Campionato de Europa, probas do *ranking* mundial, probas do *ranking* europeo.

Considérase Competición Estatal: Campionato de España, probas do *ranking* nacional.

Considérase Competición Autonómica: Campionato Galego, probas do *ranking* galego.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Non puntuarán torneos, adestramentos cos combinados estatais e autonómicos, opens, torneos privados e similares.

h) Presenza social (2025). Organización de competicións/eventos deportivos dentro do territorio municipal. Ata 15 puntos máximo.

Actividade de ámbito internacional (mínimo tres países)	5 puntos
Actividade de ámbito estatal	4 puntos
Actividade de ámbito autonómico	3 puntos
Actividade de ámbito provincial/local	1 punto

* Puntuaranse 3 actividades máximo.

i) Utilización de instalacións para o deporte de base (2025). Ata 10 puntos máximo.

Utilización exclusiva de instalacións non municipais	10 puntos
Utilización habitual de instalacións non municipais e puntual de inst. municipais	8 puntos
Utilización de instalacións municipais e non municipais	5 puntos
Utilización habitual de instalacións municipais e puntual de inst. non municipais	1 punto
Utilización exclusiva de instalacións municipais	0 puntos

k) Gastos derivados do coidado e mantemento de instalacións propias (2025). Ata 5 puntos máximo.

Auga, luz e conservación da instalación	5 puntos
Luz ou auga e conservación da instalación	4 puntos
Conservación da instalación (marcaxe, coidado da herba...)	3 puntos
Luz ou auga	2 puntos

l) Colaboración co departamento de deportes en actividades municipais (2025). 10 puntos como máximo.

No punto i) enténdese por instalacións municipais aquelas de xestión directa polo Concello.

No punto l) enténdese por colaboración en actividades puntuais que organiza o departamento de deportes.

2). CRITERIOS PARA DEPORTISTAS FEDERADOS:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

a) Competicións oficiais no ano 2025. Ata 24 puntos máximo. Puntuarán tres competicións máximo.

	1 NIVEL			2 NIVEL			OUTROS		
	ABS.	Prev. ABS.	BASE	ABS.	Prev. ABS.	BASE	ABS.	Prev. ABS.	BASE
INTERNACIONAL	8	7	6	6	5	4	4	3	2
ESTATAL	6	5	4	4	3	2	2	2	1
AUTONÓMICA	5	4	3	3	2	1	1	1	1

***b) R*esultados no ano 2025. Ata 30 puntos máximo. Puntuarán tres competicións máximo.**

b1) Competición Internacional:

	1 NIVEL			2 NIVEL			OUTROS		
	ABS.	Prev. ABS.	BASE	ABS.	Prev. ABS.	BASE	ABS.	Prev. ABS.	BASE
1º/2º	10	8	6	8	6	4	6	4	2
3º/4º	8	6	4	6	4	2	4	2	1
5º/8º	6	4	2	4	2	1	2	1	0
OUTROS	4	2	1	2	1	0	0	0	0

b2) Competición estatal:

	1 NIVEL			2 NIVEL			OUTROS		
	ABS.	Prev. ABS.	BASE	ABS.	Prev. ABS.	BASE	ABS.	Prev. ABS.	BASE
1º/2º	8	6	4	6	4	2	4	2	1
3º/4º	6	4	2	4	2	1	2	1	1
5º/8º	4	2	1	2	1	0	1	0	0
OUTROS	2	1	0	1	0	0	0	0	0

b3) Competición autonómica:

	1 NIVEL			2 NIVEL			OUTROS		
	ABS.	Prev. ABS.	BASE	ABS.	Prev. ABS.	BASE	ABS.	Prev. ABS.	BASE
1º/2º	6	5	4	4	2	1	1	1	0
3º/4º	4	3	2	2	2	1	1	1	0
5º/8º	2	1	1	1	1	1	0	0	0
OUTROS	1	0	0	0	0	0	0	0	0

c) Competicións oficiais no ano 2024. Ata 24 puntos máximo. Puntuarán tres competicións máximo.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

	1 NIVEL			2 NIVEL			OUTROS		
	ABS.	Prev. ABS.	BASE	ABS.	Prev. ABS.	BASE	ABS.	Prev. ABS.	BASE
INTERNACIONAL	8	7	6	6	5	4	4	3	2
ESTATAL	6	5	4	4	3	2	2	2	1
AUTONÓMICA	5	4	3	3	2	1	1	1	1

d) Competir nun club do Concello de Teo: 10 puntos

e) Ser Deportista Galega/o de Alto Nivel recoñecida/o pola Secretaría Xeral para o Deporte, no momento da publicación das bases desta convocatoria: 5 puntos

6ª.—IMPORTES MÁXIMOS DAS SUBVENCIÓNS

A cantidade concedida, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas supere o custo da actividade ou o investimento feito polo/a beneficiario/a.

En ningún caso o importe máximo da subvención de cada solicitante superará o 70% do orzamento da entidade/deportista para a tempada obxecto da solicitude.

O importe máximo da subvención a cada deportista individual non poderá superar os 2.000 euros.

7ª.—ÓRGANO COMPETENTE E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución, será o Departamento de Deportes.

O órgano instrutor do procedemento será o encargado de requirir dos/as solicitantes a emenda de deficiencias nas solicitudes presentadas. Ademais elaborará un informe de cada unha das solicitudes presentadas no que se fará constar:

- Nome da entidade/deportista, disciplina deportiva e contía máxima á que opta.
- Se está ou non completa a documentación do expediente, con expresión da data da finalización do prazo de presentación, no seu caso.
- Se cumpre os requisitos da convocatoria, con indicación expresa dos que non cumpra, de ser o caso.

A valoración das propostas presentadas, con base nos criterios relacionados no punto anterior, efectuaraa unha Comisión de Valoración constituída polo concelleiro delegado de
Deportes, que a presidirá, a concelleira delegada de Cultura e á técnica municipal que actuará tamén como secretaria da comisión.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Suplencias. En casos de ausencia ou de enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, os membros da comisión de valoración poderán ser substituídos polos seus suplentes.

Para estes efectos, cando non poidan concorrer o/a concelleiro/a de Deportes ou o/a concelleiro/a de Cultura poderán ser substituídos/as, respectivamente, polo/a concelleiro/a de Educación e polo/a concelleiro/a de Servizos Sociais. A técnica deportiva poderá ser substituído/a por outro persoal do departamento de deportes.

Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención municipal. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

8ª.—PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS

- As bases sairán publicadas no BOP.

- A resolución das subvencións notificaranse individualmente e publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello, indicando a puntuación obtida por cada solicitude, o importe subvencionado e/ou os motivos da denegación.

9ª.—COMPROMISOS

Os clubs e deportistas subvencionados/as ao abeiro destas bases quedarán obrigados a colaborar co Concello naquelas actividades deportivas que organice cando lle sexa requirido e farán constar na súa publicidade o patrocinio do Concello de Teo.

Os clubs e deportistas que reciban subvencións durante o ano 2026 quedan obrigados a comunicar ao departamento de deportes a súa presenza en competicións autonómicas, nacionais e internacionais, así como a consecución de premios ou títulos nas categorías puntuables nestas bases, así como facilitar material gráfico para a difusión dende os medios municipais.

10ª.—XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

Para o abono do importe das subvencións económicas concedidas, será imprescindible acreditar polos/as perceptores/as a aplicación efectiva dos fondos percibidos con destino á finalidade que motivou a concesión mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Facturas de gasto e xustificantes bancarios dos pagos relacionados coa actividade subvencionada e por un importe igual ou superior á cantidade concedida. Poderán presentarse facturas de gasto de actividades/competicións realizadas de xaneiro a outubro de 2026 e facturas de novembro e decembro de 2025 (sempre e cando ditas actividades/competicións estivesen reflectidas na memoria descritiva da convocatoria do ano 2025). Só se admitirán facturas orixinais ou fotocopias cotexadas emitidas con posterioridade a realización dos gastos (adquisición de subministración, prestación de servizos...) e nas que ademais de reunir todos os requisitos legais, deberán figurar en detalle todos os conceptos incluídos na mesma, a constancia expresa de "Cobrada, asinada e indicando o nome e o DNI", pola persoa representante da empresa, que recibe o pagamento.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

En cantidades menores de 1.000 euros admitiranse “Xustificantes de recepción”.

b) Declaración responsable de que se realizou o fin para o que a subvención foi concedida.

c) Declaración responsable doutras axudas e/ou subvencións concedidas ou pendentes de conceder durante o ano 2026 con expresión, no seu caso de que o conxunto das axudas percibidas non superaron o gasto realizado.

d) Memoria das actividades realizadas durante o ano 2026.

e) Declaración responsable de gastos e ingresos detallados realizados no ano 2026.

f) Certificación ou declaración responsable de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias (a nivel estatal e galego) e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo , os certificados de atoparse ao corrente con Facenda e a Seguridade Social poderán substituírse por unha declaración responsable cando o importe da subvención non supere os 3.000 €. O solicitante neste punto deberá comprometerse a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

Por outra parte, o solicitante poderá conceder autorización ao concello para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación de atoparse ao corrente con Facenda e coa Seguridade Social a través de certificados telemáticos, en cuxo caso o solicitante non deberá aportar a correspondente certificación.

g) Cartelaría, notas de prensa…. onde figure o patrocinio do Concello de Teo (se é o caso).

As subvencións xustificaranse antes do 30/10/2026. No caso de non xustificarse no prazo anteriormente mencionado, farase un requirimento onde se conceden 10 días para a súa emenda. De non presentar a documentación procederase á súa revogación.

O pagamento realizarase unha vez que os e as beneficiarias xustifiquen os gastos ocasionados na execución das actividades subvencionadas, sempre dentro do prazo sinalado, e despois da fiscalización da conta xustificativa pola Intervención municipal e posterior aprobación da mesma pola Alcaldía, quen ordenará o pago.

O coeficiente de financiamento será 1, de xeito que, cando se presenten xustificantes por importe inferior ao concedido na achega, esta verase reducida proporcionalmente.

Se na documentación presentada para a xustificación houbera redución de gastos, en referencia aos presentados na instancia da solicitude, a axuda que finalmente o Concello de Teo aboará a o beneficiario/a deberá respectar a porcentaxe máxima do 70% sobre o gasto final xustificado.

11ª.—CONTROL DA APLICACIÓN DO GASTO

O Departamento de Deportes do Concello poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

12ª.—RÉXIME SANCIONADOR

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

13ª.—RÉXIME XURÍDICO

Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e a Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

O que se fai público para os efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas bases.

Teo, 13 de abril de 2026

O concelleiro de Deportes e Xuventude

Rogelio Gómez Fernández

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO

ANEXO I - MODELO DE SOLICITUDE - CLUBS DEPORTIVOS

DATOS DE IDENTIFICACIÓN	
ENTIDADE SOLICITANTE: **CIF:** **MODALIDADE:**	
ENDEREZO:	**LOCALIDADE:**
Correo-e:	
REPRESENTANTE DA ENTIDADE: **DNI:**	
CARGO QUE OCUPA:	**TELÉFONO/S:**

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (marca o que corresponda)	
Copia cotexada do CIF (no caso de non tela entregada noutras convocatorias anteriores)	
Certificación bancaria do número de conta (se houbo modificación do ano anterior)	
Certificación federativa do número de licenzas, número de equipos e as súas categorías	
Anexo III	
Copia dos títulos do persoal técnico (se houbo modificación do ano anterior)	

Sinatura da/o representante da entidade

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO

ANEXO II - MODELO DE SOLICITUDE - DEPORTISTAS

DATOS DE IDENTIFICACIÓN	
NOME E APELIDOS DA/O DEPORTISTA: **MODALIDADE:** **CATEGORÍA:**	**NIF:** **TELÉFONO:** **Correo-e:**
ENDEREZO:	
NOME E APELIDOS DA/O REPRESENTANTE LEGAL (No caso dos menores de idade): **DNI:** **TELÉFONO:** **Correo-e:**	
RELACIÓN:	**ENDEREZO PARA NOTIFICACIÓNS:**

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (marca o que corresponda)	
Copia cotexada da licenza federativa en vigor	
Copia cotexada do dni en vigor	
Currículum deportivo	
Certificación federativa das competicións oficiais nas que participou e os resultados obtidos no ano 2025	
Certificación federativa das competicións oficiais nas que participou no ano 2024	
Certificación bancaria do número de conta (se houbo modificación do ano anterior)	
Anexo IV	

Teo, de de 2026

Sinatura: no caso dos/as menores de idade, sinatura do/a titor/a legal

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO

ANEXO III (PARA CLUBS)

D./Dna con DNI

en representación da Entidade:

DECLARO RESPONSABLEMENTE: que todos os datos que constan na solicitude presentada e neste documento que se achega son certos.

* Se nalgún dos apartados non chegara o espacio pódese achegar á solicitude un documento asinado electronicamente, hai que reflectilo na última páxina deste Anexo III.

1.- DEPORTISTAS FEDERADAS (empadroadas no concello) no noso club para a tempada 2025/2026 (ou no seu caso para o ano 2026):

NOME E APELIDOS **(soamente empadroadas)**		
1.	2.	3.
4.	5.	6.
7.	8.	9.
10.	11.	12.
13.	14.	15.
16.	17.	18.
19.	20.	21.
22.	23.	24.
25.	26.	27.
28.	29.	30.

2.- DEPORTISTAS FEDERADOS (empadroados no concello) no noso club para a tempada 2025/2026 (ou no seu caso para o ano 2026):

NOME E APELIDOS **(soamente empadroados)**		
1)	2)	3)
4)	5)	6)
7)	8)	9)
10)	11)	12)
13)	14)	15)
16)	17)	18)
19)	20)	21)
22)	23)	24)

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

25)	26)	27)
28)	29)	30)
31)	32)	33)
34)	35)	36)

3.- TÉCNICOS/AS no noso club para a tempada 2025/2026 (ou no seu caso para o ano 2026):

NOME E APELIDOS	TITULACIÓN	CATEGORÍA NA QUE ADESTRAN
1.		
2.		
3.		
4.		
5.		
6.		
7.		
8.		
9.		
10.		

4.- MEMORIA DESCRITIVA ANO 2025

4.1.- PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES (2025)
EVENTO 1: EVENTO/ACTIVIDADE NO QUE SE PARTICIPOU:
ÁMBITO: Internacional* Estatal Autonómico Provincial Local *Países participantes:
EVENTO 2: EVENTO/ACTIVIDADE NO QUE SE PARTICIPOU:
ÁMBITO: Internacional* Estatal Autonómico Provincial Local *Países participantes:
EVENTO 3: EVENTO/ACTIVIDADE NO QUE SE PARTICIPOU:
ÁMBITO: Internacional* Estatal Autonómico Provincial Local *Países participantes:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO

4.2.- ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DENTRO DO CONCELLO DE TEO (2025)
EVENTO 1: EVENTO/ACTIVIDADE QUE SE ORGANIZOU:
ÁMBITO: Internacional* Estatal Autonómico Provincial Local *Países participantes:
EVENTO 2: EVENTO/ACTIVIDADE QUE SE ORGANIZOU:
ÁMBITO: Internacional* Estatal Autonómico Provincial Local *Países participantes:
EVENTO 3: EVENTO/ACTIVIDADE QUE SE ORGANIZOU:
ÁMBITO: Internacional* Estatal Autonómico Provincial Local *Países participantes:

5.- MEMORIA DESCRITIVA ANO 2026 (EVENTOS/ACTIVIDADES PARA OS QUE SE PIDE A SUBVENCIÓN)

5.1.- PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES (2026)
EVENTO 1: EVENTO/ACTIVIDADE_:
ÁMBITO: Internacional* Estatal Autonómico Provincial Local *Países participantes:
EVENTO 2: EVENTO/ACTIVIDADE:
ÁMBITO: Internacional* Estatal Autonómico Provincial Local *Países participantes:
EVENTO 3: EVENTO/ACTIVIDADE:
ÁMBITO: Internacional* Estatal Autonómico Provincial Local *Países participantes:

5.2.- ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES (2026)
EVENTO 1: EVENTO/ACTIVIDADE:
ÁMBITO: Internacional* Estatal Autonómico Provincial Local *Países participantes:
EVENTO 2: EVENTO/ACTIVIDADE:
ÁMBITO: Internacional* Estatal Autonómico Provincial Local *Países participantes:
EVENTO 3: EVENTO/ACTIVIDADE:
ÁMBITO: Internacional* Estatal Autonómico Provincial Local *Países participantes:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO

6.- ORZAMENTO DETALLADO PREVISTO PARA O ANO 2026

6.1.- DESCRICIÓN GASTOS	CANTIDADE
TOTAL GASTOS:	

6.2.- DESCRICIÓN INGRESOS *no caso de non ter ingresos debe figurar no total 0 €	CANTIDADE
TOTAL INGRESOS:	

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO

7.- DATOS DEPORTIVOS

MODALIDADE/ESPECIALIDADE DEPORTIVA:
Nº TOTAL DE LICENZAS FEDERATIVAS: MASCULINAS: FEMININAS:
Nº DE EQUIPOS FEDERADOS:
Nº DE PARTICIPANTES LOCAIS (Empadroadas/os no concello de Teo):
CATEGORÍAS DE BASE (marcar a que corresponda): 7 6 5 4 3 2 1
NIVEL DE FORMACIÓN DAS/OS TÉCNICAS/OS (Indicar o número): o Técnico/a/s con titulación de adestrador/a profesional/nivel 3: o Técnico/a/s con titulación de adestrador/a avanzado/nivel 2: o Técnico/a/s con titulación de adestrador/a básico/nivel 1: o Técnico/a/s con titulación de licenciado/a en Ciencias do Deporte e E.F.: o Técnico/a/s con outras titulacións/cursos formativos:
PRESENZA SOCIAL: **PARTICIPACIÓN** en competicións deportivas oficiais (**2025**) (Marcar a de maior rango): Internacional Estatal Autonómico Provincial Comarcal ou local
PRESENZA SOCIAL: **ORGANIZACIÓN** de actividades/eventos deportivos dentro do concello de Teo (**2025**): Internacional Estatal Autonómico Provincial Comarcal ou local
USO DE INSTALACIÓNS PARA O DEPORTE DE BASE (**2025**) (Marcar as que correspondan): Instalacións non municipais Instalacións non municipais (puntualmente) Instalacións municipais Instalacións municipais (puntualmente) INSTALACIÓNS UTILIZADAS:
GASTOS MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS PROPIAS (2025) (Marcar as que correspondan):

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO

Auga	Luz
*Conservación da instalación	*Accións que se levan a cabo:
ACTIVIDADES MUNICIPAIS NAS QUE SE COLABOROU (**2025**):	

7.2.- COMPROMISOS E DECLARACIÓNS RESPONSABLES

A entidade solicitante, á que represento, acepta expresamente as bases da convocatoria de subvención.

A entidade solicitante, á que represento, reúne todos e cada un dos requisitos da convocatoria.

DECLARACIÓN RESPONSABLE: a entidade solicitante, á que represento, está ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente. (A nivel autonómico e estatal)

DECLARACIÓN RESPONSABLE: a entidade solicitante, á que represento, non está incursa en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

Sinatura **ELECTRÓNICA** da/o representante da entidade

Achegamos xunto a solicitude os seguintes documentos por falta de espazo:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO

ANEXO IV (PARA DEPORTISTAS)

Nome e apelidos do/a deportista (ou representante legal no caso de menores de idade):

con DNI

en representación do/a deportista:

DECLARO RESPONSABLEMENTE: que todos os datos que constan na solicitude presentada e neste documento que se achega son certos.

* Se nalgún dos apartados non chegara o espacio pódese achegar á solicitude un documento asinado e hai que reflectilo na última páxina deste Anexo IV.

1.- MEMORIA DESCRITIVA ANO 2026 – COMPETICIÓNS PARA AS QUE SE PIDE A SUBVENCIÓN

COMPETICIÓNS OFICIAIS NO ANO 2026				
1ª.- COMPETICIÓN :				
ÁMBITO:	Internacional	Estatal	Autonómico	Outros
2ª.- COMPETICIÓN :				
ÁMBITO:	Internacional	Estatal	Autonómico	Outros
3ª.- COMPETICIÓN :				
ÁMBITO:	Internacional	Estatal	Autonómico	Outros

2.- MEMORIA DESCRITIVA ANO 2025

PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓNS OFICIAIS NO ANO 2025 (Puntuaranse máximo 3 competicións)				
1ª.- COMPETICIÓN :			**POSTO CONSEGUIDO**:	
ÁMBITO:	Internacional	Estatal	Autonómico	Outros
2ª.- COMPETICIÓN :			**POSTO CONSEGUIDO**:	
ÁMBITO:	Internacional	Estatal	Autonómico	Outros

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

3ª.- COMPETICIÓN :			**POSTO CONSEGUIDO**:
ÁMBITO: Internacional	Estatal	Autonómico	Outros

* Para que as competicións sexan valoradas teñen que vir certificadas pola Federación correspondente.

3.- MEMORIA DESCRITIVA ANO 2024

PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓNS OFICIAIS NO ANO 2024 (Puntuaranse máximo 3 competicións)			
1ª.- COMPETICIÓN :			
ÁMBITO: Internacional	Estatal	Autonómico	Outros
2ª.- COMPETICIÓN :			
ÁMBITO: Internacional	Estatal	Autonómico	Outros
3ª.- COMPETICIÓN :			
ÁMBITO: Internacional	Estatal	Autonómico	Outros

* Para que as competicións sexan valoradas teñen que vir certificadas pola Federación correspondente.

4**.- ORZAMENTO DETALLADO PREVISTO PARA ANO 2026**

4.1.- DESCRICIÓN GASTOS	**CANTIDADE**

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO

TOTAL GASTOS:	

4.2.- DESCRICIÓN INGRESOS *no caso de non ter ingresos debe figurar no total 0 €	**CANTIDADE**
TOTAL INGRESOS:	

5.- DATOS DEPORTIVOS

ESPECIALIDADE DEPORTIVA: **CLUB:** **CATEGORÍA:**
CLUB DE TEO: SI NON **DEPORTISTA DE ALTO NIVEL** **(Recoñecida/o pola Secretaría Xeral para o Deporte, no momento da publicación destas bases):** **Nº DOGA (Onde figure o recoñecemento e a vixencia):** **DATA:**

6.- COMPROMISOS E DECLARACIÓNS RESPONSABLES (Do/a deportista ou no caso de menores de idade corresponden aos representantes legais)

A persoa solicitante acepta expresamente as bases da convocatoria de subvención.

A persoa solicitante reúne todos e cada un dos requisitos da convocatoria.

A persoa solicitante DECLARA RESPONSABLEMENTE que está ao día no pagamento das obrigas tributarias (a nivel autonómico e a nivel estatal) e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente.

A persoa solicitante DECLARA RESPONSABLEMENTE que non está incurso/a en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

Sinatura do/a deportista ou representante legal (no caso dos/as menores de idade)

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Achegamos xunto a solicitude os seguintes documentos por falta de espazo:

Segundo- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE BASES REGULADORAS PARA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DE CULTURA SEN ÁNIMO DE LUCRO, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS NO ANO 2026.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 13 de maio de 2026 que se recolle a continuación:

"**PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Considerando a importante función de formento que ven realizando o Concello de Teo dende fai anos mediante a colaboración económica coas entidades sen ánimo de lucro de diversa índole.

Vistas as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades culturais sen animo de lucro para 2026.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 6 de maio de 2026.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades culturais sen animo de lucro para 2026, que se reflicten de seguido:

(...)

Segundo- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.
Teo, asinado na data da sinatura dixital
A alcaldesa
Lucía Calvo de la Uz"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)), acorda:
Primeiro.- Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades culturais sen animo de lucro para 2026, que se reflicten de seguido:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS CULTURAIS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS O ANO 2026

1ª.— OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión de subvencións destinadas á organización, promoción, preparación de eventos e actividades no ano 2026, con cargo á partida **330/48001** do orzamento 2026 por un importe total de 35.000 euros.

Son obxectivos perseguidos polas axudas reguladas nestas bases a potenciación da cultura, a promoción da práctica cultural, a dinamización cultural no Concello de Teo, impulsando ademais deste xeito formas de ocio alternativo.

2ª.—BENEFICIARIOS/AS

As entidades culturais sen ánimo de lucro, con domicilio social no Concello de Teo e inscritas no Rexistro de Asociacións Culturais do Concello de Teo.

Non poderán ter a condición de beneficiarios aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13.2 da Lei 38/2003.

3ª.—ACTIVIDADES E GASTOS SUBVENCIONABLES

As subvencións que se outorguen ao abeiro das presentes bases, terán como finalidade:

a) Colaboración en gastos correntes derivados da realización de actividades de participación e/ou promoción cultural por parte dos suxeitos mencionados no artigo 2º das presentes bases e, dos gastos de conservación, mantemento ou reparación menores, que non teñan o carácter de investimento, necesarios para o desenvolvemento destas no ano 2026.

b) Aquelas asociacións que reciban unha subvención nominativa non poderán concorrer a esta convocatoria.

d) Non serán gastos subvencionables:

— Os xuros debedores de contas bancarias.

— Os xuros, recargos e sancións administrativas.

— Os gastos de procedementos xudiciais.

4ª.— LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Conforme ao disposto no artigo 14 de la Lei 39/2015 de outubro, de procedemento das administracións públicas, **as persoas xurídicas (entidades) están obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas** para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo.

As solicitudes deberán presentarse na sede electrónica deste concello a través do seguinte enlace: https://sede.teo.gal/sxc/gl/procedimientosytramites/tramites/Solicitudsubvenciones_N

Soamente pode presentarse unha única solicitude por Asociación Cultural.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

As solicitudes deberán de presentarse no prazo de 15 días hábiles dende a publicación do anuncio das presentes bases no BOP.

5ª- DOCUMENTACIÓN

As solicitudes de subvención deberán presentarse no modelo normalizado (Anexo I), e irán acompañas da seguinte documentación:

a) Documento asinado polo/a representante da entidade facendo constar as actividades desenvolvidas e a relación nominal de participantes con expresión de se están ou non empadroados no Concello de Teo o que se comprobará de oficio polo Departamento de Cultura.

b) Copia cotexada do CIF. Só necesaria en caso de non estar depositada no concello.

c) Cartelaría, notas de prensa, difusión en redes, e memoria das actividades culturais organizadas coas que concorre a esta subvención.

d) Memoria económica do ano 2026, con especificación de ingresos e gastos, desagregándoos por conceptos.

e) Memoria descritiva da actividade que se desenvolveu, con detalle de cada un dos gastos en que se incorreu para a súa realización, a súa cuantificación e o financiamento que se obtivo. Nesta memoria indicaranse os obxectivos que se pretendían acadar coa realización das actividades e os finalmente conseguidos.

f) Certificación bancaria da conta onde se efectuarán os pagamentos.

g) Declaración de axudas e/ou subvencións de calquera entidade pública ou privada solicitadas para a mesma finalidade indicando a súa contía.

h) Declaración xurada conforme o solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

No caso de solicitudes defectuosas ou incompletas, concederase un prazo de **10 días** para a súa corrección, arquivándose sen máis trámites de non se emendaren os defectos en dito prazo.

6ª—CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS

As subvencións reguladas nas presentes bases concederanse en réxime de concorrencia competitiva, polo que as solicitudes que cumpran os requisitos serán avaliadas consonte os criterios que de seguido se sinalan:

1. Actividades culturais de carácter anual. Máximo 10 puntos.

a) Escola de música e baile tradicional. 3 puntos

b) Teatro. 3 puntos

c) Coral / grupo de canto / grupo de música. 3 puntos.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

2. Outras actividades de tempo libre de carácter anual (manualidades, pintura, costura, bordado, bolillos, etc.). Concederase un punto por actividade ata un máximo de 5 puntos.

3. Número de persoas participantes nas actividades culturais de carácter anual. Máximo: 5 puntos.

A partir de 30, 5 puntos.

Ata 25, 4 puntos.

Ata 20, 3 puntos.

Ata 15, 2 puntos.

Ata 10, 1 punto.

4. Persoas empadroadas no Concello de Teo participantes nas actividades de carácter anual. Máximo 5 puntos.

100%, 5 puntos.

Máis do 85%, 4 puntos.

Máis do 75%, 3 puntos.

Máis do 50%, 2 puntos.

Máis do 25%, 1 punto.

5. Gastos derivados do coidado e mantemento das instalacións propias. Máximo 5 puntos.

Gastos de aluguer de locales, 5 puntos.

Gastos de luz e conservación da instalación, 4 puntos.

Gastos de conservación da instalación, 3 puntos.

6. Participacións -non lucrativas - en actos fóra do Concello de Teo. Concederase un punto por cada participación da asociación –estea representada esta por un ou por varios dos seus grupos- debidamente documentada. Máximo, 5 puntos.

7. Organización de actividades culturais de carácter puntual (festivais, encontros, concursos...). Máximo, 10 puntos. Valoraranse, como máximo, dúas actividades de cada ámbito. Non se valorarán comidas, excursións nin viaxes de tempo libre ou de lecer.

Actividade de ámbito internacional, 5 puntos.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Actividade de ámbito estatal, 4 puntos.

Actividade de ámbito autonómico, 3 puntos.

Actividade de ámbito provincial, 2 puntos.

Actividade de ámbito comarcal ou local, 1 punto.

8. Edición de libros. Concederanse 2 puntos por cada publicación que conte co correspondente depósito legal.(máx 6 puntos)

7ª.—IMPORTES MÁXIMOS DAS SUBVENCIÓNS

En ningún caso o importe máximo da subvención de cada solicitante superará o 70% do orzamento da entidade.

8ª.—ÓRGANO COMPETENTE E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

As solicitudes dirixiranse á Concelleira delegada de Cultura nos prazos indicados no punto 4º das presentes bases.

Os funcionarios designados polo Concello de Teo serán o órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución.
O órgano instrutor do procedemento será o encargado de requirir dos/as solicitantes a emenda de deficiencias nas solicitudes presentadas. Ademais elaborará un informe de cada unha das solicitudes presentadas no que se fará constar:

- Nome da entidade e contía máxima da subvención á que opta.
- Se cumpre os requisitos da convocatoria, con indicación expresa dos que non cumpra, de ser o caso.

A valoración das propostas presentadas, con base nos criterios relacionados no punto anterior, efectuaraa unha Comisión de Valoración constituída polo concelleira delegada de
Cultura, que a presidirá, a concelleira delegada de Educación e á técnica municipal de Cultura que actuará tamén como secretaria da comisión.
Suplencias. En casos de ausencia ou de enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, os membros da comisión de valoración poderán ser substituídos polos seus suplentes.

Para estes efectos, cando non poidan concorrer o/a concelleiro/a de Cultura ou o/a concelleiro/a de Educación poderán ser substituídos/as, respectivamente, polo/a concelleiro/a de deportes e polo/a concelleiro/a de Servizos Sociais. A técnica de Cultura poderá ser substituído/a por outro persoal do departamento de Cultura.

Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención municipal. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

9ª.—PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

- As bases sairán publicadas no BOP.

- A resolución das subvencións notificaranse individualmente e publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello, indicando a puntuación obtida por cada solicitude, o importe subvencionado e/ou os motivos da denegación.

10ª.—COMPROMISOS

Os subvencionados/as ao abeiro destas bases quedarán obrigados a colaborar co concello naquelas actividades que organice cando lle sexa requirido e farán constar na súa publicidade o patrocinio do Concello de Teo.

11ª.—XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

Para o abono do importe das subvencións económicas concedidas, será imprescindible acreditar polos/as perceptores/as a aplicación efectiva dos fondos percibidos con destino á finalidade que motivou a concesión mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Facturas de gasto de 2026 e xustificantes bancarios do pago relacionados coa actividade subvencionada e por un importe superior á cantidade concedida. Só se admitirán facturas orixinais ou fotocopias cotexadas emitidas con posterioridade a realización dos gastos (adquisición de subministración, prestación de servizos...) e nas que ademais de reunir todos os requisitos legais, deberán figurar en detalle todos os conceptos incluídos na mesma, a constancia expresa de "Cobrada, asinada e indicando o nome e o DNI", pola persoa representante da empresa, que recibe o pagamento. *En cantidades menores de 1.000 euros admitiranse "Xustificantes de recepción".

Só se admitirán recibos ou tíckets nos casos regulados no artigo 4 do Regulamento de Facturación, RD 1619/2012, de 30 de novembro.

b) Declaración responsable de que se realizou o fin para o que a subvención foi concedida.

c) Declaración responsable doutras axudas e/ou subvencións concedidas ou pendentes de conceder durante o ano 2026 con expresión, no seu caso de que o conxunto das axudas percibidas non superaron o gasto realizado.

d) Memoria das actividades realizadas durante o ano 2026.

e) Declaración responsable de gastos e ingresos detallados realizados no ano 2026.

f) Certificación ou declaración responsable de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias (a nivel estatal e galego) e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo , os certificados de atoparse ao corrente con Facenda e a Seguridade Social poderán substituírse por unha declaración responsable cando o importe da subvención non supere os 3.000 €. O solicitante neste punto deberá comprometerse a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

Por outra parte, o solicitante poderá conceder autorización ao concello para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación de atoparse ao corrente con Facenda e coa Seguridade Social a través de certificados telemáticos, en cuxo caso o solicitante non deberá aportar a correspondente certificación.

g) Cartelaría, notas de prensa…. onde figure o patrocinio do Concello de Teo (se é o caso).

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

As subvencións xustificaranse antes do 15/10/2026. No caso de que resulte necesario subsanar a documentacion xustificativa, a/o secretaria/o da comisión de valoración efectuará o correspondente requerimento, concedendo un prazo de 10 días naturais para subsanar. No caso de non xustificarse no prazo anteriormente mencionado, entenderase que a entidade renuncia ao seu dereito a cobrar a subvención.

O pagamento realizarase unha vez que os e as beneficiarias xustifiquen os gastos ocasionados na execución das actividades subvencionadas, sempre dentro do prazo sinalado, e despois da fiscalización da conta xustificativa pola Intervención municipal e posterior aprobación da mesma pola Alcaldía, quen ordenará o pago.

O coeficiente de financiamento será 1, de xeito que, cando se presenten xustificantes por importe inferior ao concedido na achega, esta verase reducida proporcionalmente.

Se na documentación presentada para a xustificación houbera redución de gastos, en referencia aos presentados na instancia da solicitude, a axuda que finalmente o Concello de Teo aboará a o beneficiario/a deberá respectar a porcentaxe máxima do 70% sobre o gasto final xustificado.

12ª.—CONTROL DA APLICACIÓN DO GASTO

O órgano instrutor poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

13ª.—RÉXIME SANCIONADOR

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

14ª.—RÉXIME XURÍDICO

Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O que se fai público para os efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas bases.

Teo, 6 de maio de 2026

Mª Margarita Rosende Dominguez

Concelleira de Cultura

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE PARA A SUBVENCIÓN A ASOCIACIÓNS CULTURAIS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS O ANO 2026

DATOS DE IDENTIFICACIÓN:

ENTIDADE SOLICITANTE.....

ENDEREZO SOCIAL.....

LOCALIDADE.....

CIF.....

TELÉFONOS DA ENTIDADE.....

ENDEREZO ELECTRÓNICO.....

REPRESENTANTE DA ENTIDADE(nome e apelidos).....

DNI.....

CARGO QUE OCUPA.....

TELÉFONO DE CONTACTO.....

NÚMERO DE SOCIOS/AS.....

NÚMERO DE SOCIOS/AS EMPADROADOS/AS EN TEO.....

FINS SOCIAIS DA ENTIDADE.....

IMPORTE DO ORZAMENTO ANO 2026.....

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (20 díxitos)

Teo, ...de 2026

O/A respresentante da entidade

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO

ANEXO 2

ACTIVIDADES DE CARÁCTER ANUAL	NÚMERO DE PARTICIPANTES	EMPADROADOS (nome e apelidos)

Declaro que:

- Acepto expresamente as bases desta convocatoria de subvencións.
- Que a entidade por min representada cumpre todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.
- Que os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

Teo, …….de …….de 2026

O/A representante da entidade

<u>Segundo</u>- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO

7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.
Entrados neste punto non se presenta ningunha.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.
Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A secretaria xeral	A alcaldesa
Virginia Fraga Díaz	Lucía Calvo de la Uz

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 25/05/2026 12:52:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 25/05/2026 14:43:00)
Versión imprimible
CVD: GN824R4mNfw5hT2AUltX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO

ACTA 11/26
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
- 1 DE XUÑO DE 2026 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas e dous minutos do día 1 de xuño de 2026, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que de seguido se relacionan, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.ª Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

Presidenta :
D.ª Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:
D. Rogelio Lema Mougán
D.ª María Margarita Rosende Domínguez
D.ª María Vázquez Rey
D. Ángel Barreiro Rodríguez

Non asiste, previa escusa: D. José Manuel Guerra Calvelo
Arquitecto: D. Ignacio Soto González
Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 18/05/2026**
2.- **LICENZAS URBANÍSTICAS – CORRECCIÓN DE ERRO**
3.- **AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**
4.- **APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO PARA A ACTIVIDADE "SAÍDA CULTURAL A BARBANZA-AROUSA E NOIA"**
5.- **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE "CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE DO CONCELLO DE TEO. CURSO ACADÉMICO 2025/2026"**
6.- **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE "BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES DE CARÁCTER EDUCATIVO, SEN ÁNIMO DE LUCRO, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2026"**
7.- **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE "BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES PARA O FOMENTO DA IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO. EXERCICIO 2026"**
8.- **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
9.- **ROGOS E PREGUNTAS.**

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 03/06/2026 12:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 03/06/2026 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: fpxn1lMzG7nWumcir6JC Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, a sra. alcaldesa declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 18/05/2026

A sra. alcaldesa pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 18 de maio de 2026.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS – CORRECCIÓN DE ERRO

LICENZAS URBANÍSTICAS-CORRECCIÓN ERRO.

Visto o escrito presentado por María Dolores Mirás Furelos, en data 23 de abril de 2026, con rexistro de entrada no concello núm. 202699900001335, no que solicita a corrección dun erro detectado, en canto á referencia catastral, na licenza de primeira ocupación, expte. O-500-04/2018, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 19 de marzo de 2018, para unha vivenda unifamiliar, situada en Texexe, 125, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508050810000SF.

Vista a documentación obrante no expediente e segundo consulta do catastro, a referencia catastral e 001305600NH34A0001YX.

Considerando o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Rectificar o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de marzo de 2018, de xeito que *onde pon*: "R.C.: 15083B508050810000SF", *debe poñer*: "R.C.: 001305600NH34A0001YX".

Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO

3.1. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A. (rex. entrada nº 202699900001125 do 01/04/2026).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 21 de maio de 2026, que se recolle a continuación:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 03/06/2026 12:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 03/06/2026 12:04:00)
Versión imprimible
CVD: fpxn1lMzG7nWumcir6JC Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Elena Navarro Cuellas, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 1 de abril de 2026 (rex. entrada nº 202699900001125), para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda unifamiliar situada en Cantoña, 26-A, Luou (SGD618526020142).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (500,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202699900001725 do 18/05/2026).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Visto que segundo informe do arquitecto técnico municipal de data 19 de maio de 2026, a obra está sen iniciar.

Considerando o disposto no artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

<u>Primeiro</u>.- Tomar coñecemento da renuncia de ZOILA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, á licenza urbanística núm. 1/2024 -2023/U022/000008, concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de febreiro de 2024, para construción dunha vivenda unifamiliar, en Solláns. 214, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508004110001DW, segundo proxecto redactado polos arquitectos Álvaro Marín Durán e Alfonso Castro Lorenzo, procedéndose ao arquivo do expediente citado sen máis trámite.

<u>Segundo</u>.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

2.4. Visto o escrito presentado por Silvia Asorey Mera, en data 1 de xuño de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202600000002136, en virtude do cal renuncia de maneira expresa e definitiva á licenza urbanística núm. 4/2023 -2022/U022/000047.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 19/06/2026 10:04:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 19/06/2026 10:29:00)
Versión imprimible
CVD: GxTM1/RKdHu4Y/NBgguV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Vista a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 6 de febreiro de 2023, a ÁNGEL COTELO RAMOS**,** para construción dunha vivenda unifamiliar, en Chaves, 44, parroquia de Lucí, R.C.: 15083B502100480000SZ, segundo proxecto redactado polo arquitecto Pablo Castro Pais.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16 de febreiro de 2026, acordou tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza urbanística 4/2023 -2022/U022/000047, pasando a nome de Manuel Porto López.

Visto que segundo documentación obrante no expediente, en data 18 de setembro de 2024, mediante escritura pública outorgada ante o notario José Ignacio Feijoo Juarros, Manuel Porto López, adquiriu xunto a Silvia Asorey Mera a propiedade da parcela obxecto da licenza.

Visto que segundo informe do arquitecto técnico municipal de data 13 de maio de 2026, a obra está sen iniciar.

Considerando o disposto no artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

<u>Primeiro</u>.- Tomar coñecemento da renuncia de SILVIA ASOREY MERA, á licenza urbanística núm. 4/2023 -2022/U022/000047, concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 6 de febreiro de 2023, para construción dunha vivenda unifamiliar, en Chaves, 44, parroquia de Lucí, R.C.: 15083B502100480000SZ, segundo proxecto redactado polo arquitecto Pablo Castro Pais, procedéndose ao arquivo do expediente citado sen máis trámite.

<u>Segundo</u>.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

2.5. Visto o escrito presentado por Aranzazu Sieiro García, en data 5 de maio de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202600000001668, en virtude do cal renuncia de maneira expresa e definitiva á licenza urbanística núm. 9/2018.

Vista a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de marzo de 2018, a ARÁNZAZU SIEIRO GARCÍA**,** para construción dunha vivenda unifamiliar, en Pedrouso, 18, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503015760000SD, segundo proxecto redactado polo arquitecto David Fernández Nogueira.

Visto que segundo informe do arquitecto técnico municipal de data 13 de maio de 2026, a obra está sen iniciar.

Considerando o disposto no artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 19/06/2026 10:04:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 19/06/2026 10:29:00)
Versión imprimible
CVD: GxTM1/RKdHu4Y/NBgguV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia de ARÁNZAZU SIEIRO GARCÍA, á licenza urbanística núm. 9/2018 (tramitada co expediente 2026/U017/000022), concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de marzo de 2018, para construción dunha vivenda unifamiliar, en Pedrouso, 18, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503015760000SD, segundo proxecto redactado polo arquitecto David Fernández Nogueira. procedéndose ao arquivo do expediente citado sen máis trámite.

Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO

Escrito presentado por Alberto Rivadulla Salgueiro, en data 1 de xuño de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202699900001956, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondente coa licenza urbanística 66/2022 -2022/U022/000027, xuntando escritura pública de data once de marzo de 2022 do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 21 de novembro de 2022, a Alberto Rivadulla Salgueiro, para construción dunha vivenda unifamiliar, en Vilariño, 28, parroquia de Vilariño, segundo proxecto redactado polo arquitecto Andrés Fernández Couce, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 143,00 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data once de marzo de 2022 do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, dunha superficie de 143,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 66/2022 -2022/U022/000027.

Segundo.- Deberá procederse pola persoa interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no Concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 19/06/2026 10:04:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 19/06/2026 10:29:00)
Versión imprimible
CVD: GxTM1/RKdHu4Y/NBgguV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 21 de novembro de 2022 (Lic. 66/2022 -2022/U022/000027).

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

4.- AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO

PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A. (rex. entrada nº 202599900001640 do 12/05/2026).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 4 de xuño de 2026, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Elena Navarro Cuellas, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 12 de maio de 2026 (rex. entrada nº 202699900001640), para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda unifamiliar situada na urbanización de Os Verxeles, nº 84 - Ref. 7791805NH3379S0001LW (SGD618526020163).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (500,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202699900001913 de 29/05/2026).

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 19/06/2026 10:04:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 19/06/2026 10:29:00)
Versión imprimible
CVD: GxTM1/RKdHu4Y/NBgguV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

***Primeiro**.- Outorgar a Elena Navarro CuellaS, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000026, para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda, situada na urbanización de Os Verxeles, nº 84 - Ref. 7791805NH3379S0001LW (SGD618526020163), de acordo co solicitado en data 12 de maio de 2026 (rex. entrada nº 202699900001640).*

***Segundo**.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Elena Navarro Cuellas, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000026, para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda, situada na urbanización de Os Verxeles, nº 84 - Ref. 7791805NH3379S0001LW (SGD618526020163), de acordo co solicitado en data 12 de maio de 2026 (rex. entrada nº 202699900001640).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ÁS ASOCIACIÓNS DO ÁMBITO VECIÑAL E DE BENESTAR, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2026

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 2 de xuño de 2026 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Considerando a importante función de formento que ven realizando o Concello de Teo dende fai anos mediante a colaboración económica coas entidades sen ánimo de lucro de diversa índole.

Vistas as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades de ámbito veciñal e do benestar, para 2026.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 02/06/2026.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 19/06/2026 10:04:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 19/06/2026 10:29:00)
Versión imprimible
CVD: GxTM1/RKdHu4Y/NBgguV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades de ámbito veciñal e do benestar, para 2026, que se reflicten de seguido:

(…)

Segundo- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

Teo, asinado na data da sinatura dixital
A alcaldesa
Lucía Calvo de la Uz"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)), acorda:

Primeiro.- Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades de ámbito veciñal e do benestar, para 2026, que se reflicten de seguido:

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS AS ASOCIACIÓNS DO ÁMBITO VECIÑAL E DE BENESTAR, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2026

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión de subvencións destinadas a actividades organizadas ou promovidas por asociacións veciñais e de benestar durante ano 2026, con cargo á partida 924/480.00 do Orzamento de 2026, por un importe total de 15.000 euros.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 19/06/2026 10:04:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 19/06/2026 10:29:00)
Versión imprimible
CVD: GxTM1/RKdHu4Y/NBgguV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Son obxectivos perseguidos polas axudas reguladas nestas bases a potenciación e o fomento de actividades que melloren e contribúan na participación comunitaria de todos os veciños e veciñas do concello de Teo.

2ª.- BENEFICIARIOS/AS

Serán beneficiarias ás asociacións veciñais e de benestar, con ámbito de actuación no termo municipal do Concello de Teo para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral.

Terán a consideración de actividades ou programas de interese xeral, para os efectos da presente convocatoria, aqueles que fomenten a participación cidadá como medio de mellora da calidade de vida e das relacións veciñais e que se potencie o desenvolvemento das persoas, das aldeas e das parroquias do Concello de Teo mediante actividades de carácter lúdico, social, cultural ou tempo libre, asi como as actividades que potencien o benestar social dos veciños. So serán subvencionables as recollidas na base terceira, deste documento.

As entidades terán que cumprir as seguintes condicións:

1) Poderán concorrer a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións que cumpran os requisitos e as finalidades desta convocatoria e que fomenten a participación entre os/as veciños/as con ámbito de actuación no termo municipal do Concello de Teo.
2) Para ser beneficiarias das axudas as entidades veciñais deberán cumprir os seguintes requisitos:
   - Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Teo.
   - Ter os seus estatutos adaptados á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.
   - Non estar incursas as entidades ou as persoas que posúen a súa representación legal nalgún dos supostos de prohibición para obter a condición de beneficiarios de subvencións por incapacidade ou incompatibilidade, establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
   - Estar ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria, e non ser debedor do Concello de Teo por calquera tipo de débeda de dereito público vencida, líquida e esixible por vía de prema.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 19/06/2026 10:04:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 19/06/2026 10:29:00)
Versión imprimible
CVD: GxTM1/RKdHu4Y/NBgguV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

- Ter debidamente xustificados os gastos correspondentes a subvencións concedidas e percibidas con anterioridade dende o Concello de Teo, así como non ter aberto ningún procedemento de reintegro das cantidades percibidas por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
- Achegar coa solicitude para concorrer na convocatoria a documentación que se detalla nestas bases reguladoras.

3) Os beneficiarios das axudas adquiren as seguintes obrigas:

- Realizar as actividades ou proxectos e cumprir os fins ou propósitos que fundamentan a concesión da subvención.
- Comunicar o inicio ou celebración das actividades subvencionadas con anterioridade a súa celebración, así como acreditar diante do Concello de Teo a realización da actividade na correspondente memoria.
- Deberá comunicarse calquera cambio que se faga en actividades subvencionadas en canto a horario, frecuencia, ou calquera outra alteración substancial da mesma.
- Facer constar en toda a publicidade e difusión das actividades e programas subvencionados a colaboración do Concello de Teo.
- Cumprir as condicións que se determinan nestas bases e na concesión da subvención ou axuda.
- Someterse ás actuacións de comprobación dos servizos correspondentes por razón da materia e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral do Concello de Teo.
- Comunicarlle ó Concello de Teo a obtención de axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración pública ou de particulares ou entidades privadas, así como doutros ingresos ou recursos que financien a actividade.

Non poderán ter a condición de beneficiarios aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13.2 da Lei 38/2003.

3ª.-ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables as seguintes actividades realizadas dentro do territorio do concello de Teo realizadas entre o período 01/11/2025 a 01/11/2026:

- De tipo físico: ximnasia, ioga, pilates, aerobic, etc.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 19/06/2026 10:04:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 19/06/2026 10:29:00)
Versión imprimible
CVD: GxTM1/RKdHu4Y/NBgguV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

- De ocio e tempo de lecer que promovan espazos de convivencia e encontro: obradoiros de traballos manuais, restauración, música, lectura, danza, risoterapia, etc.
- De tipo formativo e informativo á colectividade: obradoiros de xogos tradicionais, conferencias, coloquios, etc.

De actividades de interese patrimonial, medio ambiental ou de rutas.

Celebracións tradicionais como magostos, cacharelas, entroido, etc.

En ningún caso serán subvencionables os seguintes gastos:

- As viaxes e os gastos de comidas ou restauración.
- Premios de concursos, nin de sorteos.
- Os establecidos no artigo 31.7 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

4ª.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1) A solicitude normalizada da convocatoria (Anexo I) xunto coa documentación que se recolle na base anterior deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Teo, que irá acompañada dos seguintes documentos:
   a) Documento asinado polo/a representante da entidade facendo constar as actividades programadas e as prazas para cada unha.
   b) Copia cotexada do CIF, so necesaria no caso de non estar depositada no concello.
   e) Certificación bancaria da conta onde se efectuarán os pagamentos. No caso de non tela depositado con anterioridade ou de ter cambiado.
   f) Declaración xurada conforme o solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003. Esta declaración esta incluída no anexo I.

No caso de solicitudes defectuosas ou incompletas, concederase un prazo de 10 días para a súa corrección, arquivándose sen máis trámites de non se emendaren os defectos en dito prazo.

2) O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

As solicitudes deberán conter unha ficha para a entidade (anexo I) e unha ficha de cada actividade para a que solicita subvención. Esta ficha terá os datos completos da actividade e os datos de financiamento da mesma (anexo II). Cada entidade deberá indicar para que concepto se pide a axuda.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 19/06/2026 10:04:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 19/06/2026 10:29:00)
Versión imprimible
CVD: GxTM1/RKdHu4Y/NBgguV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A convocatoria de subvencións farase pública no taboleiro de edictos do Concello.

As *solicitudes deberán presentarse* a través da sede ***www.teo.gal*** no apartado de ***subvencións, axudas e premios*.**

De conformidade co disposto no artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, os certificados de atoparse ao corrente con Facenda e a Seguridade Social poderán substituírse por unha declaración responsable cando o importe da subvención non supere os 3.000€. O solicitante neste punto deberá comprometerse a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

Por outra parte, o solicitante poderá conceder autorización ao concello para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación de atoparse ao corrente con Facenda e coa Seguridade Social a través de certificados telemáticos, en cuxo caso o solicitante non deberá aportar a correspondente certificación.

5ª.-IMPORTES MÁXIMOS DAS SUBVENCIÓNS

En ningún caso o importe máximo da subvención de cada solicitante superará o 60% do orzamento da entidade ou asociación para as actividades obxecto da solicitude. Cada entidade indicará o importe máximo que poderá xustificar para esta subvención, non podendo concederlle un importe superior.

O importe da axuda ou subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que illada ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións supere o custo da actividade subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á súa percepción en futuras convocatorias.

Ningunha entidade poderá obter unha subvención superior ao 30% da contía global.

6ª.-ÓRGANO COMPETENTE E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

As solicitudes dirixiranse á Concellería delegada de Servizo Sociais e Relacións Veciñais nos prazos indicados nas presentes Bases.

A Concellería delegada de Relacións Veciñais será o órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 19/06/2026 10:04:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 19/06/2026 10:29:00)
Versión imprimible
CVD: GxTM1/RKdHu4Y/NBgguV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

As valoracións das solicitudes e a formulación das correspondentes propostas de concesión de subvencións realizaraas unha Comisión de Valoración constituída para o efecto, que terá a seguinte composición:

- Presidente: o concelleiro de Relacións Veciñais.
- O administrativo do Departamento de Servizo Sociais.
- Concelleira de Cultura.

A comisión será a encargada de requirir dos solicitantes a emenda de deficiencias nas solicitudes presentadas. O técnico da comisión encargarase, así mesmo, de requerir a subsanación na conta xustificativa, concedendo un prazo de 3 días naturais para subsanar. Ademais elaborará un informe de cada unha das solicitudes presentadas no que se fará constar:

— Nome da entidade e contía máxima da subvención á que opta.
— Se está ou non completa a documentación do expediente, con expresión da data da finalización do prazo de presentación, no seu caso
— Se cumpre os requisitos da convocatoria, con indicación expresa dos que non cumpra de ser o caso.

Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local previo informe da Intervención municipal. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

7ª.-TRAMITACIÓN E VALORACIÓN DE SOLICITUDES

Establécense como criterios de valoración das solicitudes do réxime de concorrencia competitiva, os seguintes:

- Valoración da actividade en Xeral da Entidade

CRITERIOS COMÚNS PARA TODAS AS ACTIVIDADES DUNHA ENTIDADE	ATA 35 PUNTOS
Nivel de representatividade da asociación no seu territorio (número de socios/as censados no concello de Teo)	Ata 10 puntos
Nivel de colaboración e participación coas actividades de dinamización organizadas polo Concello de Teo	Ata 10 puntos
Pola primeira actividade	10 puntos
Pola segunda actividade	5 puntos

CRITERIOS TRANSVERSAIS	ATA 60 PUNTOS

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 19/06/2026 10:04:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 19/06/2026 10:29:00)
Versión imprimible
CVD: GxTM1/RKdHu4Y/NBgguV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Nivel de colaboración con outras entidades cidadás para o desenvolvemento da actividade	Ata 5 puntos
Actividades comunitarias para celebrar festas tradicionais	Ata 10 puntos
Promoción da participación cidadá e dinamización comunitaria, actividade destinada a implicación social	Ata 10 puntos
Déficit de actividades análogas no territorio de influencia	Ate 10 puntos
Colectivos ao que se dirixe a actividade (xuventude, muller, terceira idade) Estas actividades deberán ter como destinatarios específicos estes colectivos.	Ata 10 puntos
Promoción da lingua galega como obxectivo no desenvolvemento da actividade	Ata 5 puntos
Grao de innovación da actividade	Ate 10 puntos

8ª.- RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS

A resolución da concesión deberá notificárselles expresamente a todos os solicitantes de forma fidedigna. En dita resolución indicáranse as actividades subvencionadas de acordo do punto 2 desta convocatoria.

9ª.- COMPROMISOS

As entidades subvencionadas ao abeiro destas bases quedarán obrigadas a colaborar co Concello naquelas actividades que este organice cando lle sexa requirido e farán constar na súa publicidade o patrocinio do Concello de Teo.

10ª.- XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

A entidade beneficiaria da subvención estará obrigada a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos, antes do día 10/11/2026.

A xustificación dos gastos conforme coa fin para a que a axuda foi concedida deberá realizarse mediante a achega da conta xustificativa, **debera incluír:**

- Facturas orixinais polo importe total da subvención concedida ó abeiro do establecido no artigo 30.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro (Lei xeral de subvencións e o seu regulamento).

  Poderase xustificar con copias compulsadas sempre que previamente na factura orixinal se inclúa a seguinte dilixencia asinada polo responsable da entidade veciñal: "ESTA FACTURA FOI PRESENTADA COMO XUSTIFICACIÓN DE GASTO SUBVENCIONABLE NO CONCELLO DE TEO".

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 19/06/2026 10:04:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 19/06/2026 10:29:00)
Versión imprimible
CVD: GxTM1/RKdHu4Y/NBgguV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

- Xustificantes do pagamento das facturas:
  - No caso do pagamentos mediante transferencia bancaria: xustificante bancario.
  - No caso de pagamentos por cheque nominativo: copia do cheque e extracto bancario onde conste o seu cargo na conta da entidade veciñal.
  - Declaración xurada sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración pública ou de particulares ou de entidade privadas.
- Certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter tributario, da Seguridade Social e dos tributos municipais. Conforme co artigo 24.4 do RD 887/2006, do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a presentación da declaración responsable substituirá a estas certificacións naquelas subvencións nas que a contía a outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 €, de acordo co establecido na base 4.

Sobre a execución das actividades subvencionadas deberá achegarse:

- Memoria económica, indicativa de todos os ingresos e gastos relacionados coa actividade subvencionada: anexo III.
- Relación clasificada dos gastos por cada unha das actividades subvencionadas, con identificación do acredor e da factura ou documento equivalente, do seu importe, da data de emisión e da data de pagamento, de acordo co disposto no artigo 75 do RD 887/2006, do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
- Relación detallada por cada unha das actividades dos ingresos da entidade anexo IV.
- Datos xerais dos ingresos da entidade segundo anexo V.
- Memoria descritiva da totalidade das actividades subvencionadas. Conterá todos os datos da súa realización, participantes, docentes, horarios, lugar, duración e valoración. Se hai unha desviación do proxecto presentado, xustificarase o cambio.

Admitiranse como **gastos subvencionables** os seguintes:

1. Gastos de publicidade e difusión: imprenta, serigrafía, etc. (achegarase copia de materiais)
2. Gastos de materiais consumibles específicos das actividades.
3. Asistencias técnicas: monitores/as, docencia, etc.
4. Outros gastos relacionados coas actividades executadas.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 19/06/2026 10:04:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 19/06/2026 10:29:00)
Versión imprimible
CVD: GxTM1/RKdHu4Y/NBgguV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Para o abono do importe das subvencións económicas concedidas, será imprescindible acreditar polos perceptores/as a aplicación efectiva dos fondos percibidos con destino á finalidade que motivou a concesión mediante a presentación da seguinte documentación:

As subvencións xustificaranse antes do 10/11/2026. Excepcionalmente e previa solicitude motivada de prórroga poderá presentarse xustificación ata o 20/11/2026. No caso de non xustificarse no prazo anteriormente mencionado, procederase á revogación da mesma. **A non presentación da conta xustificativa dentro do exercicio 2026 dará lugar á perda da subvención.**

Non serán gastos subvencionables:

— Os xuros debedores de contas bancarias.

— Os xuros, recargos e sancións administrativas.

— Os gastos de procedementos xudiciais.

O pagamento realizarase unha vez que os e as beneficiarias xustifiquen os gastos ocasionados na execución das actividades subvencionadas, sempre dentro do prazo sinalado no punto e). e despois da fiscalización da conta xustificativa pola Intervención Municipal e posterior aprobación da mesma pola Alcaldía, quen ordenará o pago.

O coeficiente de financiamento será 1, de xeito que, cando se presenten xustificantes por importe inferior ao concedido na achega, esta se verá reducida proporcionalmente.

11ª.- CONTROL DA APLICACIÓN DO GASTO E RÉXIME SANCIONADOR

Os servizos sociais comunitarios poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

12ª.-RÉXIME XURÍDICO

Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 19/06/2026 10:04:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 19/06/2026 10:29:00)
Versión imprimible
CVD: GxTM1/RKdHu4Y/NBgguV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

O que se fai público aos efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas Bases.

13ª.- COMPROMISO DE PUBLICIDADE

As entidades que sexan destinatarias das axudas recollidas nestas bases deberán sinalar na publicidade das actividades realizadas durante o ano 2026 a seguinte lenda “co apoio do concello de Teo”, seguido do escudo oficial do mesmo.

Teo, asinado na data da sinatura dixital

Concelleiro de Relacións Veciñais
Juan Jesús Cerqueiro Pintos

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 19/06/2026 10:04:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 19/06/2026 10:29:00)
Versión imprimible
CVD: GxTM1/RKdHu4Y/NBgguV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO

CONCELLO DE TEO

SUBVENCIÓNS A ENTIDADES VECIÑAIS E DE BENESTAR - ANO 2026

ANEXO I – SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
NOME DA ENTIDADE (Nome completo e/ou abreviatura)	**CIF**
ENDEREZO	**CP**
TELÉFONOS	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	
NOME E APELIDOS DA PERSOA QUE REPRESENTA Á ENTIDADE	**NIF**
DATOS DA CONTA BANCARIA	
TITULAR DA CONTA	
NÚMERO DE CONTA (con IBAN – 24 díxitos)	
DECLARACIÓN XURADA	

Declaro baixo a miña responsabilidade que a entidade á que represento:

1) Coñece e acepta as bases reguladoras que rexen a presente convocatoria de subvencións.

2) Que achego, xunto con esta solicitude, a documentación xeral e específica recollida nas bases reguladoras da presente convocatoria.

3) Que a entidade que represento está ao corrente nas súas obrigas tributarias e da seguridade social.

4) Que os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

5) Que SI NON (marcar o que proceda) recibimos axudas e/ou subvencións de calquera entidade pública ou privada solicitadas para a mesma finalidade que as contidas nesta solicitude. Se fora o caso, por importe de _____€

6) A entidade á que represento non está incursa en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

Teo, _____ de _____ de 20_____

A persoa representante da entidade

Asdo.

ALCALDESA DO CONCELLO DE TEO

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 19/06/2026 10:04:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 19/06/2026 10:29:00)
Versión imprimible
CVD: GxTM1/RKdHu4Y/NBgguV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/



CONCELLO DE TEO

CONCELLO DE TEO

SUBVENCIÓNS A ENTIDADES VECIÑAIS E DE BENESTAR - ANO 2026

ANEXO II – MEMORIA DAS ACTIVIDADES

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
NOME DA ENTIDADE (Nome completo e/ou abreviatura)	**CIF**
ENDEREZO	**CP**
TELÉFONOS	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	
NOME E APELIDOS DA PERSOA QUE REPRESENTA Á ENTIDADE	**NIF**
NÚMERO DAS PERSOAS SOCIAIS E CENSADAS EN TEO (achegar listaxe tamén):	

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 19/06/2026 10:04:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 19/06/2026 10:29:00)
Versión imprimible
CVD: GxTM1/RKdHu4Y/NBgguV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/



CONCELLO DE TEO

ANEXO II – MEMORIA DAS ACTIVIDADES (continuación)

ACTIVIDADE
NOME DO PROXECTO
DESCRICIÓN (no caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte)
DATA/S DE REALIZACIÓN
PERSOAS DESTINATARIAS
ORZAMENTO: **Gastos:**_____ **Ingresos previstos:**_____ **Contía solicitada:**_____
ACTIVIDADE
NOME DO PROXECTO
DESCRICIÓN (no caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte)
DATA/S DE REALIZACIÓN
PERSOAS DESTINATARIAS
ORZAMENTO: **Gastos:**_____ **Ingresos previstos:**_____

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 19/06/2026 10:04:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 19/06/2026 10:29:00)
Versión imprimible
CVD: GxTM1/RKdHu4Y/NBgguV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Contía solicitada:_____

ANEXO II – MEMORIA DAS ACTIVIDADES (continuación)

ACTIVIDADE
NOME DO PROXECTO
DESCRICIÓN (no caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte)
DATA/S DE REALIZACIÓN
PERSOAS DESTINATARIAS
ORZAMENTO: **Gastos:**_____ **Ingresos previstos:**_____ **Contía solicitada:**_____
ACTIVIDADE
NOME DO PROXECTO
DESCRICIÓN (no caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte)
DATA/S DE REALIZACIÓN
PERSOAS DESTINATARIAS
ORZAMENTO:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 19/06/2026 10:04:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 19/06/2026 10:29:00)
Versión imprimible
CVD: GxTM1/RKdHu4Y/NBgguV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Gastos:_____
Ingresos previstos:_____
Contía solicitada:_____

ANEXO II – MEMORIA DAS ACTIVIDADES (continuación)

ACTIVIDADE
NOME DO PROXECTO
DESCRICIÓN (no caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte)
DATA/S DE REALIZACIÓN
PERSOAS DESTINATARIAS
ORZAMENTO: **Gastos:**_____ **Ingresos previstos:**_____ **Contía solicitada:**_____
Teo, _____ de _____ de 20_____ **A persoa representante da entidade** **Asdo.**

ALCALDESA DO CONCELLO DE TEO

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 19/06/2026 10:04:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 19/06/2026 10:29:00)
Versión imprimible
CVD: GxTM1/RKdHu4Y/NBgguV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO

CONCELLO DE TEO
SUBVENCIÓNS A ENTIDADES VECIÑAIS E DE BENESTAR - ANO 2026

ANEXO III – XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

RESUMO DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS				
NOME DA ENTIDADE (Nome completo e/ou abreviatura)			**CIF**	
NOME DA ACTIVIDADE				
TIPO DE ACTIVIDADE. Breve descrición (indicar o número de persoas participantes)	**Data**	**Ingresos**	**Gastos**	**Subvención**
Teo, _____ de _____ de 20_____ **A/O presidenta/e** **A/O tesoureira/o** **Asdo.:** **Asdo.:**				

ALCALDESA DO CONCELLO DE TEO

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 19/06/2026 10:04:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 19/06/2026 10:29:00)
Versión imprimible
CVD: GxTM1/RKdHu4Y/NBgguV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/



CONCELLO DE TEO

CONCELLO DE TEO

SUBVENCIÓNS A ENTIDADES VECIÑAIS E DE BENESTAR - ANO 2026

ANEXO IV – XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

(Unha por actividade)

XUSTIFICACIÓN DE GASTOS DE ACTIVIDADE					
NOME DA ENTIDADE (Nome completo e/ou abreviatura)				**CIF**	
NOME DA ACTIVIDADE					
Provedor	**Nº factura**	**Data factura**	**Concepto**	**Data pagamento**	**Importe**
Teo, _____ de _____ de 20_____					
A/O presidenta/e			**A/O tesoureira/o**		
Asdo.:			**Asdo.:**		

ALCALDESA DO CONCELLO DE TEO

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 19/06/2026 10:04:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 19/06/2026 10:29:00)
Versión imprimible
CVD: GxTM1/RKdHu4Y/NBgguV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/



CONCELLO DE TEO

CONCELLO DE TEO

SUBVENCIÓNS A ENTIDADES VECIÑAIS E DE BENESTAR - ANO 2026

ANEXO V

XUSTIFICACIÓN DE INGRESOS DE ENTIDADE		
NOME DA ENTIDADE (Nome completo e/ou abreviatura)		**CIF**
NOME DA ACTIVIDADE		
CONCEPTO	**PROCEDENCIA**	**€**
Achega das persoas socias	**Por cotas**	**€**
Subvencións do Concello de Teo	**Describir a procedencia**	
		€
		€
		€
Subvencións doutras administracións ou entidades públicas ou privadas	**Describir a procedencia**	
		€
		€
		€
Outros ingresos (de ser o caso)	**Describir a procedencia**	
		€
		€
		€
	IMPORTE TOTAL	**€**
Teo, _____ de _____ de 20_____		
A/O presidenta/e **Asdo.:**	**A/O tesoureira/o** **Asdo.:**	

ALCALDESA DO CONCELLO DE TEO

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 19/06/2026 10:04:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 19/06/2026 10:29:00)
Versión imprimible
CVD: GxTM1/RKdHu4Y/NBgguV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Segundo- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

6. PROPOSTAS DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA

6.1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA. EUGENIO LIÑARES MANTEIGA.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 2 de xuño de 2026 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia de data 19/05/2026 por D.EUGENIO LIÑARES MANTEIGA de devolución de garantía constituida para executalas obras de canalización de treito de cuneta e pavimentar con formigon armado a fronte de parcela en O Aido, Luou.

Visto o informe favorable do arquitecto técnico municipal, segundo o cal procede a devolución da fianza.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 02/06/2026, favorable á devolución.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por EUGENIO LIÑARES MANTEIGA para obra referida anteriormente, por importe de **300€,** devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

Teo, 2 de xuño de 2026.
A Alcaldesa
Lucía Calvo de la Uz "

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 19/06/2026 10:04:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 19/06/2026 10:29:00)
Versión imprimible
CVD: GxTM1/RKdHu4Y/NBgguV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por EUGENIO LIÑARES MANTEIGA para obra referida anteriormente, por importe de 300€, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

6.2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA. ESTEBAN DEL RÍO NADAL.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 3 de xuño de 2026 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia de data 19/05/2026 por D.ESTEBAN DEL RIO NADAL de devolución de garantía constituida para executalas obras de reparación de canalización de auga potable afectando a pavimento de treito de estrada en rua Francos 48. Calo..

Visto o informe favorable do arquitecto técnico municipal, segundo o cal procede a devolución da fianza.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 03/06/2026, favorable á devolución.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por ESTEBAN DEL RIO NADAL para obra referida anteriormente, por importe de **800€,** devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

Teo, 3 de xuño de 2026.
A Alcaldesa
Lucía Calvo de la Uz "

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 19/06/2026 10:04:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 19/06/2026 10:29:00)
Versión imprimible
CVD: GxTM1/RKdHu4Y/NBgguV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por ESTEBAN DEL RIO NADAL para obra referida anteriormente, por importe de 800€, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e doce minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A secretaria xeral	A alcaldesa
Virginia Fraga Díaz	Lucía Calvo de la Uz

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 19/06/2026 10:04:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 19/06/2026 10:29:00)
Versión imprimible
CVD: GxTM1/RKdHu4Y/NBgguV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO

ACTA 13/26

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 6 DE XULLO DE 2023 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as trece horas e cinco minutos do día 6 de xullo de 2026, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que de seguido se relacionan, baixo a presidencia da sra. alcaldesa acctal., D.ª María Margarita Rosende Domínguez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

Alcaldesa acctal :

D.ª María Margarita Rosende Domínguez

Concelleiras/os:

D. Rogelio Lema Mougán

D.ª María Vázquez Rey

D. Ángel Barreiro Rodríguez

Non asiste, previa escusa: D. José Manuel Guerra Calvelo

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 15/06/2026**
2.- **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3.- **ACEPTACIÓN DE CESIÓNS DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIOS**
4.- **TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DAS CESIÓNS DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIOS**
5.- **AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**

FIRMADO POR VIRGINIA FRAGA DÍAZ (FECHA: 03/09/2026 09:07:12) , MARÍA MARGARITA ROSENDE DOMÍNGUEZ (FECHA: 03/09/2026 09:23:03)
Versión imprimible

FIRMADO POR VIRGINIA FRAGA DÍAZ (FECHA: 03/09/2026 09:07:12) , MARÍA MARGARITA ROSENDE DOMÍNGUEZ (FECHA: 03/09/2026 09:23:03)
Versión imprimible

6.- DACIÓN DE CONTA DA RES. 765/2026 DO 22/06/2026, POLA QUE SE INICIA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DA REDE DE SANEAMENTO DO CONCELLO, MEDIANTE CAMIÓN CISTERNA ASPIRADOR-IMPULSOR. S-4/2026

7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, a sra. alcaldesa declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 15/06/2026

A sra. alcaldesa pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 15 de xuño de 2026

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A TOMÁS GARCÍA SEOANE, licenza para segregación (dúas resultantes) da parcela con referencia catastral núm. 15083D503000740001QJ, situada en Covas, 42, parroquia de Cacheiras, segundo proxecto redactado polo técnico Juan Carlos Vilariño Santos.
Expediente núm: **24/2026 -2026/U018/000009**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 7 de abril de 2026 (rex. entrada núm. 202699900001159) redactado polo técnico Juan Carlos Vilariño Santos.
-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

	PXOM	Parcela 1	Parcela 2	Cesión
Ordenanza de aplicación	N1	N1	N1/R2/R4	N1
Superficie mínima	300 m^2	424,00 m^2	424/325/107 m^2	33,00 m^2
Fronte mínima	12,00 m	13,36 m	21,00 m	

-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 33,00 metros cadrados, asinado polo promotor.

- **A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.**

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-RENUNCIA Á SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA

2.2. Visto o escrito presentado por José Ramón Figueroa Mosquera, en representación de MONTAJES FIVI S.L., en data 23 de xuño de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202699900002471, en virtude do cal solicita que non se continúe co trámite iniciado para obtención de licenza urbanística, expediente 2026/U024/000001, desistindo da súa petición.

Visto que con data 12 de xuño de 2026, rexistro de entrada núm. 202699900002213, José Ramón Figueroa Mosquera, en representación de MONTAJES FIVI S.L., presenta solicitude de licenza urbanística para acondicionamento dunha finca agraria, movementos de terras, nivelación e muros necesarios para nivelación, en A Igrexa, parroquia de Reis, Ref. 15083N512006540000OR.

Considerando o disposto no artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Aceptar a desistencia de José Ramón Figueroa Mosquera, en representación de MONTAJES FIVI S.L., á solicitude de licenza urbanística, presentada con data 12 de xuño de 2026,

FIRMADO POR VIRGINIA FRAGA DÍAZ (FECHA: 03/09/2026 09:07:12) , MARÍA MARGARITA ROSENDE DOMÍNGUEZ (FECHA: 03/09/2026 09:23:03)
Versión imprimible

rexistro de entrada núm. 202699900002213, para acondicionamento dunha finca agraria, movemento de terras, nivelación e muros necesarios para nivelación, en A Igrexa, parroquia de Reis, Ref. 15083N512006540000OR, expediente 2026/U024/000001, e declarar concluso o procedemento, procedéndose ao arquivo do expediente citado sen máis trámite.

Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

B) LICENZAS URBANÍSTICAS-CORRECCIÓN ERRO.

2.3. Visto que na licenza urbanística núm. 22/2026 -2026/U022/000006, concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de xuño de 2026, a PABLO PILLADO ORDOÑEZ, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en O Sisto, 31, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503010580000SM, existe un erro en canto ao importe do presuposto de execución material, e por ende, o importe do Imposto sobre Construcións Instalacións e Obras.

Considerando o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Anular a liquidación aprobada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de xuño de 2026, identificada co número 20263J15083IO05L000002 e a taxa polo cartel de obra identificada co número 20263J15083LU04L000001.

Segundo.- Rectificar o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de xuño de 2026, de xeito que ***onde pon***:
"-Presuposto: 180.000,00 €.
Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 3.600,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 3.780,00 euros."
debe poñer:
"-Presuposto: 113.496,25 €.
Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 2.269,93 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 2.449,93 euros."

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

FIRMADO POR VIRGINIA FRAGA DÍAZ (FECHA: 03/09/2026 09:07:12) , MARÍA MARGARITA ROSENDE DOMÍNGUEZ (FECHA: 03/09/2026 09:23:03)
Versión imprimible

C) DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DA LICENZA URBANÍSTICA 236/1991 -MANUEL COSTA CARNEIRO

2.4. Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 22 de xuño de 2026, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente 236/1991 de concesión de licenza urbanística para construción dunha vivenda unifamiliar, na finca "Agro da Carretera", na parroquia de Cacheiras, e resultando do mesmo que a licenza foi concedida a Juan Carneiro Tojo, pola Comisión de Goberno en sesión de data 5 de agosto de 1991, notificándose á persoa interesada o acordo de concesión o 20 de agosto de 1991.

Considerando que de acordo co artigo 31 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Teo, o artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o artigo 359 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a caducidade será declarada pola administración logo do procedemento coa audiencia ao interesado.

Visto que segundo o informe da arquitecta técnica municipal, de data de 11 de decembro de 2025, as obras atópanse en construción sen rematar.

Considerando que na expresada licenza de edificación fixáronse, de acordo coa normativa aplicable, os prazos de iniciación e finalización das obras, nos termos seguintes: un ano para comezar, e tres anos para rematar; sendo seis meses o prazo máximo de interrupción.

Considerando que se produciu un incumprimento no prazo de finalización das obras, sen que ao promotor lle fora concedida prórroga do mesmo, e sen que conste a existencia de causa non imputable ao interesado que xustifique o citado incumprimento.

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía de data 29 de decembro de 2025 (Res 1685/2025), iniciouse expediente declarativo da extinción do dereito a edificar, con caducidade da licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Travesía de Montouto, 30, parroquia de Cacheiras, referencia catastral nº 15083A060001320000LD, expte. 236/1991, por incumprimento dos prazos establecidos na mesma e concedendo un prazo de vista do expediente e audiencia de dez días de acordo co disposto o art. 82 da Lei 39/2015.

Considerando que, de acordo coa normativa vixente, os titulares dos terreos teñen que cumprir, entre outros, os deberes de edificar os solares nos prazos fixados na preceptiva licenza de edificación.

Considerando que unha vez caducada a licenza, as obras non se poderán iniciar nin proseguir se non se solicita e obtén nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

FIRMADO POR VIRGINIA FRAGA DÍAZ (FECHA: 03/09/2026 09:07:12) , MARÍA MARGARITA ROSENDE DOMÍNGUEZ (FECHA: 03/09/2026 09:23:03)
Versión imprimible

*Vistos os preceptos indicados e demais normativa aplicable**,** proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro**.- Declarar a caducidade da licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Travesía de Montouto, 30, parroquia de Cacheiras, referencia catastral nº 15083A060001320000LD, expte. 236/1991, do que é promotor Manuel Costa Carneiro, concedida pola Comisión de Goberno, en sesión de data de 5 de agosto de 1991, por incumprimento do prazo de finalización.*

***Segundo**.- Notificar a presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Declarar a caducidade da licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Travesía de Montouto, 30, parroquia de Cacheiras, referencia catastral nº 15083A060001320000LD, expte. 236/1991, do que é promotor Manuel Costa Carneiro, concedida pola Comisión de Goberno, en sesión de data de 5 de agosto de 1991, por incumprimento do prazo de finalización.

Segundo.- Notificar a presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

3.- ACEPTACIÓN DE CESIÓNS DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIOS

3.1. LICENZA 18/2026 -2025/U022/000024 (Cesión 11/2026)

Escrito presentado por Rodrigo Pérez Sánchez, en data 12 de xuño de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202600000002508, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondente coa licenza urbanística 18/2026 -2025/U022/000024, xuntando escritura pública de data catro de xuño de 2026 do notario Marcelino Estévez Fernández, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 20 de abril de 2026, a Josefa Salgado Carballo, para construción dunha vivenda unifamiliar, en Castro, 1-B, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508030460000SR, segundo proxecto redactado polo arquitecto Ramón Blas Tojo Ferrero, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 160,43 metros cadrados.

FIRMADO POR VIRGINIA FRAGA DÍAZ (FECHA: 03/09/2026 09:07:12) , MARÍA MARGARITA ROSENDE DOMÍNGUEZ (FECHA: 03/09/2026 09:23:03)
Versión imprimible

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data catro de xuño de 2026 do notario Marcelino Estévez Fernández, dunha superficie de 160,43 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 18/2026 -2025/U022/000024.

Segundo.- Deberá procederse pola persoa interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no Concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 20 de abril de 2026 (Lic. 18/2026 -2025/U022/000024).

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.2. LICENZA 20/2026 -2026/U018/000007 (Cesión 12/2026)

Escrito presentado por Dalmiro Núñez Méndez, en data 19 de xuño de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202600000002721, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondente coa licenza urbanística 20/2026 -2026/U018/000007, xuntando escritura pública de data dez de febreiro de 2026 do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 20 de abril de 2026, a María Elena Parajó Calvo e Dalmiro Núñez Méndez, para segregación (dúas resultantes) da parcela con referencia catastral núm. 4192603NH3349S0001UD, situada en A Igrexa, 58, parroquia de Luou, segundo proxecto redactado pola técnica Carmen Rey López, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 640,75 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

FIRMADO POR VIRGINIA FRAGA DÍAZ (FECHA: 03/09/2026 09:07:12) , MARÍA MARGARITA ROSENDE DOMÍNGUEZ (FECHA: 03/09/2026 09:23:03)
Versión imprimible

Primeiro.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data dez de febreiro de 2026 do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, dunha superficie de 640,75 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 20/2026 -2026/U018/000007.

Segundo.- Deberá procederse pola persoa interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no Concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 20 de abril de 2026 (Lic. 20/2026 -2026/U018/000007).

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.3. LICENZA 1/2026 -2024/U022/000019 (Cesión 13/2026)

Escrito presentado por Paula Otero Vázquez, en data 30 de xuño de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202600000002852, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondente coa licenza urbanística 1/2026 -2024/U022/000019, xuntando escritura pública de data cinco de marzo de 2026 do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 19 de xaneiro de 2026, a Paula Otero Vázquez, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Regoufe, 10-B, parroquia de Luou, R.C.: 15083A501101260000KR, segundo proxecto redactado polo arquitecto Carlos Landeira Caamaño, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 49,00 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data cinco de marzo de 2026 do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, dunha superficie de 49,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 1/2026 -2024/U022/000019.

Segundo.- Deberá procederse pola persoa interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no Concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 19 de xaneiro de 2026 (Lic. 1/2026 -2024/U022/000019).

FIRMADO POR VIRGINIA FRAGA DÍAZ (FECHA: 03/09/2026 09:07:12) , MARÍA MARGARITA ROSENDE DOMÍNGUEZ (FECHA: 03/09/2026 09:23:03)
Versión imprimible

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DAS CESIÓNS DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIOS

4.1. LICENZA 7/2021 -2020/U022/000032 (Cesión 8/2026)

Escrito presentado por Iria Otero Romero, en data 16 de xuño de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202699900002296, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 6 de abril de 2026.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de febreiro de 2021, e a súa modificación concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 6 de outubro de 2025, a Iria Otero Romero, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Cornide, 83, parroquia de Calo, R.C.: 15083D508012670000MX, segundo proxecto redactado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 186,00 metros cadrados

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

-Franxa de terreo ao norte, na zona de concentración parcelaria de San Juan de Calo, dunha superficie de cento cincuenta metros cadrados. Inscrición: 1, Data: 30 de marzo de 2026. Finca: 38320. Código Rexistral Único: 15013001153721.

- Franxa de terreo ao sur, na zona de concentración parcelaria de San Juan de Calo, dunha superficie de trinta e seis metros cadrados. Inscrición: 1, Data: 30 de marzo de 2026. Finca: 38321. Código Rexistral Único: 15013001153738.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data cinco de decembro de 2025, do notario Manuel Remuñán López, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza

FIRMADO POR VIRGINIA FRAGA DÍAZ (FECHA: 03/09/2026 09:07:12) , MARÍA MARGARITA ROSENDE DOMÍNGUEZ (FECHA: 03/09/2026 09:23:03)
Versión imprimible

concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de febreiro de 2021 e a súa modificación, expte. 7/2021 -2020/U022/000032.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de febreiro de 2021 e a súa modificación, a Iria Otero Romero**,** para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Cornide, 83, parroquia de Calo, R.C.: 15083D508012670000MX, segundo proxecto redactado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena, expte. 7/2021 -2020/U022/000032.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

4.2. LICENZA 165/2008 (Cesión 6/2026)

Escrito presentado por Juan Carlos Vilariño Santos, en representación de Guillermo Fernández García, en data 22 de xuño de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202699900002435, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 6 de abril de 2026.

Vista a licenza concedida, pola Comisión de Goberno, en sesión de data 19 de maio de 2008, a Guillermo Fernández García**,** para construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar de Raxó, parroquia de Cacheiras, segundo proxecto redactado polo arquitecto Jesús Estévez Loureiro, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 55,15 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

-Finca núm. 370-B-VIAL, do plano xeral da zona de concentración parcelaria de Cacheiras-Recesende, dunha superficie de cincuenta e cinco con quince metros cadrados. Inscrición: 1, Data: 18 de xuño de 2026. Finca: 38352. Código Rexistral Único: 15013001155169.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data catro de marzo de 2026, da notaria Carmen Alicia Calaza López, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da

FIRMADO POR VIRGINIA FRAGA DÍAZ (FECHA: 03/09/2026 09:07:12) , MARÍA MARGARITA ROSENDE DOMÍNGUEZ (FECHA: 03/09/2026 09:23:03)
Versión imprimible

licenza concedida pola Comisión de Goberno, en sesión de data 19 de maio de 2008, expte. 165/2008.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Comisión de Goberno, en sesión de data 19 de maio de 2008, a Guillermo Fernández García**,** para construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar de Raxó, parroquia de Cacheiras, segundo proxecto redactado polo arquitecto Jesús Estévez Loureiro, expte. 165/2008.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

5.- AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 11 de xuño de 2026, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por María Rosario Iglesias Carril, de 29 de maio de 2026 (rex. entrada nº 202600000002113), para que se lle outorgue autorización de ocupación do dominio público para a instalación dunha canalización subterránea de auga, en Freiria, 9, parroquia de Reis.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), diferenciándose, no artigo 75, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

FIRMADO POR VIRGINIA FRAGA DÍAZ (FECHA: 03/09/2026 09:07:12) , MARÍA MARGARITA ROSENDE DOMÍNGUEZ (FECHA: 03/09/2026 09:23:03)
Versión imprimible

***Primeiro**.- Outorgar a María Rosario Iglesias Carril, licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000031, para que se lle outorgue autorización de ocupación do dominio para a instalación dunha canalización subterránea de auga, en Freiria, 9, parroquia de Reis, de acordo co solicitado o 29 de maio de 2026 (rex. entrada nº 202600000002113).*

***Segundo**.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a María Rosario Iglesias Carril, licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000031, para que se lle outorgue autorización de ocupación do dominio para a instalación dunha canalización subterránea de auga, en Freiria, 9, parroquia de Reis, de acordo co solicitado o 29 de maio de 2026 (rex. entrada nº 202600000002113).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

6.- DACIÓN DE CONTA DA RES. 765/2026 DO 22/06/2026, POLA QUE SE INICIA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DA REDE DE SANEAMENTO DO CONCELLO, MEDIANTE CAMIÓN CISTERNA ASPIRADOR-IMPULSOR. S-4/2026

Tendo en conta a Resolución de data 27/06/2023 (Res. 783/2023), pola que se delega na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións, entre outras: "*Os contratos de obras, de subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais cando o seu valor estimado non supere o 10 por cen dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada, reservándose a Alcaldía a facultade de contratar cando nas mesmas condicións o valor estimado non supere os 300.000 euros. (...).",* dáse conta da Resolución de Alcaldía do 22/06/2026 (Res. 765/2026), pola que se inicia a contratación do servizo de limpeza da rede de saneamento do Concello, mediante camión cisterna aspirador-impulsor. S-4/2026, e que se transcribe de seguido:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

FIRMADO POR VIRGINIA FRAGA DÍAZ (FECHA: 03/09/2026 09:07:12) , MARÍA MARGARITA ROSENDE DOMÍNGUEZ (FECHA: 03/09/2026 09:23:03)
Versión imprimible

ASUNTO: INICIO CONTRATACIÓN SERVIZO DE LIMPEZA DA REDE DE SANEAMENTO DO CONCELLO DE TEO MEDIANTE CAMIÓN CISTERNA ASPIRADOR-IMPULSOR. S-4/2026. 2026/C004/000004
EXPEDIENTE: 2026/G003/000809

Visto o informe de necesidade de contratación externa por falta de medios propios asinado polo Xefe de Instalacións de Augas en data 4 abril de 2026 informouse polo Xefe de Instalacións de Augas a presente licitación, xustificando, entre outros, o valor estimado do contrato, a necesidade da administración que se pretende satisfacer e a decisión de non dividir por lotes.

Considerando que con data 10 de abril de 2026 redactouse o prego de prescricións técnicas,

Visto o certificado de existencia de crédito de data 13 abril de 2026 e a memoria da Alcaldía de data 19 de xuño de 2026 .

Visto o decreto o **Decreto da Alcaldía 783/2023** de 27 de xuño de 2023 resolve:
"Delegar na Xunta de Goberno Local, as seguintes atribucións da Alcaldía:
1.- Os contratos de obras, de subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais cando o seu valor estimado non supere o 10 por cen dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada, reservándose a Alcaldía a facultade de contratar cando nas mesmas condicións o valor estimado non supere os 300.000 euros. (...)."

Visto que o importe estimado do contrato supera os 300.000€ considerase necesario avogar a competencia previamente delegada na xunta de goberno dado que a seguinte xunta de goberno prevese celebrar o 6 de xullo, resulta necesario non demorar a licitación 15 días dado que o anterior contrato xa venceu e resulta prioritario non demorar mais a licitación .

Visto o artigo 116 e a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público e considerando a competencia da Alcaldía para a adopción deste acordo,

RESOLVO:

Primeiro.- Avogar a competencia previamente delegada na xunta de goberno para esta licitación para inicio , aprobación e adxudicación polos motivos anteriormente expostos, de conformidade co disposto nos artigos 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico del Sector Público e

FIRMADO POR VIRGINIA FRAGA DÍAZ (FECHA: 03/09/2026 09:07:12) , MARÍA MARGARITA ROSENDE DOMÍNGUEZ (FECHA: 03/09/2026 09:23:03)
Versión imprimible

116 del Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2.868/1986, de 28 de novembro.

Segundo .-Motivar a necesidade de que se tramite un contrato para a execución do servizo de LIMPEZA DA REDE DE SANEAMENTO DO CONCELLO DE TEO MEDIANTE CAMIÓN CISTERNA ASPIRADOR-IMPULSOR de acordo co indicado no o informe de necesidade de contratación externa por falta de medios propios asinado polo Xefe de Instalacións de Augas en data 10 de abril de 2026 .

Terceiro.- Iniciar o procedemento de contratación do SERVIZO DE LIMPEZA DA REDE DE SANEAMENTO DO CONCELLO DE TEO MEDIANTE CAMIÓN CISTERNA ASPIRADOR-IMPULSOR, cuxo orzamento base de licitación ascende a 264000€ e 26.400,00 € de IVE, cun total de 290.400,00 €, e duración tres anos, por procedemento aberto, asignándolle o núm. de expediente S-4/2026. Con posibilidade de prórroga por unha anualidade , ascendendo o importe estimado a 352.800 €

Cuarto. - Incorporar ao expediente, de conformidade co artigo 116 e ca Disposición Adicional Terceira da LCSP 9/2017:

- Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer a contratación mediante procedemento aberto simplificado.
- Informe da adxunta a Secretaría.
- Informe de fiscalización de Intervención.

Quinto .- Dar conta do presente acordoa a xunta de goberno e o Pleno nas vindeiras sesións ordinarias que se celebren.

Teo, asinado, polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

O alcalde,
Lucía Calvo de la UZ

A secretaria xeral, que dou fe
Virginia Fraga Díaz"

7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

FIRMADO POR VIRGINIA FRAGA DÍAZ (FECHA: 03/09/2026 09:07:12) , MARÍA MARGARITA ROSENDE DOMÍNGUEZ (FECHA: 03/09/2026 09:23:03)
Versión imprimible

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e doce minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A secretaria xeral	A alcaldesa acctal.
Virginia Fraga Díaz	María Margarita Rosende Domínguez

FIRMADO POR VIRGINIA FRAGA DÍAZ (FECHA: 03/09/2026 09:07:12) , MARÍA MARGARITA ROSENDE DOMÍNGUEZ (FECHA: 03/09/2026 09:23:03)
Versión imprimible

CONCELLO DE TEO

ACTA 14/26

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 20 DE XULLO DE 2026-

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as trece horas e nove minutos do día 20 de xullo de 2026, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que de seguido se relacionan, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.ª Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

Presidenta :

D.ª Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:

D. Rogelio Lema Mougán

D.ª María Margarita Rosende Domínguez

D. Ángel Barreiro Rodríguez

Non asiste, previa escusa: D. José Manuel Guerra Calvelo e D.ª María Vázquez Rey

Secretaria acctal: D.ª Patricia Sánchez Castelo, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- **LICENZAS URBANÍSTICAS**

2.- **TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO. LICENZA 1/2026 – 2024/U022/000019**

3.- **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**

4.- **ROGOS E PREGUNTAS.**

FIRMADO POR Patricia Sánchez Castelo (FECHA: 12/08/2026 09:00:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 12/08/2026 10:52:00)
Versión imprimible
CVD: 64USc49eFEawdp06Vu3y Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, a sra. alcaldesa declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE SEGREGACIÓN DE PARCELA

1.1. ADRIÁN SENRA FERNÁNDEZ -MULTIPERNAS, S.L.
Escrito presentado por Adrián Senra Fernández, en representación de Multipernas S.L., en data 12 de xuño de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202699900002204, no que solicita declaración de innecesariedade de licenza municipal de segregación (dúas resultantes) dunha parcela con R.C.: 7246104NH3374N0001PQ, situada na rúa Ignacio Varela, 23, parroquia de Reis.
Expediente núm: **25/2026 -2026/U018/000012**

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 7 de xullo de 2026, incorporado ao expediente.

Visto o disposto nos artigos 150.6 b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 368.6 b) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Declarar a innecesariedade de licenza municipal de segregación da parcela con referencia catastral núm. 7246104NH3374N0001PQ, situada na rúa Ignacio Varela, 23, parroquia de Reis, solicitada por ADRIÁN SENRA FERNÁNDEZ, en representación de MULTIPERNAS S.L. (**I-3/2026**), en base ao informe do arquitecto municipal do 7 de xullo de 2026, incorporado ao expediente.

Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

FIRMADO POR Patricia Sánchez Castelo (FECHA: 12/08/2026 09:00:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 12/08/2026 10:52:00)
Versión imprimible
CVD: 64USc49eFEawdpO6Vu3y Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

1.2. <u>PURIFICACIÓN EULALIA ALEN GALLEGO</u>

Escrito presentado por Juan Manuel Hermida Vázquez, en representación de Purificación Eulalia Alén Gallego, en data 25 de xuño de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202699900002489, no que solicita declaración de innecesariedade de licenza municipal de segregación dunha parcela con R.C.: 15083D503000560001QQ, situada en Cobas, 9, parroquia de Cacheiras.

Expediente núm: **26/2026 -2026/U018/000014**

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 9 de xullo de 2026, incorporado ao expediente.

Visto o disposto nos artigos 150.6 b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 368.6 b) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

<u>Primeiro</u>.- Declarar a innecesariedade de licenza municipal de segregación da parcela con referencia catastral núm. 15083D503000560001QQ, situada en Cobas, 9, parroquia de Cacheiras, solicitada por JUAN MANUEL HERMIDA VÁZQUEZ, en representación de PURIFICACION EULALIA ALEN GALLEGO (**I-4/2026**), en base ao informe do arquitecto municipal do 9 de xullo de 2026, incorporado ao expediente.

<u>Segundo</u>.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO. LICENZA 1/2026 – 2024/U022/000019

Escrito presentado por Paula Otero Vázquez, en data 15 de xullo de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202600000003020, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 6 de xullo de 2026.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 19 de xaneiro de 2026, a Paula Otero Vázquez, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Regoufe, 10-B, parroquia de Luou, R.C.: 15083A501101260000KR, segundo proxecto redactado polo arquitecto Carlos Landeira Caamaño, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 49,00 metros cadrados.

FIRMADO POR Patricia Sánchez Castelo (FECHA: 12/08/2026 09:00:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 12/08/2026 10:52:00)
Versión imprimible
CVD: 64USc49eFEawdpO6Vu3y Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

-Porción de terreo, situado na zona de Concentración Parcelaria de Santa María de Luou, dunha superficie de corenta e nove metros cadrados. Inscrición: 1, Data: 29 de xuño de 2026. Finca: 38355. Código Rexistral Único: 15013001155275.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data cinco de marzo de 2026 do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 19 de xaneiro de 2026, expte. 1/2026 -2024/U022/000019.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 19 de xaneiro de 2026, a Paula Otero Vázquez**,** para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Regoufe, 10-B, parroquia de Luou, R.C.: 15083A501101260000KR, segundo proxecto redactado polo arquitecto Carlos Landeira Caamaño, expte. 1/2026 -2024/U022/000019.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e dezasete minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A secretaria acctal	A alcaldesa
Patricia Sánchez Castelo	Lucía Calvo de la Uz

FIRMADO POR Patricia Sánchez Castelo (FECHA: 12/08/2026 09:00:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 12/08/2026 10:52:00)
Versión imprimible
CVD: 64USc49eFEawdpO6Vu3y Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO

ACTA 15/26

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 5 DE AGOSTO DE 2026 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as trece horas e cinco minutos do día 5 de agosto de 2026, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que de seguido se relacionan, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.ª Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

Presidenta :

D.ª Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Rogelio Lema Mougán

D.ª María Vázquez Rey

D. Ángel Barreiro Rodríguez

Non asiste, previa escusa: D.ª María Margarita Rosende Domínguez

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- **LICENZAS URBANÍSTICAS**
2.- **ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO**
3.- **AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 11:57:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 12:00:00)
Versión imprimible
CVD: 972/1NnYueq9Kch+zt7z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

4.- APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE SAÍDA CULTURAL A SANTANDER

5.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, a sra. alcaldesa declara aberto o acto.

Antes de entrar nos asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, dáse conta de que celébrase esta Xunta de Goberno Local extraordinaria porque a ordinaria, convocada para o luns 3 de agosto, non foi posible celebrala ao non poder asistir á mesma, por razóns persoais sobrevevidas, a persoa titular da Secretaría.

Faise constar así mesmo que hai un erro na convocatoria, ao convocarse como sesión ordinaria cando, de acordo co exposto, trátase dunha sesión extraordinaria.

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

1.1. A JORGE ANTONIO ENCINAS ARNAU e PAULA LODEIRO POSE, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Regoufe, 140-A, parroquia de Luou, R.C.: 15083A501009940000KP, segundo proxecto básico redactado polos arquitectos Alfonso Salgado Suárez e Francisco Liñares Túñez.
Expediente núm: **27/2026 -2026/U022/000011**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

A) Condicións previas ao inicio das obras

1. Con carácter previo ao inicio das obras deberá achegarse o correspondente proxecto de execución (comunicación previa, conforme ao modelo normalizado aprobado polo Concello de

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 11:57:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 12:00:00)
Versión imprimible
CVD: 972/1NnYueq9Kch+zt7z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Teo, CP-07), axustado ao proxecto básico que serve de base á licenza, xunto cos visados, dirección facultativa, estudo de seguridade e saúde e demais documentación técnica que resulte esixible.

2. Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación, asinada polos técnicos directores das obras, pola persoa promotora, pola empresa contratista e polo técnico municipal designado.

3. Constituirase garantía suficiente para os efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poida causar na vía pública ou nos servizos municipais.

4. Deberá executarse a conexión ou acometida ás redes de servizo existentes no núcleo rural ou nas súas proximidades nos termos garantidos no expediente e coas condicións que establezan os servizos municipais.

B) Condicións durante a execución das obras

1. En todo momento deberá disporse ao pé da obra de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, á disposición da inspección municipal.

2. Deberá colocarse cartel indicador visible desde o exterior, co contido esixible segundo a normativa e as condicións da licenza.

3. A dirección facultativa deberá comunicar ao Concello calquera renuncia, substitución ou incidencia relevante relativa á dirección da obra, dirección de execución ou coordinación de seguridade e saúde.

4. Adoptaranse todas as medidas necesarias de seguridade e saúde laboral e de protección da vía pública, das persoas usuarias e dos servizos municipais existentes.

5. Non poderán depositarse escombros, materiais, medios auxiliares ou maquinaria na vía pública sen a correspondente autorización municipal.

6. A xestión dos residuos de construción e demolición deberá realizarse mediante entrega a xestor autorizado, conservando a documentación acreditativa correspondente.

C) Prazos da licenza

A licenza outorgarase por prazo determinado para o inicio e remate das obras. Na súa falta, o prazo de inicio non poderá exceder de seis meses e o de remate de tres anos, computados desde o día seguinte ao da notificación da licenza, sen que as obras poidan interromperse por tempo superior a seis meses. Poderán solicitarse prórrogas nos termos previstos na normativa urbanística aplicable.

D) Condicións ao remate das obras

1. Rematadas as obras, a persoa promotora deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación, acompañada da documentación legalmente esixible.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 11:57:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 12:00:00)
Versión imprimible
CVD: 972/1NnYueq9Kch+zt7z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

2. A obra considerarase rematada cando se retiren materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os desperfectos ocasionados na vía pública ou
nos servizos municipais.

3. A documentación final deberá acreditar que as obras se executaron de acordo co proxecto autorizado e coas condicións da licenza, sen prexuízo das comprobacións municipais que procedan.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: ORDENANZA N-2, Núcleo rural común
-Usos: Vivenda unifamiliar
-Tipoloxía edificatoria: Edificación exenta
-Condicións da parcela:
Superficie mínima parcela neta: 692,00 m^2
Fronte mínima: 29,55 m.
-Volumetría:
Edificabilidade: 0,27 m^2/m^2
Altura máxima: B, 2,93 m.
-Posición da edificación:
Ocupación da parcela: 26,31 %
Recuamento á aliñación: 3,00 m.
Banda edificable: <25 m.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 11:57:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 12:00:00)
Versión imprimible
CVD: 972/1NnYueq9Kch+zt7z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Recuamento a lindes e fondo: 3,00 m.
-Outras condicións:
Tipo de cuberta: Inclinada
Pendente máxima de cuberta: 30º
Altura do cumio: 2,46 m.
Aproveitamento baixo cuberta: Non

-Arquitecto/a director/a das obras: Alfonso Salgado Suárez e Francisco Liñares Túñez
-Arquitecto/a técnico/a director/a: J. Castor Campos Rodríguez
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Alexandre Marcos Rodríguez

-Presuposto: 236.722,54 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 4.737,45 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 4.914,45 euros.

1.2. A MANUEL SOUTO FUENTES E JOSÉ MARÍA SOUTO FUENTES, licenza para segregación e simultánea agrupación (catro resultantes) da finca agrupada núm. 548, 558, 559 e 560, da concentración parcelaria de San Cristovo de Reis coas fincas das casas núms. 11 e 12, ref. catastrais núms. 15083A509005480000KL, 15083A509005580000KD, 15083A509005580001LF e 15083A509005590000KX, situadas en Olveira, 13, parroquia de Reis, segundo proxecto redactado polo técnico Juan Carlos Vilariño Santos.
Expediente núm: **28/2026 -2026/U018/000015**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 1 de xullo de 2026 (rex. entrada núm. 202699900002573) e documentación complementaria presentada o 14 de xullo de 2026 (rex. entrada núm. 202699900002745), redactados polo técnico Juan Carlos Vilariño Santos.
-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

Parcela resultante	Sup. total m²	Edf.	Ordenanza/ cualificación	Sup. Parte m²	Sup. mínima PXOM m²	Fronte m.	Fonte min. PXOM m.	Edif. %	Edif. PXOM %	Ocup. Planta %	Ocup. PXOM %	Distan. Lind. m.	Dis. lind PXOM m.
Parcela 1	1328	Si	N1	1328	300	26,64	12	16,80	40	10,24	50	Existente	≥ 3
Parcela 2	1288	Si	N1	1288	300	92,44	12	17,40	40	12,88	50	Existente	≥ 3
Parcela 3	1749	Non	R2 Rustico E.P. Agrop.	1749	Innnecesar.		Innnecesar.						
Parcela 4	172	Non	N2	172	Innnecesar.		Innnecesar.						
Cesión	25	--	Viario cesión	25	--	--	--						

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 11:57:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 12:00:00)
Versión imprimible
CVD: 972/1NnYueq9Kch+zt7z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Conforme ao artigo 24.2 da LSG, cando se pretenda parcelar no solo de núcleo rural, as persoas propietarias deberán ceder gratuitamente ao Concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso. A superficie indicada é de 25 m2. Deberá presentarse documento de cesión co compromiso de inscribila a nome do Concello de Teo no Rexistro, libre de cargas e gravames unha vez obtida a licenza. Deberá demolerse calquera construción, peche ou edificación que quede na zona de cesión, deixando o terreo cedido á cota do viario.

- A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 240,00 €

2.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO

Escrito presentado por Juan Carlos Vilariño Santos, en representación de Tomás García Seoane, en data 27 de xullo de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202699900002866, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 24/2026 -2026/U018/000009, xuntando escritura pública de data quince de xullo de 2026, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 6 de xullo de 2026, a Tomás García Seoane**,** para segregación (dúas resultantes) da parcela con referencia catastral núm. 15083D503000740001QJ, situada en Covas, 42, parroquia de Cacheiras, segundo proxecto redactado polo técnico Juan Carlos Vilariño Santos, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 33,00 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

<u>Primeiro</u>.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data quince de xullo de 2026, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, dunha superficie de 33,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 24/2026 -2026/U018/000009.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 11:57:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 12:00:00)
Versión imprimible
CVD: 972/1NnYueq9Kch+zt7z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Segundo.- Deberá procederse pola persoa interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no Concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 6 de xullo de 2026 (Lic. 24/2026 -2026/U018/000009).

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO

3.1. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A. (rex. entrada nº 202699900001635 do 12/05/2026).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 27 de xullo de 2026, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Elena Navarro Cuellas, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 12 de maio de 2026 (rex. entrada nº 202699900001635), para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda unifamiliar situada en Lucí, 34, Lucí (SGD618526040104).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 11:57:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 12:00:00)
Versión imprimible
CVD: 972/1NnYueq9Kch+zt7z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Considerando que se constituíu garantía suficiente (900,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202699900002849 de 24/07/2026).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Elena Navarro Cuellas, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000025, para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda unifamiliar situada en Lucí, 34, Lucí (SGD618526040104), de acordo co solicitado en data 12 de maio de 2026 (rex. entrada nº 202699900001635).*

Segundo.- *Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Elena Navarro Cuellas, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000025, para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda unifamiliar situada en Lucí, 34, Lucí (SGD618526040104), de acordo co solicitado en data 12 de maio de 2026 (rex. entrada nº 202699900001635).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

3.2. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A. (rex. entrada nº 202699900001667 do 13/05/2026).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 20 de xullo de 2026, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Elena Navarro Cuellas, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 13 de maio de 2026 (rex. entrada nº 202699900001667), para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda unifamiliar, en Rúa de Francos, 15, Calo (SGD618526040124).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 11:57:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 12:00:00)
Versión imprimible
CVD: 972/1NnYueq9Kch+zt7z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (1.200,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202699900002772 do 16/07/2026).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

***Primeiro**.- Outorgar a Elena Navarro Cuellas, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000027, para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda unifamiliar, en Rúa de Francos, 15, Calo (SGD618526040124), de acordo co solicitado en data 13 de maio de 2026 (rex. entrada nº 202699900001667).*

***Segundo**.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Elena Navarro Cuellas, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000027, para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda unifamiliar, en Rúa de Francos, 15, Calo (SGD618526040124), de acordo co solicitado en data 13 de maio de 2026 (rex. entrada nº 202699900001667).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

3.3. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A. (rex. entrada nº 202699900002109 do 09/06/2026).

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 11:57:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 12:00:00)
Versión imprimible
CVD: 972/1NnYueq9Kch+zt7z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 20 de xullo de 2026, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Elena Navarro Cuellas, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 9 de xuño de 2026 (rex. entrada nº 202699900002109), para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda unifamiliar, en Rúa de Francos, 16, Calo (SGD618526040126).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (650,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202699900002770 do 16/07/2026).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

***Primeiro**.- Outorgar a Elena Navarro Cuellas, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000032, para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda unifamiliar, en Rúa de Francos, 16, Calo (SGD618526040126), de acordo co solicitado en data 9 de xuño de 2026 (rex. entrada nº 202699900002109).*

***Segundo**.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 11:57:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 12:00:00)
Versión imprimible
CVD: 972/1NnYueq9Kch+zt7z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Elena Navarro Cuellas, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000032, para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda unifamiliar, en Rúa de Francos, 16, Calo (SGD618526040126), de acordo co solicitado en data 9 de xuño de 2026 (rex. entrada nº 202699900002109).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

A) RENUNCIA Á SOLICITUDE DE OCUPACIÓN DE DOMINIO

3.4. Visto o escrito presentado por Elena Navarro Cuellas, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., en data 24 de xullo de 2026, con rexistro de entrada no Concello núm. 202699900002850, en virtude do cal solicita que non se continúe co trámite iniciado para ocupación de dominio, expediente 2026/V011/000030, desistindo da súa petición.

Visto que con data 27 de maio de 2026, rex. entrada núm. 202699900001864, Elena Navarro Cuellas, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., presenta solicitude de ocupación de dominio para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha edificación agrícola, en Camiño de Lamela s/n, Ameneiro, Calo (SGD618526030167).

Considerando o disposto no artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Aceptar a desistencia de Elena Navarro Cuellas, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., á solicitude de ocupación de dominio, presentada con data 27 de maio de 2026, rex. entrada núm. 202699900001864, para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha edificación agrícola, en Camiño de Lamela s/n, Ameneiro, Calo (SGD618526030167), expediente 2026/V011/000030, e declarar concluso o procedemento, procedéndose ao arquivo do expediente citado sen máis trámite.

Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

4.- APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE SAÍDA CULTURAL A SANTANDER.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 11:57:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 12:00:00)
Versión imprimible
CVD: 972/1NnYueq9Kch+zt7z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 17 de xullo de 2026 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA

ASUNTO: PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE SAÍDA CULTURAL A SANTANDER**.**

EXPEDIENTE: 2026/X999/000515**.**

ANTECEDENTES

Dende os Servizos Sociais do Concello Teo prevese organizar unha actividade de lecer e cultural consistente nunha visita a Santander. Esta actividade fai parte da programación de envellecemento activo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Programa de Envellecemento Activo confórmano un conxunto de actividades de lecer para dinamizar ás persoas maiores e favorecer tanto as súas capacidades cognitivas e físicas como promover as relacións sociais que eviten situacións de soidade e illamento propias da vellez e non desexadas. En concreto, a programación de visitas e saídas culturais, busca proporcionar oportunidades de coñecemento doutros lugares ao conxunto deste grupo poboacional, independentemente dos seus recursos económicos.

Por todo o exposto anteriormente, e afectos de financiar a presente actividade proponse á Xunta de Goberno Local a aprobación do prezo público que se aplicará na devandita actividade, todo elo conforme aos artigos 41 a 47 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante TRLRFL), e de acordo ao disposto na Ordenanza reguladora do prezo público por realización de actividades culturais e deportivas do Concello de Teo.

ESTUDO ECONÓMICO

O artigo 127 do TRLRFL permite aos concellos establecer e esixir prezos públicos pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia municipal. Pola súa banda, o artigo 44.1

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 11:57:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 12:00:00)
Versión imprimible
CVD: 972/1NnYueq9Kch+zt7z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

TRLRFL precisa que o importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada. Sinala así mesmo que, *"Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por baixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberán consignarse nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbese"*, previsión que reproduce, en idénticos termos, o último parágrafo do artigo 4.4 da Ordenanza reguladora, esixindo que as razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público queden debidamente acreditadas mediante informe técnico dos servizos correspondentes.

Consta memoria asinada do Concelleiro de Servizos sociais, Familia, Infancia, 3ª idade e Relacións veciñais e da Coordinadora de Servizos sociais Municipais con data 2 de xullo de 2026 onde se propón a determinación do prezo público. Neste informe analizase o custo e rendemento do servizo e xustificase a fixación de prezos inferiores ao custe por tratarse dunha actividade que vai dirixida á poboación maior, dentro da procura do obxectivo de facilitar un lecer saudable e socializador que proporciona oportunidades de coñecemento doutros lugares ao conxunto deste grupo poboacional, independentemente dos seus recursos económicos, incidindo simultaneamente no obxectivo global de evitar o illamento e a soidade non desexada.

Na memoria proponse o establecemento do seguinte prezo público, diferenciando segundo o tipo de habitación utilizada:

- Prezo público para actividade de lecer "saída cultural Santander" en habitación dobre: 165 €/persoa.
- Prezo público para actividade de lecer "saída cultural Santander" en habitación individual: 200 €/persoa.
- Prezo público para actividade de lecer "saída cultural Santander" en habitación triple: 160€/persoa.

Queda constancia no expediente de que existe no orzamento dotación de crédito para a cobertura da diferenza entre o custo do servizo e os ingresos que se prevén obter polo prezo público (nº de operación RC 220260013751).

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 11:57:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 12:00:00)
Versión imprimible
CVD: 972/1NnYueq9Kch+zt7z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Finalmente, o artigo 4.4 da Ordenanza reguladora, de conformidade co artigo 47 do TRLRFL, atribúe expresamente á Xunta de Goberno Local a competencia para acordar a exixencia e cobro do prezo público nos supostos residuais como o presente, previa proposta do servizo xestor e previa fiscalización de Intervención.

PROPOSTA

Polo exposto anteriormente, e a vista do disposto na Ordenanza reguladora do prezo público por realización de actividades culturais e deportivas do Concello de Teo, vista a memoria económica e os informes de Tesourería de 6 de xullo de 2026 e Intervención de data 13 de xullo de 2026, tendo en conta ademais que a actividade por motivos sociais e culturais é de interese público PROPONSE á Xunta de Goberno Local, a aprobación do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o establecemento dos seguintes prezos públicos:

- Prezo público para actividade de lecer "saída cultural Santander" en habitación dobre: 165 €/persoa.
- Prezo público para actividade de lecer "saída cultural Santander" en habitación individual: 200 €/persoa.
- Prezo público para actividade de lecer "saída cultural Santander" en habitación triple: 160€/persoa.

SEGUNDO.- O nacemento da obriga do prezo público xurde desde que se inicia a prestación da actividade. Sen embargo, o concello, de conformidade ca habilitación prevista no artigo 46 do TRLRFL, esixirá o depósito previo do seu importe total.

TERCEIRO.- Procederase á publicación dun anuncio que dea conta da aprobación deste prezo público tanto no Boletín Oficial da Provincia como no Taboleiro de Edictos do Concello.

En Teo, na data da sinatura dixital

A alcaldesa".

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 11:57:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 12:00:00)
Versión imprimible
CVD: 972/1NnYueq9Kch+zt7z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación do Pleno (BOP núm. 127 do 03/07/2024), acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o establecemento dos seguintes prezos públicos:

- **Prezo público para actividade de lecer "saída cultural Santander" en habitación dobre: 165 €/persoa.**
- **Prezo público para actividade de lecer "saída cultural Santander" en habitación individual: 200 €/persoa.**
- **Prezo público para actividade de lecer "saída cultural Santander" en habitación triple: 160€/persoa.**

SEGUNDO.- O nacemento da obriga do prezo público xurde desde que se inicia a prestación da actividade. Sen embargo, o concello, de conformidade ca habilitación prevista no artigo 46 do TRLRFL, esixirá o depósito previo do seu importe total.

TERCEIRO.- Procederase á publicación dun anuncio que dea conta da aprobación deste prezo público tanto no Boletín Oficial da Provincia como no Taboleiro de Edictos do Concello.

5.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A secretaria xeral	A alcaldesa
Virginia Fraga Díaz	Lucía Calvo de la Uz

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 11:57:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 12:00:00)
Versión imprimible
CVD: 972/1NnYueq9Kch+zt7z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO

ACTA 16/26

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 17 DE AGOSTO DE 2026 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as trece horas e catro minutos do día 17 de agosto de 2026, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que de seguido se relacionan, baixo a presidencia da sra. alcaldesa acctal, D.ª Mª. Margarita Rosende Domínguez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

Presidenta acctal :

D.ª María Margarita Rosende Dominguez

Concelleiras/os:

D. Rogelio Lema Mougán

D.ª María Vázquez Rey

D. Ángel Barreiro Rodríguez

Non asiste, previa escusa: D. José Manuel Guerra Calvelo

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria acctal: D.ª Patricia Sánchez Castelo, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. **AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**
2. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
3. **ROGOS E PREGUNTAS.**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, a sra. alcaldesa declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO

FIRMADO POR PATRICIA SANCHEZ CASTELO (FECHA: 02/09/2026 13:48:14) , MARÍA MARGARITA ROSENDE DOMÍNGUEZ (FECHA: 02/09/2026 14:08:38)
Versión imprimible

FIRMADO POR PATRICIA SANCHEZ CASTELO (FECHA: 02/09/2026 13:48:14) , MARÍA MARGARITA ROSENDE DOMÍNGUEZ (FECHA: 02/09/2026 14:08:38)
Versión imprimible

1- <u>AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO</u>

1.1. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A. (rex. entrada nº 202699900001619 do 11/05/2026).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 24 de xullo de 2026, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Elena Navarro Cuellas, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 11 de maio de 2026 (rex. entrada nº 202699900001619), para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda unifamiliar, en Cornide, 83, Calo (SGD618526040107).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (1.000,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202699900002848 do 24/07/2026).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

***<u>Primeiro</u>.-** Outorgar a Elena Navarro Cuellas, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000024,*

para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda unifamiliar, en Cornide, 83, Calo (SGD618526040107), de acordo co solicitado en data 11 de maio de 2026 (rex. entrada nº 202699900001619).

Segundo.- *Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Elena Navarro Cuellas, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000024, para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda unifamiliar, en Cornide, 83, Calo (SGD618526040107), de acordo co solicitado en data 11 de maio de 2026 (rex. entrada nº 202699900001619).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

1.2. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A. (rex. entrada nº 202699900002463 do 23/06/2026).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 13 de agosto de 2026, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Elena Navarro Cuellas, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 23 de xuño de 2026 (rex. entrada nº 202699900002463), para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda unifamiliar situada na Rúa Ledín, 70, Ameneiro, Calo (SGD618526040048).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

FIRMADO POR PATRICIA SANCHEZ CASTELO (FECHA: 02/09/2026 13:48:14) , MARÍA MARGARITA ROSENDE DOMÍNGUEZ (FECHA: 02/09/2026 14:08:38)
Versión imprimible

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (2.000,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202699900003015 de 13/08/2026).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Elena Navarro Cuellas, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000034, para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda unifamiliar situada na Rúa Ledín, 70, Ameneiro, Calo (SGD618526040048), de acordo co solicitado en data 23 de xuño de 2026 (rex. entrada nº 202699900002463).*

Segundo.- *Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Elena Navarro Cuellas, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000034, para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda unifamiliar situada na Rúa Ledín, 70, Ameneiro, Calo (SGD618526040048), de acordo co solicitado en data 23 de xuño de 2026 (rex. entrada nº 202699900002463).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

1.3. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A. (rex. entrada nº 202699900002546 do 29/06/2026).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 13 de agosto de 2026, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Elena Navarro Cuellas, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 29 de xuño de 2026 (rex. entrada nº

FIRMADO POR PATRICIA SANCHEZ CASTELO (FECHA: 02/09/2026 13:48:14) , MARÍA MARGARITA ROSENDE DOMÍNGUEZ (FECHA: 02/09/2026 14:08:38)
Versión imprimible

202699900002546), para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda unifamiliar situada en Solláns, 34-A, Calo (SGD618526050138).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (500,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202699900003016 de 13/08/2026).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Elena Navarro Cuellas, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000035, para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda unifamiliar situada en Solláns, 34-A, Calo (SGD618526050138), de acordo co solicitado en data 29 de xuño de 2026 (rex. entrada nº 202699900002546).*

Segundo.- *Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Elena Navarro Cuellas, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000035, para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda unifamiliar situada en Solláns, 34-A, Calo (SGD618526050138), de acordo co solicitado en data 29 de xuño de 2026 (rex. entrada nº 202699900002546).

FIRMADO POR PATRICIA SANCHEZ CASTELO (FECHA: 02/09/2026 13:48:14) , MARÍA MARGARITA ROSENDE DOMÍNGUEZ (FECHA: 02/09/2026 14:08:38)
Versión imprimible

<u>Segundo</u>.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

2.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

3.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e dezaseis minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A secretaria acctal

Patricia Sánchez Castelo

Firmado por PATRICIA SANCHEZ

A alcaldesa acctal

Mª. Margarita Rosende Domínguez

MARÍA MARGARITA ROSENDE DOMÍNGUEZ - 33292614E

Firmado digitalmente por MARÍA MARGARITA ROSENDE DOMÍNGUEZ - 33292614E
Fecha: 2026.09.02 14:08:38 +02'00'

FIRMADO POR PATRICIA SANCHEZ CASTELO (FECHA: 02/09/2026 13:48:14) , MARÍA MARGARITA ROSENDE DOMÍNGUEZ (FECHA: 02/09/2026 14:08:38)
Versión imprimible

CONCELLO DE TEO

ACTA 17/26

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 7 DE SETEMBRO DE 2026 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as trece horas e cinco minutos do día 7 de setembro de 2026, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que de seguido se relacionan, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.ª Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

Presidenta :

D.ª Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:

D. Rogelio Lema Mougán

D.ª María Margarita Rosende Domínguez

D.ª María Vázquez Rey

D. Ángel Barreiro Rodríguez

Non asiste, previa escusa:

D. José Manuel Guerra Calvelo

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria acctal.: D.ª Patricia Sánchez Castelo, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓNS ORDINARIAS DO 06/07/2026, 20/07/2026, E 17/08/2026, E A EXTRAORDINARIA DO 05/08/2026**
2.- **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3.- **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
4.- **ROGOS E PREGUNTAS.**

FIRMADO POR PATRICIA SANCHEZ CASTELO (FECHA: 16/09/2026 14:52:24) , LUCIA CALVO DE LA UZ (FECHA: 16/09/2026 15:09:44)
Versión imprimible

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, a sra. alcaldesa declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓNS ORDINARIAS DO 06/07/2026, 20/07/2026, E 17/08/2026, E A EXTRAORDINARIA DO 05/08/2026

Acta da sesión ordinaria do 6 de xullo de 2026

A sra. alcaldesa pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 6 de xullo de 2026.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria do 20 de xullo de 2026

A sra. alcaldesa pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 20 de xullo de 2026.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión extraordinaria do 05 de agosto de 2026

A sra. alcaldesa pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada con data de 5 de agosto de 2026.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria do 17 de agosto de 2026

A sra. alcaldesa pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 17 de agosto de 2026.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación

FIRMADO POR PATRICIA SANCHEZ CASTELO (FECHA: 16/09/2026 14:52:24) , LUCIA CALVO DE LA UZ (FECHA: 16/09/2026 15:09:44)
Versión imprimible

de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A GABRIELA QUIROGA GARCÍA e CARLOS BARROSO TRISTÁN, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Vilanova, 24-A, parroquia de Oza, R.C.: 15083B507002570001DO, segundo proxecto básico redactado polos arquitectos Alfonso Salgado Suárez e Francisco Liñares Túñez.
Expediente núm: **29/2026 -2026/U022/000012**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

A) Condicións previas ao inicio das obras

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 21/10/2026 10:36:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 21/10/2026 12:34:00)
Versión imprimible
CVD: YhGN1AjvF6TYEBOaIy8e Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (1.000,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202699900004052 de 02/10/2026).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Elena Navarro Cuellas, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000040, para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a un punto de recarga de vehículos, en Travesía Montouto, 4, Cacheiras, (SGD618526060192), de acordo co solicitado en data 16 de setembro de 2026 (rex. entrada nº 202699900003769).*

Segundo.- *Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Elena Navarro Cuellas, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000040, para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a un punto de recarga de vehículos, en Travesía Montouto, 4, Cacheiras, (SGD618526060192), de acordo co solicitado en data 16 de setembro de 2026 (rex. entrada nº 202699900003769).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

4.2. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A. (rex. entrada nº 202699900003803 do 18/09/2026).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 14 de outubro de 2026, que se recolle a continuación:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 21/10/2026 10:36:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 21/10/2026 12:34:00)
Versión imprimible
CVD: YhGN1AjvF6TYEBOaIy8e Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Elena Navarro Cuellas, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 18 de setembro de 2026 (rex. entrada nº 202699900003803), para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda unifamiliar, en A Póboa, 42-B, Cacheiras (SGD618526080139).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (300,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202699900004136 de 09/10/2026).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Elena Navarro Cuellas, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000041, para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda unifamiliar, en A Póboa, 42-B, Cacheiras (SGD618526080139), de acordo co solicitado en data 18 de setembro de 2026 (rex. entrada nº 202699900003803).*

Segundo.- *Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 21/10/2026 10:36:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 21/10/2026 12:34:00)
Versión imprimible
CVD: YhGN1AjvF6TYEBOaIy8e Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Elena Navarro Cuellas, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000041, para executar unha acometida de electricidade destinada a dar subministro a unha vivenda unifamiliar, en A Póboa, 42-B, Cacheiras (SGD618526080139), de acordo co solicitado en data 18 de setembro de 2026 (rex. entrada nº 202699900003803).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

4.3. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A ANTONIO VARELA QUINTÁS (rex. entrada nº 202699900001750 do 19/05/2026).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 14 de outubro de 2026, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Antonio Varela Quintás, de 19 de maio de 2026 (rex. entrada nº 202699900001750), para que se lle outorgue autorización de ocupación do dominio público para instalar un grupo escultórico en zona pública de titularidade municipal, en Penelas, 51, parroquia de Cacheiras.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), diferenciándose, no artigo 75, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 21/10/2026 10:36:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 21/10/2026 12:34:00)
Versión imprimible
CVD: YhGN1AjvF6TYEBOaIy8e Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Considerando que se constituíu garantía suficiente, 300,00 euros (mediante transferencia da entidade Abanca, en data 06/10/2026), aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Antonio Varela Quintás, licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000028, para instalar un grupo escultórico en zona pública de titularidade municipal, en Penelas, 51, parroquia de Cacheiras, de acordo co solicitado o 19 de maio de 2026 (rex. entrada nº 202699900001750).*

Segundo.- *Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Antonio Varela Quintás, licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2026/V011/000028, para instalar un grupo escultórico en zona pública de titularidade municipal, en Penelas, 51, parroquia de Cacheiras, de acordo co solicitado o 19 de maio de 2026 (rex. entrada nº 202699900001750).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

5.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A secretaria xeral	A alcaldesa
Virginia Fraga Díaz	Lucía Calvo de la Uz

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 21/10/2026 10:36:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 21/10/2026 12:34:00)
Versión imprimible
CVD: YhGN1AjvF6TYEBOaIy8e Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO

ACTA 21/26

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 2 DE NOVEMBRO DE 2026 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas e cinco minutos do día 2 de novembro de 2026, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que de seguido se relacionan, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.ª Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

Presidenta :

D.ª Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:

D. Rogelio Lema Mougán

D.ª María Margarita Rosende Domínguez

D.ª María Vázquez Rey

Non asiste, previa escusa: D. José Manuel Guerra Calvelo e D. Ángel Barreiro Rodríguez

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 19/10/2026**
2.- **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3.- **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE DO CONCELLO DE TEO 2026/2027**
4.- **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
5.- **ROGOS E PREGUNTAS.**

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 13/11/2026 09:27:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 13/11/2026 09:38:00)
Versión imprimible
CVD: 9X2mzsCAFHGKkKEqDLGa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, a sra. alcaldesa declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 19/10/2026

A sra. alcaldesa pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 19 de outubro de 2026.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

A SILVIA VIDAL CASTIÑEIRAS, licenza para obras de rehabilitación dun hórreo e muro anexo, en rúa do Cruceiro, 2, Ameneiro, parroquia de Calo, R.C.: 2216802NH3421N0001AR, segundo proxecto técnico, e as súas modificacións, redactado polo arquitecto Vicente Fernández-Couto Gómez, con data de visado colexial 21.09.2026.
Figura no expediente Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (expte XTC-2026-1361.AUI), autorizando as obras
Expediente núm: **35/2026 -2026/U022/000030**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

A) Condicións durante a execución das obras

1. En todo momento deberá disporse ao pé da obra de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, á disposición da inspección municipal.

2. Deberá colocarse cartel indicador visible desde o exterior, co contido esixible segundo a normativa e as condicións da licenza.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 13/11/2026 09:27:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 13/11/2026 09:38:00)
Versión imprimible
CVD: 9X2mzsCAFHGKkKEqDLGa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

3. A dirección facultativa deberá comunicar ao Concello calquera renuncia, substitución ou incidencia relevante relativa á dirección da obra, dirección de execución ou coordinación de seguridade e saúde.

4. Adoptaranse todas as medidas necesarias de seguridade e saúde laboral e de protección da vía pública, das persoas usuarias e dos servizos municipais existentes.

5. Non poderán depositarse escombros, materiais, medios auxiliares ou maquinaria na vía pública sen a correspondente autorización municipal.

6. A xestión dos residuos de construción e demolición deberá realizarse mediante entrega a xestor autorizado, conservando a documentación acreditativa correspondente.

B) Prazos da licenza

A licenza outorgarase por prazo determinado para o inicio e remate das obras. Na súa falta, o prazo de inicio non poderá exceder de seis meses e o de remate de tres anos, computados desde o día seguinte ao da notificación da licenza, sen que as obras poidan interromperse por tempo superior a seis meses. Poderán solicitarse prórrogas nos termos previstos na normativa urbanística aplicable.

C) Condicións ao remate das obras

1. A obra considerarase rematada cando se retiren materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os desperfectos ocasionados na vía pública ou
nos servizos municipais.

2. A documentación final deberá acreditar que as obras se executaron de acordo co proxecto autorizado e coas condicións da licenza, sen prexuízo das comprobacións municipais que procedan.

-Clasificación do solo: ORDENANZA U-4 Casco Tradicional
-Arquitecto/a director/a das obras: Vicente Fernández-Couto Gómez
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Alejandro Ulla Rivas
-Presuposto: 4.732,95 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 94,66 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 274,66 euros.

3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE DO CONCELLO DE TEO 2026/2027

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 13/11/2026 09:27:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 13/11/2026 09:38:00)
Versión imprimible
CVD: 9X2mzsCAFHGKkKEqDLGa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 30 de outubro de 2026, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: Convocatoria de axudas para o ensino e o transporte do Concello de Teo 2026/2027

Téndose redactado as Bases reguladoras da Convocatoria de Axudas de Ensino e Transporte para o curso académico 2026/2027 e unha vez emitido o informe de fiscalización pola Intervención Municipal en data 30/10/2026, propoño á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar as bases da convocatoria de axudas para o ensino e o transporte 2026/2027 que de seguido se reflicten:

(...)

Segundo.- Ordenar a publicación das citadas bases no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal.

Teo, asinado na data da sinatura dixital

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)), acorda:

Primeiro.- Aprobar as bases da convocatoria de axudas para o ensino e o transporte 2026/2027 que de seguido se reflicten:

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE DO CONCELLO DE TEO 2026/2027

- **Primeira.** ***Obxecto da convocatoria.***

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 13/11/2026 09:27:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 13/11/2026 09:38:00)
Versión imprimible
CVD: 9X2mzsCAFHGKkKEqDLGa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública que efectúa o Concello de Teo para a concesión de bolsas de estudo para os gastos de material escolar, (poden incluírse como material escolar, instrumentos musicais solicitados polos centros), libros de texto e contidos dixitais destinados a favorecer a escolarización pública e formación universitaria en familias con menos recursos económicos.

- **Segunda. *Destinatarios/as e requisitos.***

Para ser beneficiario destas axudas é preciso cumprir os seguintes requisitos:

a) Cursar estudos nalgún dos seguintes centros de ensino para os que se solicita a axuda:

-PRIMARIA E 2º CICLO INFANTIL: todos os centros públicos do Concello (CEIP A Ramallosa, Os Tilos, A Igrexa-Calo e CRA)

-ESO: IES Cacheiras e IES Pontepedriña e alumnado que curse noutro IES algunha modalidade de ESO que non exista nos centros anteriores.

-FP OU PCPI: calquera centro público galego.

-BACHARELATO: IES de Cacheiras , IES de Pontepedriña e o alumnado que curse noutro IES algunha modalidade de Bacharelato que non exista nos centros anteriores.

-UNIVERSITARIOS: calquera universidade galega.

-ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL-ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES: Calquera centro galego.

-O ALUMNADO cuxas necesidades educativas especiais impidan a súa escolarización nun centro ordinario do municipio, poderá solicitar a axuda para a asistencia a un Centro de ensino de Educación Especial, aínda que non estea localizado no Concello.

a) Que a renda per cápita familiar non supere os límites establecidos na base sexta da presente convocatoria.

b) Estar empadroado no Concello de Teo e ser fillo dependente economicamente. Non pode beneficiarse destas axudas o alumnado que non sexa dependente economicamente. Consideraranse fillos dependentes economicamente os menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a axuda sempre que non teñan un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano 2025.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 13/11/2026 09:27:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 13/11/2026 09:38:00)
Versión imprimible
CVD: 9X2mzsCAFHGKkKEqDLGa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

c) **Presentar certificado de matrícula** (ou resgardo de ter pagada a matrícula, selado pola entidade bancaria nos supostos especificados na base terceira) do/a alumno/a para o curso 2026/2027.

d) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario, recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

e) As axudas serán solicitadas polos representantes legais do alumnado: os pais, as nais ou os titores, e no caso de alumnos/as de entre 18 e 25 anos poderán facelo tamén os propios beneficiarios.

f) Poderán ser **beneficiarios da axuda de transporte** os estudantes dos centros situados fóra da área de transporte metropolitano de Santiago.

Alumnado de:

f.a. Formación Profesional .

f.b. PCPI.

f.c. Universitarios.

f.d. Alumnado de Bacharelato.

f.e. Alumnado de ensinanzas artísticas superiores.

g) Alumnado de Necesidades Educativas Especiais (NEE) que pola súa situación teña como **acreditar que non pode empregar transporte** metropolitano.

- **Terceira. *Solicitudes e documentación necesaria.***

Documentación obrigatoria:

a) As solicitudes para a concesión destas axudas formalizaranse no impreso normalizado que se inclúe como Anexo I e poderá así mesmo obterse nas oficinas xerais (Rexistro de Entrada) do Concello de Teo ou ben a través da páxina web: https://www.teo.gal/gl/tramites/convocatoria

a) **Xunto coa solicitude**, no modelo normalizado e debidamente cuberto, presentarase a seguinte **documentación**:

✓ Fotocopia do DNI do solicitante.

✓ Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.

✓ Fotocopia da declaración da renda correspondente ao exercicio 2025 dos pais ou titores legais. No caso de non estar obrigado a presentar a declaración do IRPF, copia da notificación-

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 13/11/2026 09:27:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 13/11/2026 09:38:00)
Versión imprimible
CVD: 9X2mzsCAFHGKkKEqDLGa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

liquidación ou certificado acreditativo do nivel de rendas emitido pola Axencia de Administración Tributaria que corresponda. Excepcionalmente, se a unidade familiar alega carecer de recursos, ou quere acreditar unha situación excepcional, imprevista ou de carácter de especial necesidade que afecte negativamente á situación familiar ou no caso de percibir pensións non contributivas deberá acreditala mediante informe social. Nos casos de separación ou divorcio estase ao previsto na Base 6ª para a determinación dos membros da unidade familiar. Os fillos entre 18 e 25 anos inclusive, que perciban rendas e non figuren na declaración da renda dos pais aínda que residan con eles, deberán acreditar os seus rendementos e computarán como ingresos da unidade familiar.

✓ No caso de presentar solicitudes **para varios irmáns, non é necesario duplicar documentación.**

✓ Facturas **orixinais ou copia cotexada, ou no seu caso certificado selado do gasto en material expedido polo centro educativo,** que acrediten o gasto realizado en material escolar, libros ou contidos dixitais para o alumnado de primaria, infantil e E.S.O. Dado o carácter finalista das axudas desta convocatoria, en ningún caso, o importe da axuda concedida polo concello poderá ser superior ao gasto realizado polo/a beneficiario/a. En consecuencia, de ser necesario, realizarase o oportuno axuste na cantidade da axuda concedida en cada caso. Se se detectasen facturas falsas ou fraude na declaración dos datos facilitados se perderá o dereito a obter as axudas en anos seguintes.

✓ Certificado da matrícula expedido polo centro educativo **independentemente de cal sexa o nivel educativo,** ou resgardo de ter pagada a matrícula, selado pola entidade bancaria no caso do alumnado de Bacharelato, F.P., PCPI, universitarios, ensinanzas artísticas superiores , alumnado con necesidades educativas especiais, e aqueles alumnos que estean cursando ESO noutra modalidade distinta das impartidas no IES de Cacheiras e de Pontepedriña.

✓ **Documento bancario onde indique o IBAN** da conta en que debe efectuarse o ingreso da subvención e o titular da mesma. **O titular da conta deberá coincidir co titular da solicitude e beneficiario da subvención**. Se o solicitante xa foi beneficiario da axuda no curso 2025/2026 e o número de conta non se modificou non é necesario que aporte a presente documentación

✓ **Declaración responsable** de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e da Seguridade Social, de non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, e **autorización** ao Concello de Teo para que realice as comprobacións oportunas durante todo o período que dure o proceso, segundo **Anexo II**.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 13/11/2026 09:27:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 13/11/2026 09:38:00)
Versión imprimible
CVD: 9X2mzsCAFHGKkKEqDLGa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

✓ Certificado que acredite o grao de minusvalía e/ou incapacidade nun grao igual ou superior ao 33% do/a alumno/a, se procede.

✓ Xustificante de NON poder empregar o transporte metropolitano, no caso de alumnado con NEE que solicite axuda para o transporte.

Documentación complementaria:

✓ Certificado que acredite o grao de minusvalía e/ou incapacidade nun grao igual ou superior ao 33% dalgún membro da unidade familiar, se procede.

✓ Certificado que acredite a situación de desemprego por un período superior a 6 meses durante o ano 2026 dalgún membro da unidade familiar, se procede.

✓ Documentación acreditativa da situación de familia monoparental ou de ausencia de ambos os dous proxenitores.

- **Cuarta.** ***Lugar e prazo de presentación das solicitudes.***

a) A solicitude presentarase no rexistro xeral do Concello de Teo, de luns a venres en horario de 8:00 a 14:00 horas, ou ben a través da sede electrónica (dispoñible durante as 24 h dos 365 días do ano), ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

a) O **prazo** de presentación de solicitudes será de **20 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.**

• Quinta. ***Contía das bolsas***

O Concello de Teo aboará as bolsas aos beneficiarios que reúnan todos os requisitos previstos na base segunda e presenten a súa solicitude dentro do prazo establecido na convocatoria xunto coa documentación requirida na base terceira.

Os importes máximos das axudas de ensino, por alumno/a e curso serán os que se reflicten na táboa seguinte:

CURSO	IMPORTE DA AXUDA
EDUCACIÓN INFANTIL (2º Ciclo)	150 €
1º A 6º DE PRIMARIA,1º, 2º, 3º E 4º DA E.S.O, PCPI, e outras	150 €

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 13/11/2026 09:27:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 13/11/2026 09:38:00)
Versión imprimible
CVD: 9X2mzsCAFHGKkKEqDLGa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

modalidades de ESO	
ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAL (minusvalía e/ou incapacidade = ou > do 33% do/a alumno/a)	200 €
BACHARELATO, F.P.	200€
UNIVERSIDADE, ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES	250€

Os importes das axudas de transporte, por alumno e curso determinaranse en función da situación do centro educativo, tal e como se indica na seguinte táboa:

DISTANCIA EN KMS	IMPORTE BOLSA
Centros situados fóra da área metropolitana de Santiago	250 €

- **Sexta.** ***Valoración das solicitudes***

Na valoración das solicitudes teranse en conta a renda per cápita familiar e o exercicio fiscal 2025. A renda per cápita familiar englobará os ingresos de todos os membros da unidade familiar, que se calcularán sumando a base impoñible xeral e a base impoñible de aforro das declaracións do IRPF correspondentes, divididos polo número de membros computables.

A renda per cápita familiar englobará os ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos polo número de membros computables.

Para o previsto nestas bases considérase que compoñen a **unidade familiar:**

- Os pais/nais non separados legalmente e, no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.
- Os fillos menores de idade, con excepción dos emancipados.
- Os fillos maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 13/11/2026 09:27:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 13/11/2026 09:38:00)
Versión imprimible
CVD: 9X2mzsCAFHGKkKEqDLGa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

- Os fillos solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a bolsa sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano 2025.
- No caso de familias monoparentais, para os efectos do cálculo da renda per cápita, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Considerarase familia monoparental aquel "*núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou as fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento" (artigo 13 da Lei 3/2011).* Para os efectos da *consideración da monoparentalidade,* e sempre que o fillo ou filla teña sido recoñecido por ambos/ambas proxenitores/as, no caso de non existir acordo xudicial algún no referido ao outorgamento da garda e custodia así como a atribución de pensión de alimentos en favor da/do menor estimarase como xustificación suficiente a declaración xurada do proxenitor/proxenitora/responsable legal solicitante, sen prexuízo de que a administración poida efectuar maiores comprobacións valéndose dos medios legalmente establecidos.
- No caso de ausencia de ambos os dous proxenitores, para os efectos do cálculo da renda per cápita, incrementarase nun 1,6 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.
- Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai, e todos os fillos de ambos proxenitores, que convivan con eles e que reúnan os requisitos do apartado anterior.
- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante da bolsa de axuda. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor (agás nos casos de custodia compartida).
- Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 13/11/2026 09:27:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 13/11/2026 09:38:00)
Versión imprimible
CVD: 9X2mzsCAFHGKkKEqDLGa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

- Nos casos de violencia de xénero, non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renta per cápita da unidade familiar.

A valoración das solicitudes presentadas efectuarase segundo o seguinte cadro de puntuacións:

Renda per cápita familiar	Puntuación
De 0 € a 5.000 €	6
De 5.001 € a 6.000 €	4
De 6.001 € a 8.000 €	2

As rendas per cápita superiores a 8.000€ non terán dereito a axuda de ensino, nin de transporte.

Ademais da renda per cápita teranse en conta as seguintes circunstancias sempre que se acrediten co correspondente certificado:

a) Si algún membro da unidade familiar ten unha minusvalía igual ou superior ao 33%, puntuarase esta circunstancia con 2 puntos adicionais.
a) Cando o pai/nai ou titor/a acrediten a situación de desemprego durante máis de seis meses no ano 2026 incrementarase a valoración con 2 puntos adicionais.

- **Sétima.** ***Importe máximo e crédito orzamentario***

O importe total para axudas de ensino e transporte prevese en **35.000 €**, e levarase a cabo mediante a tramitación anticipada de gasto que se imputará ao crédito do **exercicio 2027**, á aplicación orzamentaria 320/480.00, ao abeiro do establecido no artigo 56 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo). De acordo co mesmo, a concesión das axudas queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución da concesión.

- **Oitava.** ***Do procedemento de concesión das axudas***

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas serán valoradas pola comisión avaliadora conforme aos criterios establecidos na base 6ª. Posteriormente publicarase no taboleiro de edictos do concello unha lista provisional e abrirase un prazo de 10 días para subsanación de documentación. Transcorrido este prazo a comisión emitirá unha proposta definitiva que será fiscalizada pola Intervención municipal e de seguido procederase á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local así como á súa publicación no taboleiro de edictos do Concello.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 13/11/2026 09:27:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 13/11/2026 09:38:00)
Versión imprimible
CVD: 9X2mzsCAFHGKkKEqDLGa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

- **Novena.-*Compatibilidade***

A percepción destas axudas será **compatible** coa percepción doutras coa mesma finalidade que se poidan percibir doutras administracións.

- **Décima.-*Comisión avaliadora***

A comisión avaliadora das solicitudes e documentación estará formada por:

- A concelleira de Educación.
- O concelleiro de Deportes.
- A auxiliar administrativa de Cultura.
- Un técnico da área de deportes con experiencia en subvencións.

- ***Onceava.-xustificación***

A documentación xustificativa presentarase no mesmo momento da solicitude.

- Xustificantes esixidos para as **axudas de ensino:**

ALUMNOS DE:	TIPO DE XUSTIFICANTE
PRIMARIA, INFANTIL, ESO	Certificado de matrícula e facturas **orixinais ou copias cotexadas** que acrediten o gasto realizado en material escolar, libros ou contidos dixitais, ou **no seu caso certificado do gasto en material expedido polo centro educativo**
BACHARELATO,FP, PCPI, UNIVERSITARIOS,ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES, ALUMNADO CON NEE	Certificado de matrícula, ou resgardo de ter pagada a matrícula, selado pola entidade bancaria.

- Xustificantes esixidos para as **axudas de transporte:**

ALUMNOS DE:	TIPO DE XUSTIFICANTE
• BACHARELATO, FP, PCPI, UNIVERSITARIOS, ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES, E alumnos que cursen ESO en centros distintos aos de	Certificado de matrícula, ou resgardo de ter pagada a matrícula selado pola entidade bancaria.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 13/11/2026 09:27:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 13/11/2026 09:38:00)
Versión imprimible
CVD: 9X2mzsCAFHGKkKEqDLGa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Cacheiras e Pontepedriña, en modalidades que non existan nos anteriores.	

- ***Disposición derradeira***

Concederanse as presentes axudas ata o límite orzamentario previsto na aplicación orzamentaria destinada para tal fin no Orzamento Xeral do Concello de Teo para o ano 2027 (como tramitación anticipada de gasto). De verse superada esta contía na valoración das solicitudes, priorizarase a concesión de axudas ás unidades familiares que obteñan maior puntuación na valoración das solicitudes. A igual puntuación, terán prioridade as solicitudes con menor renda per cápita.

Teo, 27 de outubro de 2026
A concelleira de Educación
María Vázquez Rey

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE - CONVOCATORIA PÚBLICA COMPLEMENTARIA CURSO 2026/2027

DATOS DO/DA SOLICITANTE (PAI/NAI-TITOR/TITORA/ ALUMNOS ENTRE 18 A 25 ANOS)

NOME E APELIDOS	
NIF	
ENDEREZO	
e-MAIL	
TELÉFONO	
IBAN: CC:	

DATOS DO/A ALUMNO/A

NOME E APELIDOS	
CURSO	
CENTRO DE ESTUDOS	

AXUDA SOLICITADA:	**AXUDA DE ENSINO**
	AXUDA de transporte (só centros de ensino fóra da área metropolitana de Santiago)

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 13/11/2026 09:27:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 13/11/2026 09:38:00)
Versión imprimible
CVD: 9X2mzsCAFHGKkKEqDLGa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

- **DOCUMENTACIÓN <u>OBRIGATORIA</u> QUE SE ACHEGA** (marque cun x) (unha soa fotocopia para todas as solicitudes da mesma unidade familiar):

  - ⓪ Fotocopia do DNI do/da solicitante (pai/nai-titor/titora ou alumnado entre 18 e 25 anos.
  - ⓪ Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.
  - ⓪ Declaración responsable do/da solicitante segundo Anexo II.
  - ⓪ Informe que xustifique a imposibilidade de empregar o transporte metropolitano.
  - ⓪ Certificado que acredite o grao de minusvalía e/ou incapacidade nun grao igual ou superior ao 33% do/a alumno/a, se procede.

- Ingresos da unidade familiar (elixir a opción que corresponda, unha soa fotocopia para todas as solicitudes da mesma unidade familiar):

  - ⓪ Fotocopia da declaración da renda (IRPF) 2025.
  - ⓪ Certificado da AEAT de non ter presentado a declaración no que se acrediten os ingresos obtidos no exercicio 2025.
  - ⓪ Certificado da conta bancaria.
  - ⓪ Outra documentación xustificativa dos ingresos da unidade familiar.

- **DOCUMENTACIÓN <u>COMPLEMENTARIA</u> QUE SE ACHEGA** (marque cun x):

  - ⓪ Certificado que acredite o grao de minusvalía dalgún membro da unidade familiar (se procede).
  - ⓪ Certificado que acredite a situación de desemprego por período superior a 6 meses dalgún membro da unidade familiar (se procede) durante o ano 2026.
  - ⓪ Documentación acreditativa da situación de familia monoparental ou de ausencia de ambos os dous proxenitores.

- **XUSTIFICACIÓN <u>OBRIGATORIA</u> DAS AXUDAS DE ENSINO E TRANSPORTE:**

  - ⓪ Facturas orixinais ou copias cotexadas, ou certificado selado do gasto en material escolar, libros ou contidos dixitais, ou no seu caso certificado do gasto en material expedido polo centro educativo (alumnado de Primaria, Infantil e ESO)
  - ⓪ Certificado da matrícula expedido polo centro educativo (Bacharelato, FP e universitarios/as, ensinanzas artísticas superiores, PCPI e alumnado con NEE).

Teo, ...de .....de 2026

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 13/11/2026 09:27:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 13/11/2026 09:38:00)
Versión imprimible
CVD: 9X2mzsCAFHGKkKEqDLGa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO

Asdo.: .....

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D.ª_____, con NIF/pasaporte _____, pai, nai, titor/a do/a, dos/das alumno/a, alumnos/as, ou solicitantes de 18 a 25 anos_____

_____,

DECLARO:

1.-Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

2.- Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

3.- Estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

AUTORIZO:

- Ao concello de Teo para que realice as comprobacións oportunas en relación cos apartados anteriores, durante todo o período que dure o proceso de concesión e pago das axudas para o curso 2026/2027.

_____, _____ de _____ de 2026

Asdo.:

_____

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

_____

Segundo.- Ordenar a publicación das citadas bases no Boletín Oficial da Provincia, así como

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 13/11/2026 09:27:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 13/11/2026 09:38:00)
Versión imprimible
CVD: 9X2mzsCAFHGKkKEqDLGa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal.

4.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A secretaria xeral	A alcaldesa
Virginia Fraga Díaz	Lucía Calvo de la Uz

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 13/11/2026 09:27:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 13/11/2026 09:38:00)
Versión imprimible
CVD: 9X2mzsCAFHGKkKEqDLGa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/